



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de FEBREIRO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte de un de febreiro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(106).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión acta da sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(107).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10538/113.

Visto o informe xurídico de data 10/02/2025 e o informe de fiscalización do 18/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/02/2025, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da

Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 14/11/2024 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, inicia o expediente coa finalidade da contratación do servizo de mantemento de software desenvolvido internamente.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 13/11/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 07/01/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 07/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica, o Xefe da Área de Benestar Social e a Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, da Concelleira de Política Social, Turismo e Xuventude e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de data 08/01/2025.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 07/01/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 09/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 09/01/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 04/02/2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 14/11/2024 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de

contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento de software desenvolvido internamente, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 13/11/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 07/01/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 07/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica, o Xefe da Área de Benestar Social e a Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, da Concelleira de Política Social, Turismo e Xuventude e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de data 08/01/2025.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 07/01/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 09/01/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 09/01/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 04/02/2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **132.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **22.909,09 €**, dende o 1 de maio de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2025	Estudios e traballos técnicos	2310.2279900	22.314,05 €	4.685,95 €	27.000,00 €
2025	Mantemento Software propio	9320.2279901	30.991,74 €	6.508,26 €	37.500,00 €
2025	Mantemento Software	9207.2279902	55.785,12 €	11.714,88 €	67.500,00 €
Total			109.090,91 €	22.909,09 €	132.000,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **44.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **7.636,36 €**, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2026	Estudios e traballos técnicos	2310.2279900	7.438,02 €	1.561,98 €	9.000,00 €
2026	Mantemento Software propio	9320.2279901	10.330,58 €	2.169,42 €	12.500,00 €
2026	Mantemento Software	9207.2279902	18.595,04 €	3.904,96 €	22.500,00 €
Total			36.363,64 €	7.636,36 €	44.000,00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(108).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA TRANSFERENCIA Á ENTIDADE LOCAL MENOR BEMBRIVE CORRESPONDENTE AO ANO 2025. EXPTE. 20475/101.

Visto o informe xurídico do 30/01/2025 e o informe de fiscalización do 11/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/01/2025, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

O Concello de Vigo e a Entidade Local menor de Bembrive asinaron con data 18 de maio de 2007 un convenio de colaboración polo que, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprometéase a incluír nos orzamentos municipais unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC. Así mesmo, o convenio recollía na cláusula segunda as obrigas da Entidade Local Menor.

O convenio de colaboración que tiña unha vixencia de quince anos, expirou definitivamente o día 31 de decembro de 2021.

O artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que a facenda das entidades locais menores estará

constituída, entre outros, polos seguintes recursos: A participación nos impostos do Concello a que se refire a lexislación sobre facendas locais na contía que se estableza no Decreto de Creación. Esta participación non será, en ningún caso, inferior ao 25 por 100 dos que se devenguen no ámbito territorial da Entidade.

Non hai constancia da existencia dun Decreto de Creación da Entidade Local Menor de Bembrive. Non obstante, consta a existencia da acta de creación da Xunta Administrativa da Entidade Local Menor de Bembrive asinada o 12 de xuño de 1945, que achega no trámite nº 4 deste expediente. O antedito documento non recolle ningunha porcentaxe de participación nos impostos municipais aos que se refire a lexislación.

II.- Lexislación aplicable.

- Lei 5/1997 de 2 de xullo de Administración local de Galicia, artigos 163, 164.1.f) e 164.2
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido de Facendas Locais artigo 156 (Recursos das entidades de ámbito territorial inferior ao municipio).

III.- Informe

Con data 7 de xaneiro de 2025, a Entidade Local Menor de Bembrive solicitou o pagamento por transferencia da anualidade 2025 (documento nº 250004271), de conformidade co consignado no vixente orzamento municipal aprobado polo Pleno do Concello de Vigo por importe de 320.000,00 €.

Constan anexados ao expediente os seguintes documentos: Acta da sesión de constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive Acta da sesión núm. 6/2023 de Constitución da Xunta Veciñal da ELM de Bembrive 2023-2027, do día 14 de xullo de 2023; credenciais da Alcaldesa Pedánea; o CIF da entidade e o DNI da Alcaldesa pedánea.

Polo exposto, en cumprimento do establecido no artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa finalidade de a Entidade Local Menor de Bembrive poida atender ao esixido no artigo 163 da citada Lei 5/1997 de 22 de xullo, con data 10 de xaneiro de 2025 a xefa do departamento administrativo da Alcaldía solicitou á Dirección de Ingresos, informe sobre os importes percibidos no exercicio 2024 correspondentes á Entidade Local menor de Bembrive.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Con data 17 de xaneiro de 2025 a Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada achega o informe solicitado (tramite nº 7 do expediente), sobre os importes percibidos no exercicio 2024 e que serviron de base para a partida orzamentaria 9420 4680000 transferencias á Entidade Local Menor de Bembrive do vixente orzamento de 2024. Sendo o importe do 25% a que se refire o artigo 164.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia a cantidade de **319.918,82 €**

IV.- Fundamentos técnicos.

Primeiro.- Solicitude da Entidade Local Menor de Bembrive de pagamento por transferencia da anualidade correspondente ao ano 2024, anexado ao expediente 20475-101 no trámite nº 3.

Segundo.- Finalización o día 31 de decembro de 2021 do convenio de colaboración que cunha vixencia de quince anos, o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive asinaron con data 18 de maio de 2007 polo que, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprometéase a incluír nos orzamentos municipais unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC. Así mesmo, o convenio recollía na cláusula segunda as obrigas da Entidade Local Menor.

Terceiro.- Vixente orzamento municipal que dispón no programa 9420 (transferencias a Entidades Locais Territoriais) á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias a entidade local menor de Bembrive) dunha dotación de 320.000,00euros.

Cuarto.- Documentación achegada pola Entidade Local Menor de Bembrive: Acta da sesión de constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive Acta da sesión núm. 6/2023 de constitución da Xunta Veciñal da ELM de Bembrive 2023-2027; credenciais da Alcaldesa Pedánea; o CIF da entidade e o DNI da Alcaldesa pedánea.

Quinto.- Informe da Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada de data 17 de xaneiro de 2025 anexado no trámite nº 7 do expediente) sobre os importes percibidos no exercicio 2024 e que serviron de base para a partida orzamentaria 9420 4680000 transferencias á Entidade Local Menor de Bembrive do vixente orzamento de 2024. Sendo o importe do 25% a que se refire o artigo 164.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia a cantidade de **319.918,82 €**.

Sexto.- O importe da transferencia que ascende a **319.918,82 €** deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive).

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

“Autorizar unha transferencia por importe de **319.918,82 €** á favor da ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE en concepto de pagamento da anualidade 2025 con cargo á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(109).- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN RELACIONADOS CO “PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2024-2025”. EXPTE. 264380/301.

Visto o informe de fiscalización do 17/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/01/2025, asinado polo asesor xurídico adxunto a Benestar social, a xefa do Servizo, o xefe de Área e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 03.05.2024, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2024-2025», elaboradas polo Servizo de Be-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

nestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 264380/301). Foron publicadas no BOPPO nº 93, do 13.05.2024 e a convocatoria no BOPPO nº 157 do 13.08.2024.

I.2. O Programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor do Concello de Vigo está dirixido ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados do termo municipal de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2024 consignárase, na aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (–“*Becas libros, comedor*”), un crédito por importe de 1.427.7000€ destinado, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades.

I.4. Durante o prazo de presentación de solicitudes, que rematou o 12.09.2024, presentáronse un total de 3.311 para axudas de libros e material escolar e de 6.095 para bolsas de comedor, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Servizo de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.

I.5. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 28.11.2024).

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria do 09.12.2024 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Autorizar o incremento do gasto en 7.638,10€ no ano 2024 e a ampliación en 179.104,90 € do RCFUT 12024000079754 (951.299,13€) para o 2025.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 1.864.488 € (144.300€ de libros+material escolar e 1.720.188 € de comedor) distribuído por anualidades 734.083,97€ no ano 2024 e 1.130.404,03€ no ano 2025.

TERCEIRO: Axudas municipais de libros e material escolar, Curso 2024-2025:

2.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.443 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 144.300 € financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 – RC 12024000079749 (135.000,00€), á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (9.300€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente nº 274969/301 e remata co nº 274752/301.

2.2. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 1.863 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse tamén no Anexo I, que comeza co expediente nº 272642/301 e remata co nº 274905/301, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

CUARTO: Axudas municipais escolares de comedor, Curso 2024-2025:

3.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 4.038 alumnas/os que reúnen os requisitos esixidos e que se pagarán, no ano 2024 (589.783,97€), con cargo ó RC 12024000079751 (341.400,87€), RC 1202400006278 (93.799,13€), á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (73.368.62€) e á súa bolsa de vinculación (proxecto 23231002 – 81.215,35€).

O gasto de 1.130.404,03€ para axudas de comedor en 2025 (xaneiro-xuño 2025) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 12024000079754 (951.299,13€) proposto ampliar en 179.104,90 €.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II (comedor), que comeza co expediente nº 274969/301 e remata co nº 271129/301.

3.2. DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 2018 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente nº 271032/301 e remata co nº 273359/301, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

QUINTO: INADMITIR, por extemporáneas, as 23 solicitudes presentadas fóra de prazo e que figuran relacionadas no Anexo III, que comenza co nº de documento 240267068 e remata co nº 240331397.

SEXTO: Para o caso de que durante o Curso escolar 2024-2025 se producise unha situación extraordinaria que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (-“Becas, libros, comedor”).

SÉPTIMO: Publicar este acordo e a documentación complementaria de resolución desta convocatoria de axudas (Anexo IV) no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), identificándoas coa clave “L” e a subclave 22.

OITAVO: Este acordo pon fin á vía administrativa e contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á súa publicación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

I.7. Contra ese acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición, co contido que será obxecto de análise neste informe-proposta.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados (un total de 46) diríxense contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 09.12.2024, desestimatorio das súas solicitudes de concesión de axudas con cargo ás bases e convocatoria aprobadas.

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da axuda solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, debería entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a

Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido pola Comisión de Valoración (Acta do 29.01.2025), esta propón:

- Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 09.12.2024 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «Bases reguladoras para a concesión de Axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2024-2025» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reseñados na Base Sexta. O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36151378R (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36140005J (nº 26).
- Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº GF298672 (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 53189720N (nº 20), polas razóns que en cada caso se indican.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP e a proposta efectuada pola Comisión de Valoración, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 09.12.2024 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2024-2025» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reseñados na Base Sexta.

O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36151378R (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 36140005J (nº 26).

ANEXO I – RECURSOS DESESTIMADOS

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	N.º EXPEDIENTE	MOTIVO DESESTIMACIÓN
1	36151378R	240263496	269779-301	(Solicitado só para 1 neno, non para os 2)
2	53182085J	240254894	272060-301	g)
3	10076380B	240252550	268850-301	g)
4	36073734M	240249720	268541-301	g)
5	53199080B	240250875	273414-301	g)
6	36136985Y	240246915	268375-301	g)
7	39451139K	240249280	268470-301	g)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

8	Y3053650T	240250263	272716-301	a)
9	53172883B	240270039	275230-301	g)
10	70083783T	240244497	271069-301	g)
11	36165248W	240259575	273932-301	Soamente solicita comedor, non marca libros na solicitude
12	36148808F	240269744	275493-301	g)
13	36159022D	240264428	274648-301	e)
14	36088028Q	240269884	270071-301	g)
15	53191778T	240270782	270123-301	g)
16	39451269J	240245436	270304-301	g)
17	36154552R	240262994	273102-301	g)
18	53181924J	240251197	268693-301	g)
19	36102394F	240272512	274783-301	g)
20	36165853D	240250545	268618-301	g)
21	36121249W	240257300	269110-301	g)
22	36174801X	240274776	275786-301	Incompatibilidade Decreto 132/2013, do 1 de agosto
23	60132112S	240245852	271614-301	g)
24	76933094A	240251906	277485-301	g)
25	23038151V	240274883	274472-301	Non marcou na solicitude comedor (recurso extemporáneo)
26	36140005J	240246072	271457-301	g)

Requisito incumprido:

Base 6ª:

(e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.

(g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€). No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (5.630,40€).

SEGUNDO: Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. nº GF298672 (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 53189720N (nº 20) polas razóns que en cada caso se indican. O gasto que comportaría a estimación destes recursos finánciase con cargo ás baixas producidas neste Programa de axudas, polo que non supón incremento do mesmo. O gasto correspondente ás axudas de libros e material escolar (400€) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (–“*Becas libros, comedor*”).

ANEXO II – RECURSOS ESTIMADOS

Nº	DNI/NIE/PAS. Nº	DOC. Nº	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE/MES
1	GF298672	240269808	11/12/24	1	0,00 €	45,00 €
2	36167748H	240259125	15/12/24	1	0,00 €	45,00 €

3	53194262T	240250293	16/12/24	1	0,00 €	45,00 €
4	53185545T	240249318	16/12/24	1	100,00 €	45,00 €
5	53178629F	240253750	16/12/24	1	0,00 €	45,00 €
6	36128834C	240252094	16/12/24	1	0,00 €	45,00 €
7	53184005R	240250696	17/12/24	1	100,00 €	45,00 €
8	76901967H	240245403	19/12/24	1	100,00 €	0,00 €
9	36166997A	240275318	20/12/24	1	0,00 €	45,00 €
10	39463066B	240252352	20/12/24	1	0,00 €	90,00 €
11	Y2282604Y	240262140	23/12/24	1	0,00 €	45,00 €
12	X5737922C	240263965	24/12/24	1	0,00 €	45,00 €
13	36106196Z	240273744	29/12/24	1	100,00 €	90,00 €
14	36155244A	240247343	30/12/24	1	0,00 €	45,00 €
15	53187556X	240247044	09/01/25	1	0,00 €	45,00 €
16	34626825A	240271461	10/01/25	1	0,00 €	90,00 €
17	36137600T	240274745	14/01/25	1	0,00 €	90,00 €
18	36153911G	240252289	24/01/25	1	0,00 €	90,00 €
19	54506875A	240257968	24/01/25	1	0,00 €	45,00 €
20	53189720N	240261540	27/01/25	1	0,00 €	45,00 €
TOTAL					400€	

Códigos:

(1): Corrección de erro material. A explicación concreta do motivo de estimación dos recursos está recollida en cada un dos respectivos expedientes.

TERCEIRO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución dos recursos de reposición non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste acordo».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(110).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (TACGAL), RECAÍDA NO RECURSO INTERPOSTO NA CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE PRENDAS OU ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO DO PERSOAL FUNCIONARIO OU LABORAL ADSCRITO AOS DIFERENTES SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 42883/220.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Sométese a aprobación o proposta de data 18/02/2025, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 25/2025 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 9/2025, interposto por TECHNICALUNIFORMS SL contra a adxudicación do lote 4 da contratación da adquisición de prendas ou elementos que conforman o vestiario do persoal funcionario ou laboral adscrito aos diferentes servizos municipais así como outras, expediente 42883-220. Na mesma o TACGAL inadmite e desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto por TECHNICALUNIFORMS SL contra a adxudicación do lote 4 da contratación da adquisición de prendas ou elementos que conforman o vestiario do persoal funcionario ou laboral adscrito aos diferentes servizos municipais así como outras, expediente 42883-220 do Concello de Vigo

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación para continuar coa tramitación do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(111).- DAR CONTA DA SUCESIÓN DO CONTRATISTA NO CONTRATO DE SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL. EXPTE. 16269/445.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/02/2025, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 14 de xuño de 2024, acordou adxudicar a NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16.269-445).

O contrato formalizouse o 1 de outubro de 2024, por un prazo de 2 anos, comezando a súa execución o 2 de outubro, estando prevista unha prórroga dun ano de duración.

Segundo.- Con data do 27 de xaneiro de 2025, D. Agustín Alberto Salinas Costa, en representación de NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. presenta escrito (documento nº 250018928), no que pon en coñecemento desta Administración a venta do negocio a favor de RODI GALICIA, S.L.

Terceiro.- O 30 de xaneiro de 2025 o Servizo de Contratación require a NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. a presentación de documentación *"co fin de comprobar os requisitos esixidos no artigo 98 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público"*.

Cuarto.- O 14 de febreiro NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. presenta a seguinte documentación:

1. Escritura de constitución de LOUZÁN, S.A. de data 1 de marzo de 1984
2. Escritura de transformación de sociedade anónima en sociedade de responsabilidade limitada de data 1 de marzo de 2000
3. Escritura de cambio da denominación social de LOUZAN, S.L.U. en RODI GALICIA, S.L.U. de data 12 de marzo de 2021
4. Escritura de declaración de perda de unipersonalidade e cese e nomeamento de cargo do 6 de abril de 2021 (noméase administradores solidarios a D. Josep Esteve Oro e D. David Saumell Güel)
5. Escritura do 2 de xaneiro de 2025 de compraventa de negocio entre as sociedades "DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L.", "REDISALCO, S.L.", "NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.", "NEUMÁTICOS FIDE, S.L.", "NEUMÁTICOS FERVIGO, S.L.", como parte vendedora e a sociedade "RODI GALICIA, S.L.", como parte compradora, segundo contrato outorgado o día 23 de febreiro de 2024 no que conviñeron que a transmisión efectiva do negocio, incluído a subrogación de traballadores se levaría a cabo o día 2 de xaneiro de 2025 (consta o poder de representación do representante de RODI GALICIA, S.L.)
6. Contas anuais de RODI GALICIA, S.L. das anualidades 2022 e 2023 depositadas no Rexistro Mercantil para os efectos de acreditar a súa solvencia económica e financeira
7. Declaración asinada polo representante de RODI GALICIA, S.L. de non estar incurso en prohibición de contratar
8. Declaración de contratos similares aos do obxecto deste contrato xunto con certificados de boa execución para os efectos de acreditar a súa solvencia técnica e profesional

Quinto.- Constan no expediente os certificados e xustificantes de RODI GALICIA, S.L. de non existencia de débedas tributarias coa AEAT, ATRIGA e a facenda municipal, e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

coa Seguridade Social, así como o certificado do Rexistro de contratistas e empresas clasificadas do Sector Público.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

Primeiro.- Segundo o artigo 98 *“Supostos de sucesión do contratista”* da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público *“nos casos de división, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúe o contrato, que se subrogará nos dereitos e obrigas derivados dela, sempre que cumpra as condicións de capacidade, ausencia de prohibición para contratar e a solvencia requirida ao acordar a adxudicación ou que as distintas empresas beneficiarias das operacións mencionadas e, se subsisten, a empresa da que proceden os activos, empresas ou sucursais segregadas, son responsables solidarios da execución do contrato. Se a subrogación non se puidese producir porque a entidade á que se atribúe o contrato non reúne as condicións de solvencia necesarias, rescindirase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario”*.

Resulta acreditado no expediente que RODI GALICIA, S.L. reúne as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación:

- Capacidade: segundo o certificado do ROLECE e os estatutos recollidos na escritura de constitución o obxecto social é *“recauchutado o renovado de neumáticos, sus operaciones antecedentes o posteriores, el tratamiento de materias primas necesarias, su comercio aplicacion, transporte de sus productos, el comercio de estos u otros articulos para automoviles y la reparacion de estos. la venta, reparacion y alquiler de semiremolques. recogida y reciclado de neumáticos usados, así como fabricación y comercio de los productos derivados de los mismos. fabricación y comercio de todo tipo de elementos decorativos, aislantes y de todo uso”*.
- Non prohibición de contratar: foi presentada declaración responsable.
- Solvencia: consta acreditada tanto a solvencia económica coas contas depositadas no Rexistro Mercantil (entre outras, 2023 cun volume de negocios de 12.573.933,23 euros) como a solvencia técnica (mediante a presentación de certificados de contratos similares por importe de 70.396,70 euros en 2022), cantidades superiores ás esixidas para a adxudicación, 40.120,97 euros esixidos para ambas as dúas solvencias).

Foron incorporados polo Servizo de Contratación certificados de non existencia de débedas tributarias de RODI GALICIA, S.L. coa AEAT, ATRIGA e a facenda municipal, e coa Seguridade Social.

Segundo.- Segundo o artigo 98.1 da LCSP *“Cando como consecuencia das operacións mercantís ás que se refire o parágrafo primeiro se lle atribuíra o contrato a unha entidade distinta, a garantía definitiva poderá ser, a criterio da entidade outorgante da mesma, renovada ou reemplazada por unha nova garantía que se*

subscriba pola nova entidade téndose en conta as especiais características do risco que constituía esta última entidade. Neste caso, a antiga garantía definitiva conservará a súa vixencia ata que estea constituída a nova garantía”.

Terceiro.- A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP).

En base ás anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1. Tomar razón da sucesión do contratista outorgada por NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. a favor de RODI GALICIA, S.L. (compraventa de negocio) no contrato de subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16.269-445), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 14 de xuño de 2024.

2. A garantía definitiva constituída por NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. non será devolta mentres non se constituía a garantía de RODI GALICIA, S.L.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(112).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO CORRESPONDENTES AO ANO 2025. EXPTE. 98684/332.

Visto o informe de fiscalización de data 14/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/02/2025, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións da concelleira da Área de Goberno de Educación, iniciáronse os contactos coa dirección da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para colaborar novamente nunha edición máis con esta institución educativa no desenvolvemento do Programa de estancias lingüísticas no estranxeiro que promove o Concello de Vigo. Cómpre sinalar que esta iniciativa municipal supón unha continuidade na prestación da mesma, xa que en cumprimento da vontade manifestada pola Alcaldía de Vigo, o Concello de Vigo vén colaborando coa EOIV de xeito continuo e ininterrompido dende o ano 2009, mediante a convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais destinadas a financiar as actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino para o alumnado da EOIV que, cumprindo os requisitos específicos da convocatoria, posúe un mellor expediente académico.

Para esta finalidade, a EOIV elaborou un programa marco (**achégase Acta da reunión do 30/01/2025 da EOIV presentada no Rexistro electrónico co código de solicitude**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

W1241195-3593 e co nº de doc 250023091 en data de entrada 31/01/2025), que figura como **Anexo** nas Bases que se inclúen no presente expediente, consistente no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración en cidades do Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China. Esta institución calculou asemade, mediante consulta a provedores deste tipo de servizos, os custos/persoa para o desenvolvemento do programa e en función da porcentaxe de alumnado que ten matriculado por idioma e o volume de solicitudes por idioma que esta iniciativa municipal vén tendo en pasadas edicións, propuxo o número de beneficiarios/as das bolsas para cada lingua estranxeira.

Achégase ao presente expediente cadro ou estimación económica, tendo en conta prezos de mercado e balances das edicións anteriores, que serve de base para a determinación da contía, sobre a cal se fixaron as cantidades para cada bolsa, e finalmente foi redistribuída a contía total dispoñible entre os diversos destinos, e en función do número de bolsas para cada un deles.

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), nos seus artigos 25 e 26 recolle nos seus principios pedagóxicos que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizárase a comprensión e expresión oral. En consecuencia, o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira é un factor determinante para a adquisición dunha acreditada competencia plurilingüe, que posibilitará que o alumnado acade un nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita que vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

Por outra banda, o artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuír aos fins establecidos nesta lei.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional, que sen dúbida algunha constitúe un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global que demanda maior manexo e dominio doutras linguas.

En consecuencia estas estadías lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a capacidade comunicativa nas mesmas, convertendo ao alumnado de Vigo, ao entrar en contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para iso, todo o alumnado da EOIV beneficiario destas bolsas municipais levará ao país de destino información de carácter turístico de Vigo e relacionada coa promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento das actividades formativas nas localidades de inmersión lingüística, e igualmente achegarán ao persoal educativo responsable dos distintos

centros académicos formativos e residencias de estudantes en destino, distinto soporte documental específico en diversos formatos (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercicio das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.

- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV para o ano 2025, que nas súas edicións anteriores ten acadado óptimos resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación noutras linguas do alumnado vigués.

Con estas premisas, dende este Servizo Municipal de Educación, en contacto coa dirección da EOI de Vigo, redactáronse as Bases da convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2025, cuxa proposta de clausulado da convocatoria, obra no expediente **98684/332**.

O obxecto da proposta desta convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das bolsas “Concello de Vigo” nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e proceder a súa convocatoria.

A concesión destas bolsas de estudos efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

De acordo co disposto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2025 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto, o procedemento de concesión destas axudas rexerase polas súas propias Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En atención á especificidade da subvención e de acordo co disposto no artigo 20. 2. a) da LSG as bases reguladoras da subvención inclúense na convocatoria da mesma.

As Bases recollen todos os elementos necesarios para a selección dos beneficiarios/as das seguintes bolsas. As contías das bolsas son diferenciais en función do país de destino, habida conta de que os custos das actividades varían segundo sexa a estancia nun ou noutro país. As bolsas non tratan de cubrir todos os custes, senón aqueles que se estiman dentro dos elexibles e que constan nas bases.

Tramítase esta convocatoria de subvencións, que establece como límite superior das dotacións a cantidade de 88.250 euros que será aplicado con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2025.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .-€
20	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	34.000,00
6	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
5	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	8.500,00
8	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
3	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	4.350,00
6	Xapón	B1, B2	2.200,00	13.200,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
50				88.250,00 €

Tal e como se indica na primeira das Bases, os conceptos subvencionables para cada bolsa son os seguintes:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.

- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.

O voo dende Vigo poderá aterrizar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.
- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento en hoteis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Dun xeito resumido, as características básicas das bolsas son as seguintes:

- Dirixidas ao alumnado que curse os seus estudos no presente curso académico 2024-2025, na sede central da EOIV (avda. Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións;
 - En calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán.
 - En calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués.
 - En calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés.
 - No segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés.

Establécese un número de bolsas aproximadamente proporcional ao número de alumnos/as matriculados na EOIV nas distintas especialidades.

- Financiarase, ata o límite económico indicado para cada bolsa, a realización íntegra do “programa de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” promovido pola EOI de Vigo. Este programa esencialmente consta da estancia, alternativamente, en cidades de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China, coa realización dun curso especializado de perfeccionamento no idioma respectivo, impartido por unha entidade homologada no país de destino.
- Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.
- A realización efectiva por parte do alumnado do programa subvencionado deberá realizarse dentro do ano 2025 e, consecuentemente, a xustificación da subvención, deberá realizarse antes do remate do mes de outubro do ano 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Para acometer o gasto global de 88.250 euros na convocatoria do ano 2025, tramítase esta convocatoria de subvencións con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2025.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 88.250 euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 “Becas estudos internacionais EOIV” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión das 50 bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2025, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión das 50 bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2025, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2025 (expte. 98684/332).

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de bolsas, en réxime de concorrência competitiva, entre o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar parte dos seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.
- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.
- O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.
- Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.
- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.
- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento en hoteis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Estas bolsas municipais non contribuírán a sufragar gastos distintos aos estritamente mencionados anteriormente na presente base.

O programa deberá realizarse, dentro do ano 2025, e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .-€
20	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	34.000,00
6	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
5	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	8.500,00
8	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
3	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	4.350,00
6	Xapón	B1, B2	2.200,00	13.200,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
50				88.250,00 €

No caso de non se cubriren a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente e coa mesma dotación económica da bolsa que xerou a vacante, si este importe fose inferior, a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten lista de agarda.

E serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na listaxe de suplentes de calquera dos outros idiomas. No caso de producírense empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na listaxe de suplentes cuxa renda sexa menor. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade.

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria 2025, cuxa síntese se inclúe como Anexo das presentes bases.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 88.250 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 "Becas estudos internacionais" do exercicio de 2025.

TERCEIRA.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente **será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO**, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CUARTA.- Procedemento da concesión

O procedemento para a concesión destas bolsas será o de concorrência competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- Beneficiarios/as e requisitos

1. Os beneficiarios/as da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

I.- Estar empadroadado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2024, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

II.- Ter a maioría de idade legal de 18 anos na data de fin do prazo de presentación de solicitude da bolsa.

III.- Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (avda. Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2024-2025.

IV.- Ter aprobado un curso oficial presencial ou semipresencial na EOI de Vigo nos últimos 3 cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

V.- Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI.- Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións no mesmo idioma, ou nos últimos tres cursos académicos nun idioma diferente.

VII.- Non ter gozado nos tres últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII.- Que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no Formulario de Solicitude on line, en cuxo caso xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

IX.- Non estar incursas as persoas físicas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

X.- Estar situado nun lugar da orde de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesados/as.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das bolsas, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 da LXS e 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Facilitar toda a información que fose requirida polo Concello de Vigo no proceso de xestión e aboamento destas axudas.

- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Servizo de Educación a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a este e á Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das subvencións.

SEXTA.- Compatibilidade

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2025, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SÉTIMA.- Solicitudes e documentación

1. Solicitudes:

Para iniciar o proceso de presentación de solicitude durante o prazo habilitado ao efecto, os interesados deberán cubrir o formulario electrónico de uso obrigatorio a través da aplicación en liña dispoñible na páxina <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>. Unha vez cuberto este formulario, gravaranse os datos na aplicación en liña, o que permitirá ao interesado/a elixir posteriormente entre a presentación telemática a través da sede electrónica do Concello de Vigo ou presencial a través da oficina de rexistro.

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Entrando na ligazón web <https://www.vigo.org/solicitude-bolsaseoiv>, cubrir os campos requiridos, premer o botón “tramitar por internet” e acceder á carpeta cidadá para rexistrar o formulario de solicitude. (deberá dispoñer de certificado dixital, DNI electrónico, usuario e contrasinal do Concello...), sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na sede electrónica que se poden consultar na ligazón “https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=sede_firma”.

Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

- **Solicitude presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado na páxina web <https://escolas.vigo.org/bolsaseoiv>, deberase obrigatoriamente imprimir e asinar e, acompañado da documentación requirida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9:00 a 13:30 horas (previa cita nos teléfonos 010 / 986810260 / 986810100 ou na web “citaprevia.vigo.org”), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo postal, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o/a funcionario/a da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa “Vigo en Inglés” ubicada no Servizo municipal de Educación (a través do e-mail “vigoeningles@vigo.org”), xustificante do envío postal.

É imprescindible que o formulario de Solicitude vaia asinado, o que poderá facerse manual ou dixitalmente.

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOIV, así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

2. Documentación:

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar electronicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitude, na sede electrónica ou ben presentar fisicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro.

- Formulario de solicitude debidamente cuberto e asinado.
- Fotocopia simple do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- Xustificación de ingresos: unicamente aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar. No caso de non ter presentada a declaración da renda, teranse en conta os datos fiscais que proporcione a Axencia Tributaria. A non presentación da documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, dentro do prazo establecido, suporá a renuncia implícita de ser valorado neste apartado do baremo que se recolle no punto oitavo, e se lle outorgará cero puntos.
- Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:
 - A cualificación final acadada polo/a solicitante, no último curso oficial presencial ou semipresencial apto realizado nesta Escola, e desenvolvido nos 3 últimos cursos académicos, no idioma no que solicita a bolsa.
 - Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2024-2025.
- Fotocopia simple do libro de familia completo na que figuren todos os membros da unidade familiar (no caso de non ter libro de familia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade familiar) ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, convenio regulador ou sentenza de separación para acreditar a condición de familia monoparental, se é o caso.
- Certificados que acrediten que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia tributaria estatal, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social; só para os solicitantes que se opoñan expresamente á consulta e verificación telemática dos seus datos. Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello a obter os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas fiscais e Seguridade Social.
- Certificado de períodos de inscrición do Servizo Público de Emprego Galego que acredite a situación de desemprego e Informe de Vida Laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Documentación acreditativa do nº de conta bancaria co IBAN do/a solicitante.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e desfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas, ou ocultando aquelas que o impedisén, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custo da bolsa concedida e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Tramitación e emenda de solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que no prazo de 10 días hábiles, emende a solicitude ou acompañe os documentos preceptivos coa advertencia de que, no caso de non o facer, se entenderá que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

NOVENA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da nota do último curso oficial presencial ou semipresencial apto realizado nesta Escola e desenvolvido nos 3 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada: franxas de 0,35 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos tres cursos académicos, no idioma no que se solicite a bolsa.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; o nivel avanzado C1 do idioma portugués; o terceiro curso do nivel intermedio B1 ou o primeiro ou segundo curso do nivel B2 do idioma xaponés; así como o segundo ou terceiro curso do nivel intermedio B1 e o primeiro curso do nivel intermedio B2 do idioma chinés.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.

- Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:

 - No caso de levar en situación laboral de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos = 1 punto.

 - No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.

- Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado en 8.400,00.-€/ano: outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar de convivencia entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar de convivencia.

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

 - Categoría Especial = 1 punto

 - Categoría Xeral = 0,5 puntos

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental: outorgarase 0,5 puntos.

- Con todo, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ordenándose a lista por este criterio para adxudicar as bolsas restantes e tamén a listaxe de suplentes. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de maior idade. As bolsas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

- Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listaxes do seu resultado, formarase unha listaxe de suplentes ordenada pola puntuación final obtida para o caso de que existan baixas ou renuncias na listaxe inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.

DÉCIMA.- Comisión de Valoración

Coa finalidade de examinar e avaliar a documentación presentada polos solicitantes, constituirase unha Comisión de Valoración, que estará integrada pola concelleira delegada de Educación, Dña. Olga Alonso Suárez que actuará de presidenta; a xefa do Servizo de Educación, Dña. María José Loureiro Bada e o técnico do Servizo de Educación, D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, que actuará como secretario; serán vogais da mesma: a Directora da EOIV, Dña. Laura Torrado Mariñas, e a Vicedirectora da EOIV, Dña Helen Avery Burr.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto noveno e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional, na que se concretará o resultado da avaliación debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da bolsa, seguidas das solicitudes que aínda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a bolsa por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar a “listaxe de suplentes”, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor do/a beneficiario/a ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poida xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor/a técnico/a ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Concesión e resolución das axudas

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente terá examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, listaxe de suplentes ou denegadas con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instrutor, de conformidade co recollido na cláusula sétima, fará constar expresamente, que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

1. Listaxe do alumnado beneficiario das axudas.
2. Listaxe do alumnado suplente, con indicación da puntuación correspondente. Nesta listaxe figurará o alumnado que, reunindo os requisitos esixidos, non acadou un número de orde que lle permita ser adxudicatario/a da axuda.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

3. Listaxe de solicitudes denegadas por non reunir algún ou algúns dos requisitos exixidos neste convocatoria, con indicación das causas de denegación.

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, suplentes e denegadas.

Esta relación publicarase na páxina web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e no taboleiro de anuncios e web da EOI Vigo (www.eoidevigo.org). Igualmente, o órgano instrutor comunicará a publicación das listaxes a todo o alumnado solicitante, a través de SMS ou e-mail indicados na solicitude.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO SEGUNDA.- Aceptación ou renuncia da axuda

Os alumnos e alumnas aos que se lles adxudique a axuda definitiva, previo acordo da Xunta de Goberno Local, e polo tanto que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas, deberán tramitar no prazo habilitado ao efecto vía telemática no sitio web “<https://vigo.org/bolsaseoiv>” a aceptación ou renuncia expresa da axuda asignada. Para isto disporán dun prazo de 5 días, contados a partir do día seguinte da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

A non xustificación da aceptación da axuda mediante a tramitación do proceso anteriormente descrito, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á axuda adxudicada.

DÉCIMO TERCEIRA.- Xestión de prazas vacantes por renunciias

No caso de que un beneficiario/a definitivo de bolsa de calquera dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases renunciase á mesma, a bolsa vacante xerada por esta renuncia será ofertada por chamamento directo ao alumnado incluído na listaxe de suplentes do mesmo idioma no que se produce a renuncia, segundo a relación de listaxe de suplentes do dito idioma, aprobada pola Xunta de Goberno Local.

No caso de non existir listaxe de suplentes no idioma no que se produce a renuncia, a bolsa vacante acumularase automaticamente a calquera das outras linguas estranxeiras que presenten listaxe de suplentes, que serán ordenadas co criterio preferente de maior puntuación final obtida dos alumnos/as incluídos na listaxe de suplentes de calquera dos outros idiomas. No caso de se produciren empates na puntuación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na listaxe de suplentes cuxa renda sexa menor, e no caso de persistir o empate, darase preferencia ao solicitante de maior idade.

DÉCIMO CUARTA.- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a realización do obxecto da subvención, os beneficiarios/as deberán presentar ao remate da súa estadía de inmersión lingüística facturas orixinais, ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados e para os que se concedeu a subvención. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao carimbado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal carimbado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integralmente co programa aprobado pola EOIV.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

Este pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integralmente co programa aprobado pola EOIV.

O aboamento das contías subvencionadas farase efectivo mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada polo alumno/a beneficiario/a, da que deberá ser titular.

Se o importe total da xustificación é inferior ao importe concedido, só se aboará o importe xustificado.

En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa debera realizarse polo/a beneficiario/a antes do remate do mes de outubro do ano 2025. No caso de non presentala neste prazo, entenderase que renuncian a axuda.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade

1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org), así como nun diario local impreso de maior tirada.

A publicación do Extracto enviado pola BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas Bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

2. Publicidade das subvencións concedidas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo ano 2025) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

DÉCIMO SEXTA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO SÉTIMA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da/o beneficiaria/o da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de subvencións de Galicia. A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2024-2025 dará lugar ao reintegro da cantidade percibida.

DÉCIMO OITAVA.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente as *Bolsas do Concello de Vigo de estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), correspondentes ao ano 2025*.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición para os efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións Públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO NOVENA.- Disposición final

A presente convocatoria rexerese polas súas bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2025, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Estas bolsas de estudos están recollidas no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de marzo de 2024.

A presentación da solicitude implica que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria, e o cumprimento de todas as obrigas nelas establecidas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

ANEXO
PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.
(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. ANO 2025)

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo: Acta da Comisión de Valoración do "Programa Estancias Lingüísticas no Estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo das Bolsas "Concello de Vigo 2025" no día 30 de Xaneiro de 2025.

Características mínimas do Programa de Formación

Como mínimo cumprírase cos seguintes termos.

1. Curso de lingua

- Duración do curso contratado:** 2 semanas (días lectivos: luns - venres)
- Número mínimo de horas lectivas por semana contratadas:** 15 horas / semana (podendo ser divididas en leccións dunha duración mínima de 45 minutos, por exemplo 20 leccións de 45 minutos ou 18 leccións de 50 minutos)
- Duración mínima de cada lección:** 45 minutos.
- Número máximo de estudantes por aula:** 16 alumnos.
- Profesorado Nativo** na lingua de destino.
- Realización de Test de nivel.**
- Diploma acreditativo** da realización do programa.
- Características dos centro de estudos:**
 - Acreditación/certificación dos centros de estudo: No caso do Reino Unido debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes, nos que sexa posíbel, por algún organismo nacional ou internacional.
 - A localización: No centro das cidades dos destinos ou cerca da cidade con boa conexión.
 - Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento

O aloxamento dependendo do destino, poderá ser: **Hotel, hostel ou Residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos, con habitación dobre compartida e baño compartido. Deberá estar ben comunicado coa escola.**

3. Desprazamentos

O desprazamento poderá ser en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou avión dende o aeroporto de Vigo á cidade de destino, tanto na ida como na volta. Os desprazamentos internos ao longo da estadia formativo-lingüística quedan excluídos do Programa. Só nos destinos no Reino Unido e Irlanda, incluírase o desprazamento en autobús dende o aeroporto á residencia e viceversa.

4. Acompañamento

Nos destinos no Reino Unido ou Irlanda, acompañará un monitor da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas.

5. Seguros

Seguro médico e de asistencia en viaxe.

Distribución e desglose das cuantías económicas das bolsas por destino:

Nº de bolsas	Destino	Niveis Alumnado Beneficiario	Contía bolsa euros	Importe total euros
20	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	34.000,00
6	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00

S.ord. 21/02/2025

5	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	8.500,00
8	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
3	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	4.350,00
6	Xapón	B1, B2	2.200,00	13.200,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
50				88.250,00 €

Recoméndase aos posíbeis beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo 2025” contratar a prestación dos servizos da viaxe, curso e estadía cunha empresa ou entidade cualificada e especializada da súa libre e voluntaria elección, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa formativo-lingüístico aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (E0IV).

Entendemos que para cada beneficiario/a pode resultar unha tarefa complicada a xestión de xeito individual de toda a loxística organizativa que inclúe o desfrute da bolsa municipal (desprazamento, aloxamento en destino, escola que imparta o programa formativo validado pola E0IV, coberturas de seguros...), polo que se garante unha xestión máis efectiva e eficiente recorrendo a empresas especializadas do sector que teñen un coñecemento exhaustivo no campo da promoción do plurilingüismo, e da mobilidade noutros países co obxectivo de acceder ao coñecemento de linguas estranxeiras e á diversidade cultural.

Programa formativo: características específicas recomendábeis

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
Reino Unido / Irlanda	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.	20
Francia	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	6
Alemaña /Austria	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	5
Italia	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	8
Portugal	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	3
Xapón	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	6
China	Hotel ou hostel- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas	2

Total Bolseiros: 50



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Características Destinos / Estadías:		
Reino Unido / Irlanda		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	•Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo •A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council).	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas.	
Situación:	Deberá estar ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		20

Francia:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	•Test de Nivel e Diploma Acreditativo •A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d'industrie de Paris,...)	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		6

Alemaña / Austria		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		5

Italia:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	•Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
	Total Bolsas	8

Portugal:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	•Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
	Total Bolsas	3

Xapón:		
a. Características do curso:		
Ubicación:	No centro da cidade de destino	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana	
Duración mínima dunha lección:	45 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	•Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
	Total Bolsas	6



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

China:	
a. Características do curso:	
Ubicación:	No centro da cidade de destino
Duración Programa:	2 semanas
Tipo de Curso contratado:	Mínimo 15 horas / semana
Duración mínima dunha lección:	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	•Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Hostal- Residencias de estudantes ou piso/apartamento compartido, con habitación dobre e baño compartido, e sen comidas..
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 2	

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2025.

Primeiro. OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto destas axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional, a través do financiamento das actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino, a realizar dentro do ano 2025 e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2025.

Segundo.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

Terceiro.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 88.250 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 "Becas estudos internacionais EOIV" do exercicio de 2025.

Cuarto.- NÚMERO DE BOLSAS, DESTINOS E CONTÍA.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .- €
20	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	34.000,00
6	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00

5	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	8.500,00
8	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
3	Portugal	B2, C1, C2	1.450,00	4.350,00
6	Xapón	B1, B2	2.200,00	13.200,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
50				88.250,00 €

Quinto.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.

- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas, e o desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.

- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

- Aloxamento en hoteis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.

- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Sexto. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta bolsa o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico: en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

Os demais requisitos que deben cumprir os/as beneficiarios/as da presente convocatoria recóllense na base quinta das que a rexen.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Sétimo.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Oitavo.- DOCUMENTACIÓN.

A documentación que corresponda presentar en cada caso relaciónase na base sétima das que rexen a presente convocatoria.

Noveno.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO.

O Servizo municipal de Educación será o encargado da instrución do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración.

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente terá examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria, con listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Décimo. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da nota do último curso oficial presencial ou semipresencial apto realizado nesta Escola e desenvolvido nos 3 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.
- Engadiranse á cualificación final acadada: franxas de 0,35 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos tres cursos académicos, no idioma no que se solicite a bolsa.
- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; o nivel avanzado C1 do idioma portugués; o terceiro curso do nivel intermedio B1 ou o primeiro ou segundo curso do nivel B2 do idioma xaponés; así como o segundo ou terceiro curso do nivel intermedio B1 e o primeiro curso do nivel intermedio B2 do idioma chinés.
- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.
- Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:
 - No caso de levar en situación laboral de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos = 1 punto.
 - No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.

- Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado en 8.400,00.-€/ano: outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base impositible xeral máis a base impositible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

- Categoría Especial = 1 punto

- Categoría Xeral = 0,5 puntos

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental: outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.

Décimo primeiro. PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org), así como nun diario local impreso de maior tirada.

A publicación do Extracto enviado pola BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Décimo segundo.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O alumnado da EOIV beneficiario das bolsas deberá xustificar ata o 31 de outubro de 2025 (incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Décimo terceiro.- PAGAMENTO.

O pago da contía total da subvención ao alumnado da EOIV que resulte beneficiario/a terá lugar tras a xustificación polo/a alumno/a da EOIV beneficiario/a, da realización da actividade para a que se concedeu a subvención, achegando a documentación preceptiva para elo establecida nas bases da convocatoria.

Décimo cuarto.- RECURSOS PROCEDENTES.

Contra as bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Décimo quinto.- NORMATIVA E BASES REGULADORAS.

Esta convocatoria rexerá polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA xx/xx/2025 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV). ANO 2025.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Código BDNS xxxxxx

Primeira.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Segunda.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 88.250,00 € (oitenta e oito mil douscentos cincuenta Euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 “Becas estudos internacionais EOIV” do exercicio 2025.

Terceira.- BENEFICIARIOS.

Alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico: en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés e alemán; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas italiano e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

Cuarta.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

Quinta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Sexta.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web www.vigo.org, e na web www.eoidevigo.org.

Sétima.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

O alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar ata o 31 de outubro de 2025 (incluído).

OITAVA.- PAGAMENTO.

Ao pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a podería aplicarse á retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida na súa declaración de IRPF.

8.- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2025”. EXPTE. 21311/77.

Visto o informe de fiscalización do 11/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/02/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto:

A Concellería delegada da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas presenta a convocatoria de **Axudas Municipais á Contratación 2025**, que se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, dando continuidade á súa actividade



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras empadroadas no Concello de Vigo sexan desempregadas ou non, favorecendo a súa inserción laboral ou a súa estabilidade no emprego, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas, as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

A persoa solicitante poderá optar a esta convocatoria de axudas nas seguintes modalidades:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos; como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixiranse a beneficiarios/as que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025, a persoas traballadoras, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

B) Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas; nesta modalidade, as axudas dirixiranse a beneficiarios/as que contraten, a persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo. Comprenderá as contratacións que se realicen dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025 e requirirá, con anterioridade á contratación, a presentación da correspondente oferta de emprego ante a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou ante o Servizo Público de Emprego (SPEG) para a selección da persoa traballadora.

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral; beneficiarase desta axuda á solicitante que no período comprendido entre o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025 mellore as condicións do contrato formalizado coa persoa traballadora pola que solicita a axuda por medio do incremento da xornada laboral, pasando de tempo parcial á xornada completa; ou ben, no caso de contrato fixo discontinuo por medio do incremento a un mínimo de 9 meses a xornada completa, así como a transformación do contrato indefinido fixo discontinuo a un contrato indefinido ordinario a xornada completa

IV. Finalidade:

A presente convocatoria pretende apoiar e reforzar a empregabilidade, así como, mellorar as condicións laborais da cidadanía empadroadada no Concello de Vigo, pero con especial atención aos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Atendendo á experiencia da Concellería delegada da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, defínense os seguintes colectivos de atención prioritaria e, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego: mulleres, menores de 30 anos e maiores de 45 anos, persoas con diversidade funcional, persoas trans e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social. Neste sentido as contías das axudas resultan de valorar cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios, segundo o programa solicitado, como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario da Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Asemade, nesta convocatoria mantense o incentivo ás empresas que reúnan as características de micropeme.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, en calquera dos seus programas, no réxime de **concorrenza competitiva**, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto aao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.1 e 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto da convocatoria anterior son:

Na *Base 3ª. Apartado 3.6* se engade que tanto a empresa como as persoas promotoras se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, agás as formas xurídicas SL, SLL e SA nas que só referirase á sociedade.

Na *Base 4ª* o período obxecto de subvención, en todos os programas, segue o seu carácter de continuidade respecto á convocatoria que lle precede polo que se inicia desde o 1 de xullo de 2024.

Na *base 4ª. apartado b.1* incorpórase o parágrafo: “- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na base 4ª, apartado b.2. Tipos e contías da axuda” que tamén se inclúe nos apartados a.1 e c.1.

Na base 4ª. apartados a.2, b.2 e c.2. *Tipos e contías da axuda* se substitúe o termo discapacidade polo de “diversidade funcional”, así como, se aumenta a contía de incremento por colectivo respecto da convocatoria anterior.

Na base 4ª. apartado b.3.2 se incorpora o apartado i) relativo á acreditación da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados na base b.2, que tamén se inclúe nos apartados a.3.2 e c.3.2., como información necesaria para calcular a contía da axuda que corresponda polo que se elimina a solicitude desta documentación na base 9ª, apartado d).

- Na base 4ª apartado c.1. se incorpora unha nova liña de axuda: “A transformación do contrato indefinido fixo descontinuo nun contrato indefinido a xornada completa” que completa as opcións de mellora do emprego.

- Na base 4ª apartado c.3.2. na documentación requirida relativa á persoa traballadora pola que se solicita a axuda modifícase a redacción do apartado f) ao requirir ademais do documento acreditativo do incremento da xornada laboral, o documento do incremento da duración do contrato fixo-descontinuo ou da transformación a contrato indefinido a xornada completa; a estes efectos, mantense a conformidade á Orde ESS/1727/2013 de 17 de setembro, que establece a relación de datos obrigatorios a comunicar aos Servizos Públicos de Emprego, un escrito de variación de xornada e horario asinado por empresa e traballador sería suficiente para evitar posibles sancións, aínda que se recomenda levar unha copia do mesmo ao SEPE.

- Na base 15ª súmase á asignación orzamentaria 2410 4700006 Axudas á Contratación por importe de 235.000,00 € a contía de 7.000,00 € con cargo á bolsa de vinculación, polo que acada un montante total de 242.000,00 €. Deste xeito, auméntanse os montantes de cada programa de axuda tomando como referencia ó outorgamento destas axudas en convocatorias anteriores, favorecendo ó incremento da contía a conceder por colectivo.

Actualízase o contido do *Anexo I* conforme a estas bases reguladoras e convocatoria.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2024 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2025 destas "Axudas Municipais á contratación" destínase un importe total de **242.000,00€** (douscentos corenta e dous mil euros) que corresponde á partida orzamentaria 2410 470 00 06 denominada "Axudas á contratación" cun montante de 235.000,00 € e con cargo á bolsa de vinculación do vixente orzamento que se distribuirán segundo á modalidade de subvención:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **142.000,00€** (cento corenta e dous mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos para a contratación indefinida cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **60.000,00€** (sesenta mil euros)

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegaranse as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Axudas Municipais á Contratación” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, nos termos da delegación de competencias do 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 242.000,00 € (douscentos corenta e dous mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700006 "Axudas á contratación" e con cargo á bolsa de vinculación dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2025.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Contratación 2025, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Contratación" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- 1.A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- 2.As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- 3.Os modelos de formularios oficiais facilitaranse na páxina web (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2025

INDICE

BASE 1ª. OBXECTO

BASE 2ª. BENEFICIARIAS

BASE 3ª. REQUISITOS XERAIS

BASE 4ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A. PROGRAMA INDEFINIDOS: INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS

- a.1. Características e requisitos específicos
- a.2. Tipos e contías da axuda
- a.3. Solicitude e documentación

B. PROGRAMA CONTRATACIÓNS: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS

- b.1. Características e requisitos específicos
- b.2. Tipos e contías da axuda
- b.3. Solicitude e documentación

C. PROGRAMA MELLORA: INCENTIVOS PARA A MELLORA DA ESTABILIDADE LABORAL

- c.1. Características e requisitos específicos
- c.2. Tipos e contías da axuda
- c.3. Solicitude e documentación

BASE 5ª. OBRIGAS

BASE 6ª: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

BASE 7ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

BASE 8ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN E CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

BASE 9ª. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

BASE 10ª ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNS DE CONCESIÓN

BASE 11ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

BASE 12ª. PUBLICIDADE

BASE 13ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

BASE 14ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 15ª. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

BASE 16ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I. SOLICITUDE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

ANEXO II. CONSULTA DO PADRÓN MUNICIPAL

ANEXO III. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INFORMACIÓN DA CONDICIÓ DE MICROPEME

ANEXO IV. OFERTA DE EMPREGO

ANEXO V. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (P. CONTRATACIÓNS)

ANEXO VI. INFORMACIÓ Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓ CONCEDIDA (xustificaci3n)

BASE 1ª. OBXECTO

As presentes bases reguladoras e a convocatoria do programa de "AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓ" no marco da actuaci3n municipal para o ano 2025, se integran na liña 2.6. Atenci3n aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvenci3ns (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesi3n ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contrataci3n, favorecer a mellora das condi3ns e o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo, outorgando especial atenci3n ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformaci3n de contratos temporais en indefinidos
- B) Programa Contrataci3ns: incentivos para a contrataci3n indefinida de persoas traballadoras desempregadas
- C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral

BASE 2ª. BENEFICIARIAS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, con independencia da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional que reúnan os requisitos e obrigas da convocatoria.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas^(*), as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

() Empresa con 250 traballadores ou máis e un volume de facturaci3n anual superior aos 50 millóns de euros ou un activo total que supera os 43 millóns de euros.*

BASE 3ª. REQUISITOS XERAIS

Para solicitar a subvención e obter a condición de beneficiaria da axuda se reunirán os seguintes requisitos:

3.1. Que o centro de traballo da persoa traballadora pola que se solicita a axuda estea no termo municipal de Vigo.

3.2. Acreditar que a persoa traballadora estea empadroadada no Concello de Vigo cando menos desde ó 1 de xaneiro de 2024.

3.3. As condicións para o incremento da contía da axuda segundo o colectivo no que se encadre a persoa traballadora concorrerá no momento do inicio da relación laboral, da transformación do contrato temporal en indefinido ou da mellora das condicións do contrato, segundo o programa de axudas solicitado.

3.4. No poderán obter a condición de beneficiaria as persoas ou entidades, independentemente da súa forma xurídica, nas que concurra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

3.5 Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

3.6. Que se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social a empresa e as persoas promotoras; no caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirase á sociedade. Cada persoa interesada poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Cada interesada autorizará expresamente ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social que reflectirá no Anexo I. Noutro caso, presentará a correspondente certificación que acredite que está ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

A solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, a solicitante desta axuda autoriza á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

3.7. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para formalizar un convenio de colaboración, para o fomento do emprego.

BASE 4ª. PROGRAMAS DE AXUDAS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

A) PROGRAMA INDEFINIDOS: INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS

a.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a **transformación a contrato indefinido** no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025** do contrato temporal previo formalizado e, de ser o caso, xunto as súas prórrogas en calquera das modalidades contractuais vixentes realizado á persoa traballadora pola que se solicita a axuda.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

- O contrato indefinido terá unha xornada laboral igual ou superior á xornada laboral do contrato temporal que lle precede; sempre que a xornada laboral do contrato indefinido sexa igual ou superior ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroadada no municipio de Vigo cando menos desde ó 1 de xaneiro de 2024 e prestará servizos no mesmo.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base 4ª, apartado a.2. Tipos e contías da axuda*.

a.2. Tipos e contías da axuda

TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO	CONTÍA
Persoa traballadora empadroadada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO ²	CONTÍA
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ³	500,00 €
• Persoa con diversidade funcional ⁴	500,00 €
• Persoa trans ⁵	500,00 €
• Muller	500,00 €
• Vítima de violencia de xénero ⁶	500,00 €
Importe Máximo Total	4.500,00 €

- (1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde ó 01/01/2024.
- (2) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.
- (3) A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.
- (4) Persoa con diversidade funcional que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- (5) Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.
- (6) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Á **persoa emprendedora autónoma e a micropeme (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e a micropeme ⁷	500,00 €

⁽⁷⁾ Empresa cun persoal máximo de 9 traballadores e un volume de facturación (anual) o un activo total inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden á transformación a contratos indefinidos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que a súa duración sexa igual ou superior ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a transformación de contratos realizados a persoas con diversidade funcional ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

a.3. Solicitud e documentación

a.3.1. Solicitud

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentárase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

a.3.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

Documentación relativa á empresa:

- **Anexo I. Solicitude:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- **A persoa xurídica** achegará **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

No caso de **poderes mancomunados** o formulario de solicitude presentárase asinado pola persoa que teña a sinatura electrónica que representa á entidade e fará constar os datos de todas as persoas representantes.

- No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante e pola persoa autorizada.

- **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, con data posterior á transformación do contrato temporal a indefinido para o que se solicita a subvención.

- **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

- Copia dos **contratos de traballo** (temporal inicial, prórrogas e transformación da modalidade de contrato a indefinido) no modelo establecido e rexistrados no Servizo Público de Emprego.

Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

- **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados na *base 2ª, apartado a.2.* destas bases reguladoras e convocatoria.**
- **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención ou, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copia electrónica da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os anexos asinaranse **electronicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración requirirá a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou doutros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, requiriranse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante requirirá calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta *base a.5*, seralle requirida á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

B) PROGRAMA CONTRATACIÓNS: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS

b.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a contratación indefinida, no período comprendido **entre ó 1 de xullo de 2024 e ó 30 de xuño de 2025**, de persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

emprego no Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo.

- O contrato subscrito terá unha xornada laboral superior ou igual ao 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio colectivo de aplicación.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda resultará seleccionada entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o Servizo Público de Emprego de Galicia polo que previo á contratación da persoa traballadora se remitirá a correspondente oferta de emprego. Se a partir da/s oferta/s de emprego presentada/s non se obtivesen candidaturas co perfil requirido, a empresa solicitante poderá contratar a unha persoa traballadora que resulte seleccionada do seu proceso de selección e cumpra cos requisitos desta convocatoria.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que se determinen na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda: estar desempregada, empadroada no Concello de Vigo cando menos desde ó 1 de xaneiro de 2024 e prestar servizos no municipio.

- A contía da axuda determinarase segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base b.2. Tipos e contía da axuda*.

- Toda contratación deberá ir precedida, inescusablemente, do procedemento de selección sinalado nestas bases.

Para as contratacións de persoal realizadas dentro do período a subvencionar e/ou previas á publicación desta convocatoria, as entidades solicitantes da axuda acreditarán o cumprimento do proceso da presentación da oferta de emprego no SPEG e/ou na Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego concorrendo, no persoal contratado, os requisitos da convocatoria.

Acreditarase cada contratación de persoal realizada dentro do período a subvencionar nesta convocatoria, por medio da presentación da oferta de emprego no SPEG e/ou na Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego debendo concorrer, en todo caso, no persoal contratado, os requisitos da convocatoria.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica na *base 4ª, apartado b.2. Tipos e contías da axuda*.

Quedan excluídas as contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación nos casos de sucesión de empresas previsto no art. 44 do RDL 2/2015, do 23 de outubro.

b.2. Tipos e contías da axuda

CONTRATO INDEFINIDO ¹	CONTÍA
----------------------------------	--------

Persoa traballadora desempregada empadroada en Vigo ²	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO³	CONTÍA
• Primeiro empregado/a da empresa	500,00 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ⁴	500,00 €
• Persoa con diversidade funcional ⁵	500,00 €
• Persoa trans ⁶	500,00 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social ⁷	500,00 €
• Muller	500,00 €
• Vítima de violencia de xénero ⁸	500,00 €
• Participante de programa da concellería	500,00 €
Importe Máximo Total	6.000,00 €

⁽¹⁾ Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

⁽²⁾ Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, desde ó 01/01/2024.

⁽³⁾ O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

⁽⁴⁾ A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.

⁽⁵⁾ Persoa con diversidade funcional que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

⁽⁶⁾ Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

⁽⁷⁾ Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

⁽⁸⁾ Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Toda contratación deberá ir precedida, inescusablemente, do procedemento de selección previsto conforme a *Base b.1.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

A **persoa emprendedora autónoma e micropeme (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500 €** que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e micropeme ⁹	500,00 €

⁽⁹⁾ Empresa cun persoal máximo de 9 traballadores e un volume de facturación (anual) o un activo total inferior a 2 millóns de euros.

Os importes de subvención detallados nas táboas corresponden a contratos a xornada completa. No caso de contratos a xornada parcial o importe da subvención será proporcional á porcentaxe da xornada laboral, sempre que teñan unha duración mínima do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a transformación de contratos realizados a persoas con diversidade funcional ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

b.3. Solicitud e documentación

b.3.1. Solicitud

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentárase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

b.3.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I. Solicitud:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) A **persoa xurídica** achegará **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

No caso de **poderes mancomunados** o formulario de solicitude presentárase asinado pola persoa que teña a sinatura electrónica que representa á entidade e fará constar os datos de todas as persoas representantes.

c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegárase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante e pola persoa autorizada.

d) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención ou, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.

e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

f) **Anexo IV. Oferta de emprego** presentada ante o **Concello de Vigo e/ou Ficha de oferta de emprego** presentada ante o **SPEG** con data anterior á contratación da persoa traballadora e a presentación da solicitude da axuda en cumprimento da *base b.1*.

g) **Anexo V. Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención.**

h) Para o contrato fixo discontinuo, no caso de que non estea especificado, indicárase o tempo de traballo efectivo anual en semanas e a xornada laboral estimada a efecto de determinar a contía da axuda.

i) **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados na base b.2.** destas bases reguladoras e convocatoria.

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os anexos **asinaranse electronicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración requirirá a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante consultará ou recollerá estes documentos agás que o interesado se



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, requiriranse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante requirirá calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base b.5, requirirase á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

C) PROGRAMA MELLORA: INCENTIVOS PARA A MELLORA DA ESTABILIDADE LABORAL

c.1. Características e requisitos específicos

- Comprende a axuda para a mellora da estabilidade laboral que se produza, no período comprendido desde ó **1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025**, a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato formalizado de tempo parcial a tempo completo conforme o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.
- A transformación do contrato indefinido fixo descontinuo nun contrato indefinido a xornada completa.

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda estará empadroadada no Concello de Vigo cando menos desde ó 1 de xaneiro de 2024, e prestará servizos no municipio.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa traballadora, tal e como especifica a *base c.2. Tipos e contías da axuda*.

c.2. Tipos e contías da axuda

PROGRAMA MELLORA	CONTÍA
Persoa traballadora empadroada en Vigo ¹	2.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO ²	CONTÍA
• Primeiro empregado/a da empresa	500,00 €
• Idade menor de 30 anos ou maior de 45 anos ³	500,00 €
• Persoa con diversidade funcional ⁴	500,00 €
• Persoa trans ⁵	500,00 €
• Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social ⁶	500,00 €
• Muller	500,00 €
• Vítima de violencia de xénero ⁷	500,00 €
Importe Máximo Total	5.500,00 €

⁽¹⁾ Persoa empadroada no municipio de Vigo, cando menos, desde ó 01/01/2024.

⁽²⁾ O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

⁽³⁾ A idade, menor de 30 ou maior de 45 anos, deberá concorrer no momento da formalización do contrato.

⁽⁴⁾ Persoa con diversidade funcional que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

⁽⁵⁾ Persoa trans acreditará a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer ante o Rexistro Civil.

⁽⁶⁾ Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas receptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

⁽⁷⁾ Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

A **persoa emprendedora autónoma e micropeme (*)** corresponderalle unha **contía adicional de 500€** que será de aplicación unha soa vez con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades desta axuda.

DIMENSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE	CONTÍA
Persoa emprendedora autónoma e micropeme ⁸	500,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

⁽⁸⁾ Empresa cun persoal máximo de 9 traballadores e un volume de facturación (anual) o un activo total inferior a 2 millóns de euros.

Como caso excepcional e previa xustificación, poderase subvencionar a mellora de contratos realizados a persoas con diversidade funcional ou en situación ou risco de exclusión social cunha duración da xornada laboral inferior á establecida, sempre que sexa igual ou superior ao 30% da xornada laboral recollida no convenio colectivo de aplicación.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

c.3. Solicitud e documentación

c.3.1. Solicitud

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A solicitude de subvención e documentación complementaria presentarase debidamente cumprimentada, mediante os modelos oficiais aprobados nestas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinaranse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

c.3.2. Documentación

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

Documentación relativa á empresa:

a) **Anexo I. Solicitud:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico para poder enviar un aviso da posta á disposición das notificacións electrónicas e coa autorización expresa para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) A **persoa xurídica** achegará **poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en representación da entidade** de quen asina a solicitude.

No caso de **poderes mancomunados** o formulario de solicitude presentarase asinado pola persoa que teña a sinatura electrónica que representa á entidade e fará constar os datos de todas as persoas representantes.

c) No caso de solicitude da axuda por medio de terceiros achegarase documento acreditativo de **autorización de representación** asinado pola persoa outorgante e pola persoa autorizada.

d) **Informe de vida laboral do código de conta de cotización** onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, con data posterior á mellora do contrato para o que se solicita a axuda.

e) **Anexo III. Declaración responsable de información da condición de micropeme**, se procede.

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

f) Copia do **contrato de traballo vixente** e, de ser o caso, das súas prórrogas rexistrados no Servizo Público de Emprego, e do **documento acreditativo do incremento da xornada laboral, da duración do contrato fixo-descontinuo ou da transformación a contrato indefinido a xornada completa**.

g) **Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza** da persoa traballadora **a algún dos colectivos especificados na base c.2.** destas bases reguladoras e convocatoria.

h) **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora pola que se solicita subvención **ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente

Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- Os **anexos asinaranse electronicamente polo representante legal da empresa antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración requirirá a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou recoller estes documentos agás oposición do interesado. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou doutros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, requiriranse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante requirirá calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta *base a.5*, seralle requirida á solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

BASE 5ª. OBRIGAS

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 LXS e 11 LSG, as que seguen:

5.1. De ser o caso, acreditar a pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados nos apartados a.2, b.2 e c.2 para o incremento da axuda.

5.2. Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

5.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. Para os casos de xornada parcial poderase incrementar a devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral. Igualmente, conforme á *base 10ª*, no caso de producirse a substitución de traballadores manterase ou incrementarase a xornada pactada para a persoa traballadora substituta.

5.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

5.5. Manter á persoa contratada no seu cadro de persoal durante un período mínimo de dous anos desde o inicio, do contrato temporal ao indefinido ou desde a mellora das condicións ou, de ser ao contrario, cumprir coas condicións establecidas na *base 10ª*.

5.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

5.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que se manteña o contrato obxecto de subvención.

5.8. As persoas traballadoras por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos polo Concello de Vigo, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

5.9. Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e deberá manterse exposto ata o 31 de xuño de 2026.

5.10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

5.11. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

BASE 6ª: PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata o 11 de xullo de 2025.**

BASE 7ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contractuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como as que se subscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.
- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma sen asalariados e contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos/as menores de 30 anos, tanto se conviven con ela coma se non.
- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- No Programa Contratacións, as contratacións indefinidas iniciais que se realicen con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación nos casos de sucesión de empresas previsto no art. 44 do RDL 2/2015, do 23 de outubro.

Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatíbeis, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

Son compatíbeis cada unha das modalidades de axuda sempre que non se solicite para a mesma persoa traballadora.

As entidades beneficiarias comunicarán ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

BASE 8ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN E CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

8.1. Instrución e tramitación das axudas

➤ O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e a publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

➤ A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

➤ A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

➤ Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorren dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

➤ Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista da cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local.

➤ En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

➤ En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da súa solicitude e será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

➤ O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

➤ Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

➤ A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será obxecto de **publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org**,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días** a contar **desde o día seguinte ao da súa publicación** a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo sinalado de conformidade coa **base 9ª**.

O prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata o 30 de outubro de 2025.

8.2. Comisión de Valoración e Seguimento

A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas realizarase pola **Comisión de Valoración e Seguimento**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

1. Presidente: A/o concelleira/o delegada/o da Área de Emprego ou concelleiro/a en quen delegue.

2. Vogais: - A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretaria/o.

- Un/Unha técnico/a da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión contará co voto de calidade da/o concelleira/o, que será resolutivo.

A/O concelleira/o delegada/o da área resolverá o nomeamento dos/as titulares e suplentes da referida comisión.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirle á beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se lle concedeu a subvención.

8.3. Criterios obxectivos de adxudicación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de **concorrenza competitiva**, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario para iso.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

BASE 9ª. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O PAGAMENTO DA AXUDA

A beneficiaria da axuda está obrigada, **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao da súa publicación a comunicar á unidade Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, segundo o programa que corresponda e no prazo sinalado:

A) PROGRAMA INDEFINIDOS

1. **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**
2. **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**
3. **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o cartel informativo que manterase exposto cando menos ata ó 31 de xuño do 2026.

B) PROGRAMA CONTRATACIÓN

- **Copia do contrato de traballo** no modelo que se estableza e rexistrado no SPEG.
- **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**
- **Informe de Vida Laboral da persoa traballadora** obxecto da subvención con data posterior ao inicio do período de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**

- **Fotografía do cartel informativo da subvención** colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata ó 31 de xuño do 2026.

C) PROGRAMA MELLORA

1. **Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa** solicitante onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da empresa, **con data posterior á concesión da axuda.**

2. **Anexo VI. Información á persoa traballadora da subvención concedida.**

3. **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o cartel informativo que manterase exposto cando menos ata ó 31 de xuño de 2026.

Para todos os programas de axuda o prazo máximo para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a axuda e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos será ata ó 30 de outubro de 2025.

A beneficiaria e, de ser o caso, os seus promotores deberán estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada do seguimento da execución da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, que poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa adecuada xustificación ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desestímulo da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

BASE 10ª. ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNS DE CONCESIÓN

10.1. Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto na base 5ª.

10.2. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se solicita a subvención, con independencia da causa, previa ao seu outorgamento a empresa solicitante comunicará este feito no prazo de 5 días naturais desde a data do cese e procederá a desistir da súa solicitude.

10.3. No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e conforme ao programa de axuda solicitado:

a) PROGRAMA INDEFINIDOS:

- por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída no prazo de 10 días hábiles seguintes ao cese ou no seu defecto,

- por medio dunha contratación indefinida inicial realizada a unha persoa desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos da presente convocatoria dentro dos 10 días hábiles seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de falta de candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

b) PROGRAMA CONTRATACIÓN:

- por medio da incorporación dunha candidatura procedente do proceso de selección de persoal inicial, no prazo de 10 días hábiles seguintes ao cese ou, no seu defecto,

- por medio da incorporación dunha nova persoa traballadora cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente que reúna os requisitos desta convocatoria, dentro dos 10 días hábiles seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado nestas bases reguladoras na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

C) PROGRAMA MELLORA:

- por medio da mellora das condicións do contrato doutra persoa traballadora que estivese vixente na data da baixa da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda no prazo de 10 días hábiles seguintes ao cese, conforme á base 4ª, apartado c.1 ou no seu defecto,

- por medio da contratación dunha nova persoa traballadora desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e condicións e características da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda que reúna os requisitos desta convocatoria dentro dos 10 días hábiles seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidaturas co perfil requirido para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

A nova contratación comunicarse á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

10.4. No suposto de **suspensión da relación laboral da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda** a beneficiaria substituirá á persoa traballadora ata a súa incorporación. A substitución realizarase por medio dunha contratación realizada a unha persoa traballadora desempregada cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente e condicións e características da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda e que reúna os requisitos desta convocatoria dentro dos 10 días hábiles seguintes á suspensión da relación laboral, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo ás que se solicitarán previamente (conforme ao procedemento especificado na *base b.1*).

No caso de que desde o servizo Público de Emprego de Galicia ou desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego non se subministrase candidatura co perfil requirido para ocupar o posto de traballo en suspensión, admitirase á empresa beneficiaria a contratación da persoa traballadora substituta que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

No caso de non producirse a reincorporación da persoa traballadora procederase segundo o suposto de extinción da relación laboral segundo o programa de axuda que corresponda ou, de ser o caso, manterase o contrato da persoa traballadora substituta.

A nova contratación comunicarse á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

10.5. En todos os programas a beneficiaria dispón dun prazo de 5 días hábiles, desde a data de inicio do contrato da persoa traballadora substituta, sexa por cese ou por suspensión da relación

laboral para comunicar á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción ou a suspensión do contrato e a nova contratación, e deberá acreditar:

3. **Declaración responsable ou documentación acreditativa da extinción ou suspensión contractual** da persoa traballadora contratada inicialmente.
4. **Informe da vida laboral completa da persoa traballadora substituta** expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
5. **Contrato de traballo da persoa traballadora substituta** comunicado á Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.
6. **Anexo II. Consulta do padrón municipal** da persoa traballadora substituta **ou**, no seu defecto, **volante de empadramento** correspondente.
7. **Anexo VI. Información á persoa traballadora substituta da subvención concedida.**

10.6. No suposto **de non proceder á cobertura da vacante da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda** reintegrarase o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto na *base 11ª* e a LXS.

BASE 11ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

a) Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro

O incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera obriga, requisito, condición e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á beneficiaria co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e constará informe e proposta razoada da unidade Desenvolvemento Local e Emprego.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

b) Renuncia

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da correspondente renuncia cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería delegada da Area de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas no vindeiro exercicio orzamentario.

c) Infraccións e sancións

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o previsto na Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

BASE 12ª. PUBLICIDADE

12.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG publicárase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicáranse, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

12.2. Publicidade das subvencións concedidas

Todas as axudas que se concedan publicaranse na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

12.3. Publicidade do financiamento público

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel**, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de "**AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2025**" do Concello de Vigo. A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o modelo normalizado do cartel. O cartel informativo da subvención manterase exposto, cando menos, ata ó 31 de xuño de 2026.

BASE 13ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarias poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

BASE 14ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria rexerá polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 15ª. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 4700006 denominada *Axudas á contratación* e con cargo á bolsa de vinculación do vixente orzamento, acadando un importe total de **242.000,00 €** (douscentos corenta e dous mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **142.000,00€** (cento corenta e dous mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **60.000,00€** (sesenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas dos outros programas, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, denegarase as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen

necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

BASE 16ª. DISPOSICIÓN FINAL

A beneficiaria facilitará toda a información e documentación que, en relación ao expediente de subvención, lle sexa requirida pola Concellaría delegada de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Educación, Tecnoloxía e Relación coas Empresas así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2025.

Primeiro. Obxecto

O Concello de Vigo convoca o programa de "AXUDAS Á MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN" no marco da actuación municipal para o ano 2025. Estas axudas se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación, favorecer o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras do municipio de Vigo, outorgando especial atención ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos, que comprende a transformación en indefinido do contrato previo formalizado xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025** realizado á persoa traballadora empadroadada no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, que comprende a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral, que comprende a axuda no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025** a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato, en calquera das súas modalidades, de tempo parcial a tempo completo, segundo estableza o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.
- A transformación do contrato indefinido fixo descontinuo nun contrato indefinido a xornada completa.

En todos os programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinarán a contía a conceder na data da contratación, ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadroamento no municipio de Vigo, cando menos, desde ó 1 de xaneiro de 2024.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e da duración da xornada de traballo segundo o programa solicitado.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha xornada laboral mínima, igual ou superior, ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

Segundo. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas^(*), as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

^(*) *Empresa con 250 traballadores ou máis e un volume de facturación anual superior aos 50 millóns de euros ou un activo total que supera os 43 millóns de euros.*

Terceiro. Réxime da convocatoria

A convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras

Esta convocatoria rexeráse polas súas Bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á *asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada “Axudas á contratación”* e con cargo á bolsa de vinculación do vixente orzamento, acadando un importe total de **242.000,00 €** (*douscentos corenta e dous mil euros*) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **142.000,00€** (cento corenta e dous mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **60.000,00€** (sesenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 11 de xullo de 2025.**

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación

A Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada de revisar e avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráse por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de nove meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Oitavo. Criterios de valoración

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrència competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as beneficiarias reúnan os requisitos determinados nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

Noveno. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Décimo. Publicación

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- A convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as grandes empresas, as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Segundo. Obxecto

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, do programa de "Axudas municipais á contratación" no marco da actuación municipal para o ano 2025. Estas axudas se integran na liña 2.6. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: emprendedores/as do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024; ao seu efecto, ten por obxecto servir de estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e de calidade das persoas traballadoras do municipio de Vigo, outorgando especial atención ás empresas e ás persoas traballadoras máis vulnerables no mercado laboral, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa Indefinidos, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025** realizados a persoas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

B) Programa Contratacións, que comprenderá a contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo. Este programa comprenderá

as contratacións que se realicen **desde ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde a unidade de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e/ou desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego. No caso da falta de candidaturas co perfil requirido admitirase á empresa solicitante a contratación dunha persoa traballadora que resulte do seu proceso de selección e reúna os requisitos desta convocatoria.

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral, que comprende a axuda no período comprendido **desde ó 1 de xullo de 2024 ata ó 30 de xuño de 2025** a través das seguintes opcións:

- o incremento de xornada laboral do contrato, en calquera das súas modalidades, de tempo parcial a tempo completo, segundo estableza o correspondente convenio colectivo de aplicación.
- o incremento da duración anual do contrato fixo-descontinuo a un mínimo de 9 meses a xornada completa.
- a transformación do contrato indefinido fixo descontinuo nun contrato indefinido a xornada completa.

En todos os programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá as condicións que determinaran a contía a conceder na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde ó 1 de xaneiro de 2024.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da empresa (micropeme), da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo segundo o programa solicitado.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio colectivo de aplicación.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á *asignación orzamentaria 2410 470 00 06 denominada “Axudas á contratación”* e con cargo á bolsa de vinculación do vixente orzamento, acadando un importe total de **242.000,00 €** (douscentos corenta e dous mil euros) que se distribuirán segundo o programa de axudas:

A) Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos cunha contía de **142.000,00€** (cento corenta e dous mil euros).

B) Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas cunha contía de **40.000,00€** (corenta mil euros).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

C) Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral cunha contía de **60.000,00€** (sesenta mil euros).

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa, a proposta da comisión de valoración e seguimento.

A subvención máxima total por empresa solicitante será de 10.000,00€ con independencia do número de solicitudes presentadas nas distintas modalidades de axuda, agás que non se esgotara o crédito orzamentario disposto e a Comisión de Valoración estime incrementar este límite.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

No suposto de renuncia ou non aceptación da subvención por parte dalgunha entidade beneficiaria e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente poderá acordar, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ás actividades seguintes na orde de recepción.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 11 de xullo de 2025**.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar a solicitude desta subvención, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaríanse na páxina web www.vigo.org.

As adxudicatarias das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

9(113).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE VIGO VOLEIBOL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 . EXPTE. 24460/333.

Visto o informe xurídico do 28/01/2025 e o informe de fiscalización do 07/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/01/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 20.01.25 a entidade C. VIGO VOLEIBOL presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 250011814) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 60.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890010 a favor da entidade C. VIGO VOLEIBOL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C. VIGO VOLEIBOL conta cun equipo de elite na modalidade de Voleibol na categoría Superliga - división de honra 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Superliga - división de honra 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2024-2025, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C. VIGO VOLEIBOL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.

- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade C. VIGO VOLEIBOL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos"*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890010 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C. VIGO VOLEIBOL durante a tempada deportiva 2024-2025 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva C. VIGO VOLEIBOL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 60.000,00 € a favor da entidade C. VIGO VOLEIBOL co CIF: G36658219 e enderezo social en Bolivia, 2 6º C (36203), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24460-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890010 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C. VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 (EXPTE. 24460-333).

REUNIDOS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Guillermo Touza Rodríguez como presidente da entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL CIF: G36658219 e enderezo social en rúa Bolivia, 2 6º C (36203), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24460-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade C. VIGO VOLEIBOL durante a tempada 2024-2025. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Superliga - división de honra 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C. VIGO VOLEIBOL desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2024-2025.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C. VIGO VOLEIBOL impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

-
- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890010 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 60.000,00 €, a favor da entidade deportiva C. VIGO VOLEIBOL.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade C. VIGO VOLEIBOL na tempada deportiva 2024-2025.

VI.- Que a entidade C. VIGO VOLEIBOL non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 24460-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o C. VIGO VOLEIBOL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C. VIGO VOLEIBOL comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2024-2025.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C. VIGO VOLEIBOL na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C. VIGO VOLEIBOL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C. VIGO VOLEIBOL unha subvención por importe de 60.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890010 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2024-2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrência competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2024-2025 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado

deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2024-2025. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

10(114).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE C.D. BOSCO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 . EXPTE. 24459/333.

Visto o informe xurídico do 06/02/2025 e o informe de fiscalización do 13/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/01/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 15.01.25 a entidade CD BOSCO presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 250009697) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 170.000,00 € € prevista na partida orzamentaria 3410.4890005 a favor da entidade CD BOSCO polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CD BOSCO conta cun equipo de elite na modalidade de Baloncesto na categoría Liga Feminina Endesa (1ª Categoría nacional). A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Feminina Endesa hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2024-2025, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CD BOSCO e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CD BOSCO para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso

á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890005 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CD BOSCO durante a tempada deportiva 2024-2025 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CD BOSCO para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 170.000,00 € a favor da entidade CD BOSCO co CIF: G36692317 e enderezo social en Ronda Don Bosco, 33 en Vigo CP (36202), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24459-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890005 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CD BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 (EXPTE. 26459-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, Carlos Álvarez Pacios, como presidente/a da entidade CD BOSCO co CIF G36692317 e enderezo social en Ronda Don Bosco, 33 (36202), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 24459-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CD BOSCO durante a tempada 2024-2025. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Feminina Endesa desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CD BOSCO desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2024-2025.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CD BOSCO impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890005 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 170.000,00 €, a favor da entidade deportiva CD BOSCO.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CD BOSCO na tempada deportiva 2024-2025.

VI.- Que a entidade CD BOSCO non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 24459-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CD BOSCO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CD BOSCO comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto na tempada 2024-2025.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CD BOSCO na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CD BOSCO (revista, web, etc).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

3º.- Conceder directamente á entidade CD BOSCO unha subvención por importe de 170.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890005 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2024-2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2024-2025 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2024-2025. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:-

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

11(115).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CORUXO F.C PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025. EXPTE. 24458/333.

Visto o informe xurídico do 29/01/2025 e o informe de fiscalización do 04/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/01/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 12.01.25 a entidade CORUXO FC presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc.250006837) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na

cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 160.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890017 a favor da entidade CORUXO FC polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CORUXO FC conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol na categoría 2ª RFEF. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 2ª RFEF hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2024-2025, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CORUXO FC e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización

dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CORUXO FC para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890017 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CORUXO FC durante a tempada deportiva 2024-2025 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CORUXO FC para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 160.000,00 € a favor da entidade CORUXO FC co CIF: G36708212 e enderezo social en Alameda Torreiro, 1 (36214) en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa

secretaría que figura na documentación do expediente núm. 24458-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890017 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CORUXO FC EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 (EXPTE. 24458-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, D. Gustavo Falque Comesaña como presidente da entidade CORUXO F.C. CIF: G36708212 e enderezo social na rúa Estrada do Vao S/N (CP 36330), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 24458-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CORUXO FC durante a tempada 2024-2025. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría 2ª RFEF desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CORUXO FC desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2024-2025.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CORUXO FC impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890017 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 160.000,00 €, a favor da entidade deportiva CORUXO FC.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CORUXO FC na tempada deportiva 2024-2025.

VI.- Que a entidade CORUXO FC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 24458-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CORUXO FC conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CORUXO FC comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltoos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol na tempada 2024-2025.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CORUXO FC na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CORUXO FC (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CORUXO FC unha subvención por importe de 160.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890017 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2024-2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2024-2025 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2024-2025. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia-

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

12(116).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025. EXPTE. 24457/333.

Visto o informe xurídico do 28/01/2025 e o informe de fiscalización do 04/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/01/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 10.01.25 a entidade CC. RÍAS BAIXAS presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 250006541) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 25.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800004 a favor da entidade CC. RÍAS BAIXAS polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2024-2025.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CC. RÍAS BAIXAS conta cun equipo de elite na modalidade de Ciclismo na categoría "Primeira". A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría "Primeira" hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2024-2025, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CC. RÍAS BAIXAS e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CC. RÍAS BAIXAS para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4800004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CC. RÍAS BAIXAS durante a tempada deportiva 2024-2025 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido

no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CC. RÍAS BAIXAS para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2024-2025 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 25.000,00 € a favor da entidade CC. RÍAS BAIXAS co CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24457-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800004 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CC. RÍAS BAIXAS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2024-2025 (EXPTE. 24457-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).

Doutra, D. Jose Luís Chamorro Pérez como presidente da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 24457-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CC. RÍAS BAIXAS durante a tempada 2024-2025. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría “Primeira” desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

A entidade CC. RÍAS BAIXAS desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2024-2025.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CC. RÍAS BAIXAS impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Ciclismo en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000,00 €, a favor da entidade deportiva CC. RÍAS BAIXAS.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CC. RÍAS BAIXAS na tempada deportiva 2024-2025.

VI.- Que a entidade CC. RÍAS BAIXAS non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 24457-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CC. RÍAS BAIXAS conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CC. RÍAS BAIXAS comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Ciclismo na tempada 2024-2025.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CC. RÍAS BAIXAS na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CC. RÍAS BAIXAS (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CC. RÍAS BAIXAS unha subvención por importe de 25.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2024-2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na

sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrência competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2024-2025 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2025 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2024-2025. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia-

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

13(117).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “URBASER, S.A.U.” POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO. EXPTE. 8887/252.

Visto o informe xurídico de data 13/02/2025 e o informe de fiscalización do 18/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/02/2025, asinado polo xefe de Limpeza, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O Concello de Vigo viña prestando o Servizo de limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias do Concello a través dun contrato de servizos coa empresa “URBASER S.A.”, adxudicado pola Xunta de Goberno Local o 06/09/2019 por un prezo de 8.403.831,10 € (IVE incl.), e un prezo/hora para a categoría de limpador/a de 16,71 euros o primeiro ano, 16,90 euros o segundo, 17,09 euros o terceiro e 17,28 euros o cuarto (todas con ive engadido) (Exp. Nº 81/441). O contrato foi formalizado en documento administrativo asinado entre as partes e autorizado pola Secretaria do Goberno Local o 11/10/2019.

II. O prazo inicial deste contrato era de catro (4) anos, comezando a prestación do servizo o 01.11.2019, podendo ser obxecto de unha (1) prórroga de un (1) ano mediante acordo expreso do órgano de contratación.

III. En data 17 de xullo do 2023 o 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-delegada da Área de goberno de Fomento e servizos resolveu tramitar a prórroga prevista no contrato. O expediente que se tramitou para a prórroga foi o 8450/252, que concluíu co acordo da prórroga por un ano adoptado polo órgano de contratación do concello de Vigo na sesión ordinaria de 08 de setembro de 2023. En tal sentido a data de fin de contrato despois da prórroga foi o día 31 de outubro do 2024.

IV. En data 11/10/2022 o Concelleiro Delegado do área de fomento e servizos decretou o inicio do procedemento para a contratación do servizo de limpeza das dependencias municipais e outras instalacións do Concello de Vigo (Exp. Nº 8173/252). Este expediente debía concluír coa adxudicación do contrato e o inicio da prestación o día 1 de novembro do 2024. Realizáronse as oportunas consultas aos distintos departamentos municipais responsables da xestión dos diferentes edificios e instalación que son obxecto do contrato, e unha vez realizada a análise económica e técnica dos requirimentos do contrato, e concluídos os preceptivos informes dos departamentos implicados directamente na tramitación, en data 09/08/2024 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente e publicar a licitación para a contratación dos servizos de limpeza das dependencias municipais e outras instalacións do concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

V. Na tramitación do Expediente de contratación, aínda que o Concello de Vigo mantivo a necesaria dilixencia no cumprimento dos prazos, resultou finalmente que a data de publicación do anuncio de licitación foi oito días posterior á data indicada no parágrafo quinto do artigo 29.4 LCSP. Este artigo dispón que cando ao vencemento dun contrato non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación, existindo razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comence a execución do novo contrato pero, en todo caso, por un período máximo de 9 meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se tivera publicado cunha antelación mínima de 3 meses respecto da data de finalización do contrato orixinario. Neste caso que nos ocupa, o anuncio publicouse dous meses e vinte días antes da data de finalización polo que non é aplicable o referido artigo que preceptúa tres meses para este prazo. Ao incumprir o prazo non foi posible a prórroga dos nove meses adicionais indicada no parágrafo quinto do artigo 29.4 LCSP.

VI. En data 02/09/2024 formulouse o primeiro recurso especial en materia de contratación contra o prego de prescricións técnicas particulares formulado pola Secretaria Nacional da federación de servizos da Confederación Intersindical Galega (recurso 129/2024), e en data 03/09/2024 a mesma sección sindical formulou un segundo recurso (recurso 132/2024). Ambos recursos foron resoltos favorablemente ao Concello de Vigo (resolución 137/2024 de data 19/09/2024, e resolución 141/2024 de data 25/09/2024), pero provocaron unha demora na tramitación do novo contrato que tivo como consecuencia que a data de adxudicación fose o día 18/10/2024 por acordo da Xunta de Goberno Local. Aínda que a data de adxudicación foi anterior ao fin do contrato, non se produciu o efectivo inicio da prestación o día 1 de novembro dado que debía cumprirse o prazo legal de 15 días para o recurso especial nos contratos de regulación harmonizada.

VII. En data 18/10/2024 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o contrato á empresa ONET IBERIA SOLUCIONES por importe de 9.778.103,34 € para a parte fixa e 270.882,70 € para a parte variable. Esta data de adxudicación foi anterior á data de finalización do contrato, pero o cumprimento dos prazos legais para o recurso especial en materia de contratación, fixo que non se iniciase a prestación na data prevista.

VIII. Con posterioridade e dentro do prazo legal dos 15 días tras a adxudicación, interpuxéronse dous recursos especiais en materia de contratación, o que provocou a suspensión automática do procedemento por efecto do artigo 53 LCSP e demorou aínda máis o inicio da nova prestación. En datas 12/11/2024 e 13/11/2024 recibíronse dous

recursos especiais en materia de contratación, Recurso 172/2024 e Recurso 174/2024, que paralizaron o procedemento, ata que en datas 04/12/2024 e 11/12/2024 o TACGAL resolveu ambos en favor do Concello de Vigo (resolución 182/2024 e Resolución 186/2024), procedendo a levantar a suspensión automática polo que nesa data continuouse cos trámites da nova adxudicación.

IX. O atraso producido pola presentación de todos os recursos referidos e a suspensión do procedemento ata a súa resolución, non permitiu iniciar a prestación do novo contrato na data prevista (01.11.2024) polo que desde a Concellería de Fomento e Servizos propúxose a “URBASER, S.A.” o mantemento da prestación deste servizo esencial durante o período de tempo imprescindible que mediase entre o remate do contrato orixinario e o inicio da execución do novo que o substitúa. A empresa manifestou que estaba disposta a garantir a continuidade do servizo ata o inicio da nova prestación, sempre que se lle aboase o mesmo prezo que viña percibido na prórroga.

X. Procede indicar que o prezo de licitación para os meses de novembro e decembro do 2024 era de 415.099,61€ iva engadido (207.549,805€ para o mes de novembro e 207.549,805€ para o mes de decembro). O prezo de adxudicación á empresa ONET foi de 10.048.986,04€ iva engadido para todo o contrato resultante da súa oferta, que para os dous meses do ano 2024 (novembro e decembro) establece un importe de 392.216,62€ iva engadido (196.108,31€ para o mes de novembro e 196.108,31€ para o mes de decembro do 2024). O prezo do contrato anterior no ano de prórroga (Exp.: 8450/252) establecía un prezo anual de 2.133.722,34€ iva engadido (2.079.830,43€ para a parte fixa e 53.891,91€ para a parte variable), do que resulta un importe mensual de 177.810,195€ (173.319,20€ para a parte fixa e 4.490,99€ para a parte variable), que é claramente inferior tanto ao da licitación (207.549,805€/mes) como ao da adxudicación (196.108,31€/mes) no ano 2024.

XI. En data 21/12/24 firmouse o novo contrato de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo coa empresa ONET (Exp: 8173-252), e a prestación iniciouse o día 1 de xaneiro de 2025.

XII. O período de realización do gasto sen cobertura contractual comezou o 1 de novembro de 2024 e prolongouse ata o día 31 de decembro dese ano.

XIII. O día 27/12/2024 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria acordou a proposta de indemnización substitutiva a favor de URBASER, S.A.U pola prestación do servizo de limpeza na Casa Consistorial e outras dependencias do Concello polo período 01/11/2024 a 15/12/2024 por importe de 259.978,81 € (Expte: 8866-252).

XIV. O día 20/01/2025- URBASER, S.A.U. presentou unha factura ao cobro correspondente ao período que vai dende o 16/12/2024 ao 31/12/2024:

- Factura 1002738V2500001, de 20/01/2025 por **importe de 86.659,61 €**.

Esta factura aplica o mesmo prezo da prórroga aprobada para o contrato extinto (Exp.: 8450/252) pero vixente durante o ano 2024 ata o 31 de outubro, que son 143.239,01€/mes máis iva para a parte fixa do contrato. Non factura ningún importe na parte variable dado



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

que non se realizaron traballos baixo demanda nese período facturado. Como o período é de medio mes (15/12 a 31/12) o importe debe ser a metade do mes completo.

$(143.239,01 \text{ base imponible} / 2) = 71.619,51\text{€} \text{ (base imponible)} + 15.040,10 \text{ (ive 21\%)} =$
86.659,61€

Este prezo é un prezo de mercado e ademais inferior tanto ao da licitación como ao de adxudicación do novo contrato.

O importe total desta factura é de 86.659,61€, ao que se da conformidade, existindo crédito suficiente na aplicación orzamentaria nº 9200,,2270000 “LIMPEZA INSTALACIÓNS, P. SERVIZOS MUNICIPAIS”, sen que afecte ás necesidades de gasto a imputar a esa aplicación durante o presente exercicio.

PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, unha vez emitidos os correspondentes informes xurídicos e de fiscalización, a adopción do seguinte ACORDO:

«Aprobar o aboamento, mediante indemnización substitutiva, de 86.659,61€ a favor de “URBASER, S.A.U.” pola prestación do Servizo de limpeza na Casa Consistorial e outras dependencias do Concello no período 16/12/2024 ao 31/12/2024 con cargo á aplicación orzamentaria nº 9200,,2270000 “LIMPEZA INSTALACIÓNS, P. SERVIZOS MUNICIPAIS”, correspondente á seguinte factura:

- Factura 1002738V2500001, de 20/01/2025 por **importe de 86.659,61€**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(118).- AUTORIZACIÓN DE GASTO DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3725/321.

Visto o informe de fiscalización do 18/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/02/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado polo concelleiro delegado e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“1º. A continuidade da prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321), adxudicado por acordo da XGL de 3 de maio de 2018 a UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSÍ CEE, S.L., nas mesmas condicións, e polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato.

2º. Autorizar o gasto para a continuidade do contrato co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de outubro ao 30 de novembro de 2024 polo importe máximo de 35.331,88 euros euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.

3º.- Notificar este acordo ao interesado e ao servizo xestor”.

II. O estado actual de tramitación do expediente 3891-321, fai inviable que o inicio da execución do novo contrato se produza dentro do prazo previsto logo da declaración de continuación do contrato (01 de decembro de 2024), isto é, antes do día límite establecido na autorización do gasto para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo; constando practicadas as seguintes actuacións:

1.- En data 14/10/2024 emítese informe polo servizo xestor en resposta ás consultas formuladas con respecto á licitación do expediente de referencia, remitidas polo servizo de Contratación.

2.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de outubro de 2024 realizou a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dos licitadores presentados a este procedemento, procedeuse á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

3.- En data 06/11/2024 emitíuse polo servizo xestor informe sobre as declaracións de confidencialidade de dúas das licitadoras admitidas, resultando procedente solicitar aclaración sobre este extremo e indicar, de ser o caso, que aspectos da súa oferta son confidenciais e os motivos que o xustifiquen, non resultando admisibles declaracións xenéricas.

As notificacións foron enviadas en data 11/11/2024, téndose achegado documentación en datas 11 e 13 de novembro de 2024, respectivamente.

4.- O día 31 de outubro de 2024, COMBINA SOCIAL, SL presenta un escrito contra a admisión neste procedemento de NORINTEGRA, SL, alegando que esta licitadora “non é un centro especial de emprego de iniciativa social ou sen ánimo de lucro” e aportando información do buscador de centros especiais de emprego, polo que non procedería a súa admisión neste procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

5.- O día 19 de novembro de 2024 a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local informa á Mesa de Contratación da imposibilidade de emisión do informe relativo ao sobre B motivada polo desenvolvemento dos procesos selectivos de dous programas de emprego que están en marcha (Vigo Emprega 2024 e OE VIGO CAPACITA X).

6.- Na Mesa de Contratación do 20 de novembro de 2024, danse conta das alegacións presentadas por COMBINA SOCIAL, SL, e acórdase en base ao artigo 140.3 LCSP e a cláusula 8.6 do PCAP, dar traslado das alegacións á licitadora NORINTEGRA, SL para que no prazo de 3 días naturais presente as aclaracións e acreditacións que estime oportunas sobre os feitos sinalados pola primeira.

A notificación foi enviada en data 21/11/2024, téndose achegado documentación en data 25/11/2024.

7.- Na Mesa de Contratación do 27 de novembro de 2024 deuse conta de que na normativa existente non se esixe unha cualificación administrativa específica; que queda acreditada a condición de NORINTEGRA, SL como Centro Especial de Emprego de iniciativa social; e non procede, como reclamaba COMBINA SOCIAL, SL no seu escrito de alegacións, a non admisión de NORINTEGRA, SL neste procedemento.

8.- Na Mesa de Contratación de 26 de decembro de 2024 deuse conta do informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 19 de decembro de 2024 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e a mesa acorda por unanimidade dos membros presentes, aceptar o referido informe e excluír a ANDANZA EMPLEA, S.L. e INTEGRACIÓN SOCIAL DE MINUSVÁLIDOS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido. Ademais procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores admitidos.

9.- Na Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de xaneiro de 2025, procedeuse a dar conta da existencia da oferta anormalmente baixa de COMBINA SOCIAL SL, acordando iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, concedéndolle/s un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta (data de notificación e publicación no Perfil de Contratante do concello de Vigo do 13/01/2025).

10.- Na Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de xaneiro de 2025, procedeuse a clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas para a contratación de servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321), e a requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COMBINA SOCIAL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a documentación exixida no artigo 150.2 da LCSP e nas cláusulas 9 e 18 do PCAP.

III. A enumeración das actuacións e documentación obrante no expediente permiten verificar que a tramitación deste contrato se planificou con tempo suficiente, recolléndose como contrato a licitar no Plan Anual de Contratación do ano 2024. Así mesmo, que se incoou en prazo axeitado e a súa instrución foi dilixente, se ben a relación das incidencias referidas determinan a necesidade da continuidade do vixente contrato (3725/321) mentres non entre en vigor o expediente do novo contrato, estimada para mediados do mes de marzo de 2025 de xeito que permita rematar a fase de adxudicación e formalización, sen prexuízo doutras incidencias.

IV. A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno desatendendo aos usuarios/os dos servizos municipais que se prestan nestas instalacións (coma os do programa de avellentamento activo promovido polo servizo de Benestar Social) así coma das demais actividades e eventos autorizados a outras entidades sen ánimo de lucro e cidadanía, tanto nos CMD, coma no auditorio e na pista deportiva de Teis.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público indica no seu último parágrafo que *“Non obstante o establecido nos apartados anteriores, cando ao vencemento dun contrato non se tivese formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comence a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se teña publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.”*

Consta autorizada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de xaneiro de 2025 a continuidade da prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321), adxudicado por acordo da XGL de 3 de maio de 2018 á UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSI CEE, S.L., nas mesmas condicións, e polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato; polo que cómpre autorizar o gasto para garantir a continuidade do contrato no vindeiro mes.

II. Para o exercicio 2025 contabilizouse documento RC 12025000003079 por importe de 223.818,02 €, con cargo á partida orzamentaria 9204 2279904 “AT. O. PUBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

III. O gasto da continuidade do contrato por quince (15) días do mes de marzo de 2025 supón un importe total de 8.832,98 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904 AT. O PÚBLICO OFICINAS DESCENTRALIZADAS.

V. Órgano competente:

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local para a autorización do gasto en virtude do disposto no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade cos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos e, previo informe de fiscalización da Intervención municipal, en virtude das competencias delegadas mediante Resolución da Alcaldía do 28/06/2024 na quinta tenente de alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, formúlase a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar o gasto para a continuidade do contrato de prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321) polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de marzo de 2025 ata o 15 de marzo de 2025 por importe de 8.832,98 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.

SEGUNDO: Notificar este acordo ao interesado e á Intervención municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(119).- INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO (MANUTENCIÓN E TRANSPORTE) POR CURSO BÁSICO PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE POLICÍA NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE. 617/2153.

Visto o informe fiscalización do 10/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/02/2025, asinado polo intendente-xefe da Policía Local, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 29/12/2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2023 -exped. 41400-220- (publicacións oficiais no BOPPO núm. 5 de data 08/01/2024, BOPPO núm. 79 de data 23/04/2024 e DOG núm. 101 de 27/05/2024).

O número total de prazas son 11, sendo 8 por oposición libre e 3 de mobilidade horizontal.

II.- No Diario Oficial de Galicia, número 240, do venres 13 de decembro de 2024, publicouse a Resolución do 04/12/2024 da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos da Policía Local de Galicia, correspondente á décimo sétima promoción.

Segundo dita Resolución, o curso terá unha duración de 1.400 horas lectivas, 900 horas de formación na Agasp en réxime de internado e 500 horas de prácticas nos respectivos concellos de procedencia.

Desenvolverase desde o día 17 de xaneiro de 2025 ao 3 de outubro de 2025.

– Na Academia, en dous períodos:

Do 17 de xaneiro ao 27 de xuño de 2025.

Do 29 de setembro ao 3 de outubro de 2025.

– Nos concellos de procedencia realizando o período de prácticas:

Do 28 de xuño de 2024 ao 28 de setembro de 2025.

Tendo en conta os dous períodos teóricos establecidos, así como a data de incorporación á AGASP dos funcionarios en prácticas, o número máximo de días de estadia dos alumnos en formación é de **141 xornadas por alumno**.

III.- Mediante Resolución do 20 de decembro de 2024 da Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se fai pública a adxudicación de prazas do proceso de acceso por oposición libre nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, convocado por Orde do 31 de maio de 2024, publícase a relación das 8 prazas coas persoas aprobadas que elixiron o Concello de Vigo.

IV.- Da relación das 8 persoas que elixiron como destino o Concello de Vigo, soamente 6 delas terán que facer o curso selectivo na AGASP, xa que dous deles teñen aprobado dito curso en edicións anteriorese trabalar como policía noutros concellos.

V.- Non lles corresponden percibir dieta de aloxamento, ao estar sufragado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- A Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación das Policíaas Locais de Galicia, establece que o ingreso na categoría de policía require, ademais da superación das probas selectivas establecidas na convocatoria, a aprobación dun curso selectivo de formación na AGASP e a superación dun período de prácticas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

II.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I, pertencen ao grupo 1 e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo a dieta de manutención acadaría o custe de 28,21 euros día/persoa e 14,11 euros día/persoa por razón de media dieta de manutención.

O período lectivo na AGASP de 900 horas pode xenerar ata un máximo de 141 días de estancia, dos cales 116 podería ser días con dereito a dieta enteira de manutención e 25 días con dereito a media dieta de manutención, xenerando un **gasto total de manutención** para os 6 funcionarios en prácticas de **21.750,66 euros** (por persoa de 3.625,11) :

O custo das dietas enteiras de manutención (116 días) ascendería a 19.634,16 euros (3.272,36 € / policía).

O custo das medias dietas de manutención (25 días) ascendería a 2.116,50,00 euros (352,75€ / policía).

III.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo, por razón do gasto por uso de vehículo particular a indemnización a percibir acadaría 0,26 euros/Km.

O percorrido entre o Concello de Vigo e a sede da AGASP é de 78,20 Km e tendo en conta que con carácter xeral os traxectos a realizar son dous por semana lectiva, a excepción de aquelas semanas con festividade (nacionais, autonómicos e locais da A Estrada), o número máximo de viaxes por funcionario/a en prácticas podería ser de 50, o que suporía un gasto máximo de 1.016,60 € por persoa facendo un total de **6.099,60 €**.

IV.- Tendo en conta as viaxes indicadas no apartado anterior e segundo as tarifas por peaxe publicadas na web da mercantil Audasa, concesionaria da AP 9, en concepto de peaxes (Vigo / Carracedo) por vehículo lixeiro é de 8,15 euros, sendo o gasto máximo dos funcionarios/as en prácticas en peaxes de **3.260,00 euros** (407,50 €/ funcionario).

No obstante, para o abono dos importes en concepto de uso de vehículo particular para o desprazamento á Academia Galega de Seguridade Pública, é necesaria a xustificación do uso do vehículo e do gasto en peaxes (mediante "ticket factura" da empresa concesionaria).

V.- Nas seguintes aplicacións orzamentarias e na bolsa de vinculación ou nivel de vinculación xurídica dos créditos autorizados existe crédito adecuado e suficiente:

- 1320.2302001 (axudas custo Policía Escola Galega de Seguridade).
- 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo).

VI.- De conformidade co disposto no art. 39, apartados 1 (presunción de validez e eficacia temporal dos actos administrativos desde a súa aprobación) e 3 (excepcional eficacia retroactiva dos actos favorables aos interesados) da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, procede retrotraer a eficacia do acordo proposto ao momento en que se inicia oficialmente o curso básico selectivo, o 17 de xaneiro de 2025, que constitúe o suposto de feito necesario para o devengo das axudas de manutención e transporte sen que sexa visto o menor risco de lesión de dereitos ou intereses lexítimos de terceiros.

VII.- No expediente consta informe favorable da Intervención Xeral de data 10 de febreiro de 2025.

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, o funcionario que subscribe ven en propoñer á Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleve a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA de

ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar, con efectos de 17 de xaneiro de 2025, o gasto de **31.110,26 euros €** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- AXUDAS CUSTO POLICÍAS ESCOLA GAL. SEGURIDADE: **21.750,66 euros €** á aplicación 1320.2302001, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de gastos de dietas de manutención.
- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL NON DIRECTIVO, aplicación 1320.2312000: **9.359,60 €** á aplicación 1320.2312000, en concepto de indemnización por uso de vehículo particular, onde non existe crédito adecuado e suficiente, pero sí no seu nivel de vinculación xurídica.

a prol das persoas adxudicatarias das prazas do Concello de Vigo, do proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, convocado por Orde do 31 de maio de 2024 que figuran na táboa 1 do seguinte punto, correspondente á oferta de emprego público do ano 2023 (expdte.41400-220) acordado pola Xunta de Goberno Local, con data 29/12/2023, pola duración do preceptivo curso básico nas instalacións da Academia Galega de Seguridade.

SEGUNDO.- O abono farase con carácter mensual previa xustificación pola AGASP da asistencia diaria dos funcionarios en prácticas ás clases e polos dos funcionarios en prácticas do uso do vehículo particular .

Táboa 1.

<u>PERSOAS ADXUDICATARIAS AS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL QUE DEBEN FACER O CURSO SELECTIVO NA AGASP – OEP 2023</u>			
APELIDOS		NOME	DNI
1	Caride Vieitez	Nerea	****786**
2	Pereira Vaz	Adolfo	****998**
3	Rodríguez Alonso	María	****301**
4	Carrera Paz	David	****717**
5	Suarez Fernández	Oscar	****822**
6	González Freire	Javier	****237**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(120).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO NO PROCESO SELECTIVO PARA DÚAS PRAZAS DE OFICIAL DE DESINFECCIÓN: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 43627/220.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/02/2025, asinado pola secretaria e o presidente do órgano de selección correspondente á Oferta de Emprego Público de estabilización, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 30/12/2022 publicouse no BOPPO nº 249 as Bases xerais que regula as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do concello de Vigo que se convocan polo concurso-oposición (auxiliar administrativo, oficial de instalacións municipais e oficial desinfectora/a).

As bases específicas dos ditos procesos publicáronse o día 14/07/2023 no BOPPO nº 136.

II.- O órgano de selección o día 23/12/2024 publicou o seguinte anuncio:

“ANUNCIO PUNTUACIÓN TOTAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

Sumada a puntuación obtida polos aspirantes na fase de concurso e nos exercicios da oposición, resulta a seguinte puntuación final de maior a menor:

PUNTUACIÓN FINAL POR ORDE DESCENDENTE

***DNI**	NOME*	APELIDOS	CONC.	TEST	PRACT.	GALEGO	TOTAL
***9464**	M. S.	ARAUJO RODRIGUEZ	14,8	25	25,5	Celga	65,3
***4589**	R.	NOVO GONZALEZ	18,1	22	24	Celga	64,1
***8497**	V. J.	TORRES CEBALLOS	17,2	22	23	Apto	62,2

O órgano de selección en sesión de 23/10/2024, acordou:

1.- Declarar que os aspirantes que superaron o proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas prazas, enmarcada no Grupo C de titulación, Subgrupo C2, escala de administración especial, de funcionario de carreira como oficial de desinfección, correspondentes á oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal: sistema selectivo de concurso oposición (bases xerais publicadas no BOPPO 30/12/2022 e específicas no BOPPO 14/07/2023), son:

***DNI**	NOME*	APELIDOS	CONC.	TEST	PRACT.	GALEGO	TOTAL
***9464**	M. S.	ARAUJO RODRIGUEZ	14,8	25	25,5	Celga	65,3
***4589**	R.	NOVO GONZALEZ	18,1	22	24	Celga	64,1

2.- Propoñer á Xunta de Goberno Local, unha vez que os aspirantes que superaron o proceso selectivo acheguen a correspondente documentación na forma e prazo sinalados nas bases xerais, base Décimo cuarta e base Décimo quinta - punto 2 - persoal funcionario- , (BOPPO 30/12/2022) a adopción do seguinte acordo:

Nomear como funcionarios de carreira para a provisión en propiedade de dúas prazas, enmarcadas no Grupo C de titulación, Subgrupo C2, escala de administración especial, de funcionario de carreira como oficial de desinfección, correspondentes á oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal: sistema selectivo de concurso oposición (bases xerais publicadas no BOPPO 30/12/2022 e específicas no BOPPO 14/07/2023) a:

***DNI**	NOME*	APELIDOS	CONC.	TEST	PRACT.	GALEGO	TOTAL
***9464**	M. S.	ARAUJO RODRIGUEZ	14,8	25	25,5	Celga	65,3
***4589**	R.	NOVO GONZALEZ	18,1	22	24	Celga	64,1

Lémbrese aos aspirantes que superaron o proceso selectivo que, de conformidade coas bases xerais, bases Décimo cuarta e Décimo quinta, que rexen o proceso selectivo, deberá presentar na Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base cuarta, no prazo de 20 días naturais, contados a partir da publicación deste anuncio.

Quen tivese a condición de empregado/a público/a está exento/a de presentar a documentación acreditativa de condicións e requisitos xa acreditados no nomeamento da súa toma de posesión, substituíndoa por un certificado ao efecto do organismo no que prestou os seus servizos, salvo que sexa no Concello de Vigo que se fará de oficio.

3.- Propoñer á Xunta de Goberno Local que de conformidade coa base xeral Décimo sexta (BOPPO 30/12/2022), os seguintes candidatos que non obtiveron a praza convocada, formarán parte dunha lista de reserva para os efectos de ser nomeados ou contratados como persoal funcionario de carreira nos termos dos criterios de xestión de listas de reserva do concello de Vigo, pola seguinte orde:

NOME*	APELIDOS
V. J.	TORRES CEBALLOS

III.- O día 23/12/2024 o Sr. Torres Ceballos, presenta escrito con nº de doc. 240399066 solicitando "la nulidad de la pregunta formulada como Primer ejercicio segunda parte-caso práctico ejercicio práctico segundo, por exceder las competencias propias del puesto convocado. Motivación de la puntuación otorgada en dicho ejercicio del examen ."

A contestación da alegación foi resolta polo órgano de selección en sesión de data 08/01/2025, notificada ao alegante.

O día 27/12/2024 o Sr. Torres Ceballos, presenta:

Escrito con nº doc 240400677 solicitando: "que tenga por interpuesta en tiempo y forma la presente reclamación contra la puntuación final del proceso selectivo por el que se convocan dos plazas de oficial desinfector, cuyas bases fueron publicadas en el BOPPO de 30/12/2022 y 14/07/2023, y sin perjuicio de su ampliación una vez se de vista del expediente administrativo, se acuerde su estimación, rectificándose las puntuaciones otorgadas en base a los motivos expuestos". Además solicitaba o acceso ao expediente e a suspensión do procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Escrito con nº doc. 240400877 manifestando que *“habiendo presentado este escrito en tiempo y forma tenga por ampliada y rectificada la reclamación anterior presentada en el día de hoy contra la puntuación final del proceso selectivo, se subsane el error material aritmético manifestado, reconociendo al recurrente la puntuación total de 20,80 en fase de concurso rectificando a su vez la puntuación final del proceso selectivo, con todas sus consecuencias.”*

IV.- O órgano de selección en sesión de data 08/01/2025 acordou:

“Se procede a resolución das alegacións presentadas polo Sr. Torres Ceballos.

Realizado e valorado o primeiro exercicio segunda parte o día 19 de decembro e publicado o resultado o día 20 de decembro, o alegante presenta escrito con número de documento 240399066 o día 23 de decembro de 2024.

O devandito exercicio incluía a súa vez dous supostos prácticos. O alegante interpón escrito impugnando o suposto práctico número dous, que foi o seguinte: “Como técnico/a en DDD solicitan sus servicios para el desarrollo de un protocolo de DDD en un establecimiento educativo público, concretamente un colegio de infantil y primaria.

Desarrolle el guión de protocolo de DDD, enumerando las diferentes fases consideradas necesarias para su correcto funcionamiento enmarcando tanto los aspectos técnico-cualitativos como legales en el mismo.”

Impugna polos seguintes motivos:

1º Exceso de competencias esixidas. Invoca o Real Decreto 830/2010 de 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas. Concretamente o artigo 2.b) que determina “el responsable técnico es la persona responsable del diagnostico de la situación, de la planificación, realización y evaluación de los tratamientos a realizar...”

2º Incompatibilidade coas bases da convocatoria, indicando que non é necesario dispoñer de título técnico nivel 3 e o exercicio basease en temas non incluídos no programa oficial das bases.

3º Desaxuste co nivel formativo, que se centra en tarefas realizadas baixo supervisión técnica.

En base ao anterior entende que a elaboración e planificación de protocolos aos que se fixo mención no exercicio, é competencia do responsable técnico, solicitando a nulidade da pregunta.

En primeiro lugar, o exercicio literalmente estaba redactado como sigue: como técnico/a en DDD solicitan sus servicios para el desarrollo de un protocolo de DDD en un establecimiento educativo público, ...

Non se lle pedía a elaboración dun protocolo como responsable técnico, se non precisamente como técnico aplicador colaborar na súa elaboración, é dicir como persoa que aplica o tratamento, que ten que aportar sobre como debe desenvolverse o protocolo.

Parece razoable considerar que cando o responsable técnico ten que elaborar un protocolo, o técnico aplicador, a persoa que leva a cabo a aplicación dos produtos biocidas, algo terá que aportar na elaboración do mesmo.

Neste senso estaba formulado o exercicio e neste senso procedeuse a súa corrección.

Indicar que a norma UNE EN 16636, inclúe dentro da tarefa (7) “Preparación de un plan de gestión de plagas para el cliente”, como competencias del usuario profesional (que é o técnico aplicador)as seguintes: “explicar los factores de gestión del medio ambiente susceptibles de contribuir a un programa de gestión integrada de plagas específico para la plaga diana; comunicar de forma clara y eficaz, por escrito y oralmente, incluída la presentación, los planes de gestión de plagas e informes profesionales, presentar la información detallada sobre la identificación de la plaga, el riesgo de infestación, origen, distribución y extensión de la población”

Por outra banda, forma parte das tarefas dun oficial de oficios, segundo dispón a Guía de funcións da RPT do concello de Vigo, “Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.”

Por último, engadir que o tema 1 do programa da convocatoria incluía un apartado de “labores de inspección, diagnóstico, aplicación de métodos de control e avaliación de tratamento D.D.D.”

Non é certo que o planteamento do exercicio esixa tarefas de planificación estratéxica e deseño de protocolos, nin que non se axuste ás bases da convocatoria nin ao nivel formativo esixido. Que o responsable técnico poda ser a persoa responsable da diagnose da situación, e da planificación e realización e avaliación dos tratamentos, non implica que non poda requirir os servizos do técnico aplicador para que aporte o seu coñecemento desenvolvendo o protocolo. Os coñecementos das persoas que desenvolven o “traballo de campo” nutre e enriquece o traballo técnico.

En atención a o exposto, o exercicio está formulado e valorouse atendendo á capacidade para realizar os tratamentos e tendo en conta as competencias do técnico aplicador para contribuír a un programa de xestión integrada de pragas específico.

En atención a todo o exposto, o órgano de selección procede a desestimar a alegación ratificándose nas puntuacións acordadas en sesión de 19 de decembro de 2024 e proposta de nomeamento da sesión de data 23 de decembro.

No mesmo escrito, solicita a motivación da puntuación outorgada polo órgano de selección do exercicio práctico. Acórdase que se exteriorice formalmente a motivación da puntuación do exercicio.

3.- *En canto a segunda petición “motivación de la puntuación otorgada en dicho ejercicios del examen”, faise constar que os membros do órgano de selección, os titulares vogal 2, vogal 3 e o presidente, realizan e achegan neste acto o citado informe que se incorpora ao expediente como anexo a este acta, acordando dar traslado deste ao alegante.*

4.- *O día 27 de decembro de 2024, o Sr. Torres presenta doc. nº 240400677 e 240400878 con idéntico contido. A reclamación, aínda que non o manifesta expresamente, ten a consideración de recurso de alzada, e como tal debe ser tramitado ao tenor do disposto no punto 2. do artigo*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

115 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. “El error o la ausencia de la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter.”

O recurso está interposto no prazo indicado no artigo 122 da referida lei que dispón que: “El plazo para la interposición del recurso de alzada será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo sin haberse interpuesto el recurso, la resolución será firme a todos los efectos”, o Sr. Torres ten a consideración de interesado toda vez que participa no proceso selectivo. Polo tanto a presentación do recurso é correcta no que respecta ao prazo e a lexitimación.

En relación coas alegacións das puntuacións da fase de concurso, o Sr. Torres indica que é o que maior tempo prestou servizos no concello de Vigo, e que se outorgou maior puntuación ao Sr. Novo González. Indicar que comprobada a valoración dos aspirantes e o alegante, a puntuación outorgada é correcta.

O alegante poderá comprobar a mesma ao ter dereito de acceso ao expediente.

En relación coa fase de oposición, afirma que sen transcorrer o prazo de 3 días de alegacións, o órgano de selección publicou a proposta de nomeamento. Solicita en base a elo a nulidade xa que logo considera que se prescindiu do procedemento establecido nas bases da convocatoria xerando indefensión ao recorrente.

Como indica o Sr. Torres, o resultado do primeiro exercicio segunda parte, publicouse o día 20 de decembro e o 23 publicouse a proposta de nomeamento. Non é certa a indefensión alegada, como o demostra o feito de que o recorrente puido alegar o que estimou en relación coa realización e puntuación do exercicio primeiro segunda parte (publicada o día 20 de decembro), e tamén impugnar a proposta de nomeamento (publicado o día 23 de decembro).

Subsidiariamente impugna a puntuación remitíndose ás alegacións do día 23 de decembro. Estas xa foron contestadas con anterioridade, polo que nos remitimos aos fundamentos expresados no punto anterior.

Indicar que se descoñece a referencia a “diversos comentarios de carácter personal” efectuados por algún dos membros do órgano de selección, non obstante e como se indicou, o recorrente pode acceder a todos os expedientes relacionados co proceso selectivo para comprobar os principios de igualdade, obxectividade e imparcialidade que rexeron o presente proceso selectivo.

En relación a suplica contida no outro sí primeiro e segundo, de acceso ao expediente, o órgano de selección acorda dar acceso a todos os expedientes relacionados co proceso selectivo de oficial desinfector, para o cal o Sr. Torres deberá comparecer na área de RRHH e formación nun prazo de tres días a contar dende a notificación do presente acordo.

O órgano de selección acorda dar traslado aos interesados do recurso presentado, e o presente acordo do órgano de selección para que no prazo de dez días formulen as alegación que consideren pertinentes.

5.- Por último, o día 27 de decembro, presenta escrito con nº de doc. 240400877 ampliando e rectificando o considerado recurso de alzada e solicitando a modificación da puntuación da fase de concurso.

Revisada a valoración, non existe o error.

Segundo certificado de servizos prestados do Sr. Torres (expte 44896-220), consta que:

CERTIFICACIÓN DE SERVICIOS PREVIOS

Ministerio, Organismo ou Corporación								DNI / NIE			
CONCELLO DE VIGO								***8497** / ****6282*			
Primeiro apelido				Segundo apelido				Nome			
TORRES				CEBALLOS				VÍCTOR JULIO			
Destino				Localidade				Provincia			
CONCELLO DE VIGO				VIGO				PONTEVEDRA			
Servizos prestados en Corpo, escala, praza ou plantilla	Vínculo (1)	Dende			Ata			Total			GRUPO/SUBGRUPO (equiparable)
		Día	Mes	Ano	Día	Mes	Ano	Anos	Meses	Días	
OPERARIO/A -PEÓN VIGO EMPREGA 2012	L	07	09	2012	06	09	2013	1	0	0	AGRUPACIÓN PROFESIONAIS (GRUPO E)
OFICIAL/A INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEPORTES	E	19	06	2016	18	03	2017	0	6	0	C2
AXUDANTE DE OFICIOS LABORATORIO	E	02	05	2017	01	11	2017	0	6	0	AGRUPACIÓN PROFESIONAIS (GRUPO E)
OFICIAL/A DESINFECTOR/A LABORATORIO	E	02	02	2018	01	08	2018	0	6	0	C2



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

OPERARIO/A PEÓN DEPORTES	E	29	08	2018	28	02	2019	0	6	0	AGRUPACIÓN PROFESIONAI S (GRUPO E)
OFICIAL/A SEPULTUREIRO/A CEMITERIOS	E	08	07	2019	07	01	2020	0	6	0	C2
OFICIAL/A DESINFECTOR/A LABORATORIO	E	02	10	2023				0	4	26	C2
TOTAL								3	10	26	

* O empregado municipal prestou servizos ata o 01/07/2024, efectuándose o **cómputo ata a data do 27/02/2024**, que se corresponde co fin de prazo de presentación de solicitudes para participar no procedemento correspondente a OEP-Estabilización (procedemento concurso-oposición) da seguinte praza: dúas prazas de oficial/a desinfectora/a (exp. 43627-220)

O órgano de selección valorou como méritos profesionais, de conformidade co certificado: 6 meses (oficial de instalacións municipais – deportes), 6 meses (oficial desinfectora), 6 meses (oficial sepultureiro) e 4 meses (oficial desinfectora). Total 22 meses, que por 0,60 da un total de 13, 2 puntos. Que sumados aos 4 puntos de méritos académicos, dan como resultado os 17,2 puntos. Puntuación publicada o día 06/09/2024 na páxina web municipal.

Non procede a rectificación solicitada no recurso presentado en canto a valoración da fase de concurso.”

Polo tanto:

O Sr. Torres deberá comparecer na área de RRHH e formación nun prazo de tres días a contar dende a notificación do presente acordo aos efectos de outórgalle acceso de todos os expedientes relacionados co proceso selectivo de referencia.”

V.- O órgano de selección en sesión de data 08/01/2025 acordou entre outros:

- Dar traslado aos interesados Sra. Araujo Rodríguez e Sr. Novo González do recurso presentado polo Sr. Torres Ceballos aos efectos de que no prazo de dez días formulen as alegacións que consideren pertinentes.
- Igualmente se da traslado do acordo adoptado polo órgano de selección na sesión de data 08/01/2025.

VI.- A Sra. Araujo presenta escrito (doc nº 250009733) solicitando a revisión das puntuacións do concurso (valorando os servizos presentados como oficial desinfector) e solicita a desestimación das alegacións formuladas polo Sr. Torres por entender que o exercicio práctico impugnado é conforme as bases da convocatoria.

O Sr. Novo, presenta escrito (doc. nº 250016110) solicitando a desestimación das alegacións do Sr. Torres por entender correcto o exercicio formulado polo órgano de selección e en concreto solicita a desestimación da medida cautelar de suspensión.

VII.- Consta dilixencia de data 22/01/2025 segundo a cal:

“En data de 22 de xaneiro de 2025, ante a secretaria do órgano de selección, comparece D. V. J. Torres Ceballos e D^a M. Salgueiro Alonso, aos efectos do acceso ao expediente solicitado en relación ao proceso selectivo de oficial desinfector.

O acceso se realiza fora dos tres días hábiles por estar a secretaria de permiso de enfermidade grave de convivente.

Ante eles se visualiza o expte 44783-220 descargando os documentos relacionados co proceso selectivo de referencia, que se envían por correo electrónico a excepción da acta nº 15 que queda pendente de envío por ser preciso a anonimización da mesma.

Queda pendente de envío o expte 43627-220 por ser preciso a anonimización.

Se escanean os exámes do primeiro exercicio segunda parte de todos os opositores do proceso selectivo (Sr. Novo González, Sra. Araujo Rodríguez e Sr. Torres Ceballos), enviando copia dos mesmos.

Se escanean as follas de respostas do primeiro exercicio (test), enviando copia dos mesmos.

Se envía ademais copia dos certificados que consta no expediente 44896-220.

E para que así conste aos efectos oportunos asíñase a presente dilixencia por todos os comparecentes.”

VIII.- O día 24/01/2025 deuse acceso ao acta nº 15 e ao expte 43627-220.

IX.- O día 6/02/2025, o Sr. Torres Ceballos presenta doc. nº 250026786 de ampliación de alegacións, solicitando:

“-Declare la nulidad de la pregunta formulada como Primer ejercicio segunda parte-caso práctico ejercicio práctico segundo, por exceder las competencias propias del puesto convocado.

-La pregunta no cumple con los principios de seguridad jurídica, transparencia, objetividad e igualdad en el proceso selectivo por lo que considero que debe ser anulada

- La pregunta presenta falta de claridad, presenta ambigüedades, contenido incompatible.

-Revisión de los méritos profesionales otorgados.

Sin perjuicio de todo lo anterior,

“A la vista del confuso contenido del acuerdo de fecha 9 de enero de 2025, apartado 4, en que se considera que el escrito que presenté el día 27 de diciembre de 2024 (doc. número 240400677 y



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

240400878) es un recurso de alzada y se entra a valorar el fondo del mismo, se me indique expresamente si dicho acuerdo resuelve el recurso de alzada presentado; pues, ni contiene parte dispositiva, ni pie de recursos ni resulta competente el órgano de selección para su resolución”.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector Público
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do concello de Vigo que se convocan polo concurso-oposición.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Admisibilidade do recurso

O día 27/12/2024 o Sr. Torres Ceballos, presenta:

- Escrito con nº doc 240400677 solicitando: *“que tenga por interpuesta en tiempo y forma la presente reclamación contra la puntuación final del proceso selectivo por el que se convocan dos plazas de oficial desinfector, cuyas bases fueron publicadas en el BOPPO de 30/12/2022 y 14/07/2023, y sin perjuicio de su ampliación una vez se de vista del expediente administrativo, se acuerde su estimación, rectificándose las puntuaciones otorgadas en base a los motivos expuestos”*. Además solicitaba o acceso ao expediente e a suspensión do procedemento.
- Escrito con nº doc. 240400877 manifestando que *“habiendo presentado este escrito en tiempo y forma tenga por ampliada y rectificada la reclamación anterior presentada en el día de hoy contra la puntuación final del proceso selectivo, se subsane el error material aritmético manifestado, reconociendo al recurrente la puntuación total de 20,80 en fase de concurso rectificando a su vez la puntuación final del proceso selectivo, con todas sus consecuencias.”*
- O día 6/02/2025, o Sr. Torres Ceballos presenta doc. nº 250026786 de ampliación de alegacións, solicitando:

“-Declare la nulidad de la pregunta formulada como Primer ejercicio segunda parte-caso práctico ejercicio práctico segundo, por exceder las competencias propias del puesto convocado.

-La pregunta no cumple con los principios de seguridad jurídica, transparencia, objetividad e igualdad en el proceso selectivo por lo que considero que debe ser anulada

- *La pregunta presenta falta de claridad, presenta ambigüedades, contenido incompatible.*
- *Revisión de los méritos profesionales otorgados.”*

En primeiro lugar, o artigo 115.2 da LPAC establece que: *“El error o la ausencia de la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter”*. O escrito presentado xunto a rectificación e ampliación, debe entenderse ao amparo do citado artigo, como un recurso de alzada.

Este está interposto por persoa lexitimada, en tanto que o recorrente participa como aspirante no proceso selectivo referido nos antecedentes de este informe.

En canto ao prazo, indicar que o recurso o interpón contra o acordo do órgano de selección, publicado o día 23/12/2024 – Anuncio de puntuación total e proposta de nomeamento-. O día 27/12/2024 interpón o recurso solicitando acceso ao expediente e a suspensión da execución ao amparo do artigo 117 da LPAC). A solicitude de acceso ao expediente de conformidade co establecido na Base décimo sétima da Convocatoria (BOPPO nº 249 de data 30/12/2022), interrompe o prazo ata que se da acceso ao expediente. Logo do acceso completo ao expediente (o día 24 de xaneiro), amplía o recurso o día 6/02/2025. Polo tanto, tendo en conta o prazo legalmente establecido -1 mes- segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da LPAC, e descontando o periodo de suspensión (entre o 27/12/2024 e 24/01/2025), o recurso está interposto dentro de prazo establecido.

Procede, por tanto, admitir o recurso xa que o interesado presentou este en tempo e forma.

SEGUNDO.- Do recurso interposto

a).- En primeiro lugar se aclara a solicitude indicada no último escrito presentado: *“A la vista del confuso contenido del acuerdo de fecha 9 de enero de 2025, apartado 4, en que se considera que el escrito que presenté el día 27 de diciembre de 2024 (doc. número 240400677 y 240400878) es un recurso de alzada y se entra a valorar el fondo del mismo, se me indique expresamente si dicho acuerdo resuelve el recurso de alzada presentado; pues, ni contiene parte dispositiva, ni pie de recursos ni resulta competente el órgano de selección para su resolución.”*

A contestación do órgano do órgano de selección non é a resolución do recurso de alzada, xa que este ten que ser acordado polo órgano competente, neste caso a Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto nos artigos 121 e ss da LPAC.

b) .- En canto ás alegacións do Sr. Torres, podemos resumilas nas seguintes:

- En relación con la fase de concurso:

En relación coas alegacións das puntuacións da fase de concurso, o Sr. Torres indica que é o que maior tempo prestou servizos no concello de Vigo, e que se outorgou maior puntuación ao Sr. Novo González.

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1851/1102

Indicar que comprobada a valoración do concurso de todos os aspirantes, a puntuación outorgada é correcta. Revisada a valoración, non existe o erro.

Segundo certificado emitido pola área de RRHH dos servizos prestados do Sr. Torres (expte 44896-220), consta que:

CERTIFICACIÓN DE SERVIZOS PREVIOS

Ministerio, Organismo ou Corporación								DNI / NIE			
CONCELLO DE VIGO								***8497** / ****6282*			
Primeiro apelido				Segundo apelido				Nome			
TORRES				CEBALLOS				VÍCTOR JULIO			
Destino				Localidade				Provincia			
CONCELLO DE VIGO				VIGO				PONTEVEDRA			
Servizos prestados en Corpo, escala, praza ou plantilla	Vínculo (1)	Dende			Ata			Total			GRUPO/SUBGRUPO (equiparable)
		Día	Mes	Ano	Día	Mes	Ano	Anos	Meses	Días	
OPERARIO/A -PEÓN VIGO EMPREGA 2012	L	07	09	2012	06	09	2013	1	0	0	AGRUPACIÓN PROFESIONAIS (GRUPO E)
OFICIAL/A INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEPORTES	E	19	06	2016	18	03	2017	0	6	0	C2
AXUDANTE DE OFICIOS LABORATORIO	E	02	05	2017	01	11	2017	0	6	0	AGRUPACIÓN PROFESIONAIS (GRUPO E)
OFICIAL/A DESINFECTOR/A LABORATORIO	E	02	02	2018	01	08	2018	0	6	0	C2
OPERARIO/A PEÓN DEPORTES	E	29	08	2018	28	02	2019	0	6	0	AGRUPACIÓN PROFESIONAIS (GRUPO E)

OFICIAL/A SEPULTUREIRO/A CEMITERIOS	E	08	07	2019	07	01	2020	0	6	0	C2
OFICIAL/A DESINFECTOR/A LABORATORIO	E	02	10	2023				0	4	26	C2
TOTAL								3	10	26	

* O empregado municipal prestou servizos ata o 01/07/2024, efectuándose o **cómputo ata a data do 27/02/2024**, que se corresponde co fin de prazo de presentación de solicitudes para participar no procedemento correspondente a OEP-Estabilización (procedemento concurso-oposición) da seguinte praza: dúas prazas de oficial/a desinfectora/a (exp. 43627-220)

O certificado de RRHH do Sr. Novo González (expte 44896-220)

CERTIFICACIÓN DE SERVICIOS PREVIOS

Ministerio, Organismo ou Corporación								DNI			
CONCELLO DE VIGO								***4589**			
Primeiro apelido				Segundo apelido				Nome			
NOVO				GONZÁLEZ				RAMÓN			
Destino				Localidade				Provincia			
CONCELLO DE VIGO				VIGO				PONTEVEDRA			
Servizos prestados en Corpo, escala, praza ou plantilla	Vínculo (1)	Dende			Ata			Total			GRUPO/SUBGRUPO (equiparable)
		Día	Mes	Ano	Día	Mes	Ano	Anos	Meses	Días	
OFICIAL/A XARDIÑEIRO/A VIGO EMPREGA 2014	L	01	07	2014	31	12	2014	0	6	0	C2
OFICIAL/A XARDIÑEIRO/A VIGO EMPREGA 2016	L	07	01	2016	06	07	2016	0	6	0	C2

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1851/1102

OFICIAL/A DESINFECTOR/A LABORATORIO	E	13	08	2018	12	02	2019	0	6	0	C2
OFICIAL/A DESINFECTOR/A LABORATORIO	E	02	10	2023	01	07	2024	0	9	0	C2
TOTAL								2	3	0	

O certificado de RRHH do Sra. Araujo Rodríguez (expte 44896-220)

CERTIFICACIÓN DE SERVIZOS PREVIOS

Ministerio, Organismo ou Corporación								DNI			
CONCELLO DE VIGO								***9464**			
Primeiro apelido				Segundo apelido				Nome			
ARAÚJO				RODRIGUEZ				MARÍA SALOMÉ			
Destino				Localidade				Provincia			
CONCELLO DE VIGO				VIGO				PONTEVEDRA			
Servizos prestados en Corpo, escala, praza ou plantilla	Vínculo (1)	Dende			Ata			Total			GRUPO/SUB GRUPO (equiparable)
		Día	Mes	Ano	Día	Mes	Ano	Anos	Meses	Días	
OFICIAL/A DESINFECTOR/A LABORATORIO	L	05	11	2007	04	05	2008	0	6	0	C2
OFICIAL/A DESINFECTOR/A LABORATORIO	E	22	09	2017	21	03	2018	0	6	0	C2
OFICIAL/A DESINFECTOR/A LABORATORIO	E	17	03	2020	16	09	2020	0	6	0	C2

TOTAL	1	6	0	
--------------	----------	----------	----------	--

O órgano de selección valorou como méritos profesionais, os de todos os aspirantes segundo o certificado e segundo as bases da convocatoria.

Así de conformidade cos certificados emitidos; o Sr. Torres: 6 meses (oficial de instalacións municipais – deportes), 6 meses (oficial desinfectador), 6 meses (oficial sepultureiro) e 4 meses (oficial desinfectador). Total 22 meses, que por 0,60 dá un total de 13,2 puntos. Que sumados aos 4 puntos de méritos académicos, dan como resultado os 17,2 puntos. Puntuación publicada o día 06/09/2024 na páxina web municipal. O Sr. Novo, se lle valorou os servizos prestados no concello de Vigo, como oficial xardineiro (12 meses en total - 6 meses máis 6 meses), os servizos prestados como oficial desinfectador (10 meses en total- 6 meses máis 4 meses). Total 22 meses, que por 0,60 dá un total de 13,2. Tamén os servizos prestados no concello de Mos durante 3 meses (tamén equiparados a un C2, segundo as bases específicas publicadas na páxina web). 3 meses por 0,30 (servizos prestados en administración distinta do Concello de Vigo. Así ten os 13,2 puntos do concello de Vigo máis 0,9 puntos dos servizos prestados no concello de Mos. Total. 14,1.

No escrito de ampliación de data 06/02/2025 manifesta “agravio” posto que no certificado do Sr. Novo que obra no expediente 34937-220 consta que prestou servizos no Vigo Emprega como oficial xardineiro e isto non se corresponde coa categoría de C2. Solicita a revisión dos méritos dos participantes como fixo a participante no proceso - Sra. Araujo Rodríguez- de conformidade coas bases da convocatoria.

A Sra. Araujo non solicita a revisión dos méritos no mesmo senso que o Sr. Torres. A Sra. Araujo solicita que se teñan en conta os méritos como oficial desinfectador.

Lembremos as bases da convocatoria. Estas establecen que se valoran méritos “*Méritos profesionais (máximo 36 puntos):*”

a) Por servizos prestados no Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos no propio corpo, escala, subescala ou categoría ao que se desexa acceder: 0,60 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 36 puntos.”

Temos que ter en conta que estamos ante un proceso de selección de carácter excepcional, autorizado pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que entre outros ten como obxectivo “regularizar” determinadas situacións na contratación laboral temporal e de nomeamentos de persoal funcionario interino.

Neste contexto se publicaron unhas bases na que se valoran “*méritos prestados no concello de Vigo na mesma escala, subescala ou categoría*”. E segundo o certificado consta que o sr. Novo prestou servizos no concello de Vigo na categoría de oficial xardineiro.

As bases da convocatoria non distinguen o tipo de contrato temporal e inclúe o persoal laboral e persoal funcionario. As persoas contratadas no Vigo Emprega, prestan servizos para o concello de Vigo con vínculo laboral e carácter temporal. Poderíase obxectar que o sistema de acceso non



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

e o mesmo para acceder ao Vigo emprega que a unha lista de reserva de persoal temporal, pero as bases da convocatoria non fan tal distinción e unicamente establecen que se valora como méritos a prestación de servizos neste concello na escala, subescala ou categoría. Estes requisitos cumpren os contratos laborais temporais a través dos plans do Vigo emprega. A superación dun proceso selectivo completo de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos en prazas do mesmo corpo, escala, subescala ou categoría á convocada, sen haber obtido praza, valórase a parte, concretamente cun 1 punto por cada proceso selectivo superado

En relación ás alegacións da Sra. Araujo, indicar que o órgano de selección tivo en conta os méritos prestados coa categoría de oficial (con carácter xeral), por pertencer todas á mesma escala, subescala e subgrupo. A Sra. Araujo, unicamente presentou méritos como oficial desinfector, sendo que tanto ao Sr. Novo como o Sr. Torres, ademais dos méritos como oficial desinfector presentaron e se lle tiveron en conta outros méritos da mesma escala, subescala e subgrupo (C2) tanto no caso do Sr. Novo como do Sr. Torres. Non obstante distinguir por modalidades dentro do posto de oficial (oficial desinfector, oficial xardineiro, oficial de instalacións, ...) non é determinante no resultado do proceso selectivo, toda vez non contarlos beneficiaría a Sra. Araujo, que é a que máis puntuación obtivo. Se descontamos este tempo de prestación de servizos diferentes a oficial desinfector, ao Sr. Torres habería que descontarlle 12 meses (no concello de Vigo) e ao Sr. Novo 15 meses (12 meses do concello de Vigo e 3 meses do concello de Mos), pero isto tampouco modificaría o resultado total do proceso selectivo. Igualmente o Sr. Torres quedaría en terceira posición.

Non procede a estimación do recurso presentado en canto á valoración da fase de concurso.

PUNTUACIÓN FINAL POR ORDE DESCENDENTE

***DNI**	NOME*	APELIDOS	CONC.	TEST	PRACT.	GALEGO	TOTAL
***9464**	M. S.	ARAUJO RODRIGUEZ	14,8	25	25,5	Celga	65,3
***4589**	R.	NOVO GONZALEZ	18,1	22	24	Celga	64,1
***8497**	V. J.	TORRES CEBALLOS	17,2	22	23	Apto	62,2

- En relación a fase de oposición.

O Sr. Torres impugna o suposto práctico número dous, que foi o seguinte: *“Como técnico/a en DDD solicitan sus servicios para el desarrollo de un protocolo de DDD en un establecimiento educativo público, concretamente un colegio de infantil y primaria.*

Desarrolle el guión de protocolo de DDD, enumerando las diferentes fases consideradas necesarias para su correcto funcionamiento enmarcando tanto los aspectos técnico-cualitativos como legales en el mismo.”

Impugna este polos seguintes motivos:

1º Exceso de competencias esixidas. Invoca o Real Decreto 830/2010 de 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas. Concretamente o artigo 2.b) que determina “el responsable técnico es la persona responsable del diagnostico de la situación, de la planificación, realización y evaluación de los tratamientos a realizar...”. Invoca ademais a lexislación sectorial e demais fontes de información.

2º Incompatibilidade coas bases da convocatoria, indicando que non é necesario dispoñer de título técnico nivel 3 e o exercicio basease en temas non incluídos no programa oficial das bases.

3º Desaxuste co nivel formativo, que se centra en tarefas realizadas baixo supervisión técnica.

En base ao anterior entende que a elaboración e planificación de protocolos aos que se fixo mención no exercicio, é competencia do responsable técnico, solicitando en primeiro lugar a nulidade da pregunta.

Dado traslado do recurso ao Sr. Novo e Sra. Araujo, ambos presentan escrito manifestando a conformidade do exercicio coas bases da convocatoria e co acordo do órgano de selección.

En primeiro lugar, o exercicio literalmente estaba redactado como segue: como técnico/a en DDD solicitan sus servicios para el desarrollo de un protocolo de DDD en un establecimiento educativo público, ...

Non se lle pedía a elaboración dun protocolo como responsable técnico, se non precisamente como técnico aplicador colaborar na súa elaboración, é dicir como persoa que aplica o tratamento, que ten que aportar sobre como debe desenvolverse o protocolo.

Parece razoable considerar que cando o responsable técnico ten que elaborar un protocolo, o técnico aplicador, a persoa que leva a cabo a aplicación dos produtos biocidas, algo terá que aportar na elaboración do mesmo.

Neste senso estaba formulado o exercicio e neste senso se procedeu a súa corrección.

Indicar que a norma UNE EN 16636, inclúe dentro da tarefa (7) “Preparación de un plan de gestión de plagas para el cliente”, como competencias del usuario profesional (que é o técnico aplicador)as seguintes: “explicar los factores de gestión del medio ambiente susceptibles de contribuir a un programa de gestión integrada de plagas específico para la plaga diana; comunicar de forma clara y eficaz, por escrito y oralmente, incluída la presentación, los planes de gestión de plagas e informes profesionales, presentar la información detallada sobre la identificación de la plaga, el riesgo de infestación, origen, distribución y extensión de la población” .

No Anexo I do Real Decreto 1536/2011, de 31 de octubre, polo que se *establecen dos certificados de profesionalidad de la familia profesional Seguridad y Medio Ambiente que se incluyen en el Repertorio Nacional de certificados de profesionalidad*”, establécense as competencias do certificado de profesionalidad de “Servicios para el control de pragas”. Establecen entre las capacidades dun técnico aplicador:

C3: Aplicar el procedimiento de actuación definido por el responsable técnico para el desarrollo de un control integrado de plagas, tanto en áreas ajardinadas como edificadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

CE3.1 Diferenciar las fases que componen el control integrado de plagas.

CE3.2 Identificar y desarrollar las medidas establecidas en el programa de actuación.

Por outra banda forma parte das tarefas dun oficial de oficios, segundo dispón a Guía de funcións da RPT do concello de Vigo, “*Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.*”

Por último engadir que o tema 1 do programa da convocatoria incluía un apartado de “*labores de inspección, diagnóstico, aplicación de métodos de control e avaliación de tratamento D.D.D.*”

Non é certo que o planteamento do exercicio esixa tarefas de planificación estratéxica e deseño de protocolos, nin que non se axuste as bases da convocatoria nin ao nivel formativo esixido. Que o responsable técnico poda ser a persoa responsable da diagnose da situación, e da planificación e realización e avaliación dos tratamentos, non implica que non poda requirir os servizos do técnico aplicador para que aporte o seu coñecemento desenvolvendo o protocolo. Os coñecementos das persoas que desenvolven o “traballo de campo” nutre e enriquece o traballo técnico.

En atención a o exposto, o exercicio está formulado e se valorou atendendo a capacidade para realizar os tratamentos e tendo en conta as competencias do técnico aplicador para contribuír a un programa de xestión integrada de pragas específico.

Procede desestimar a alegación ratificándose nas puntuacións acordadas en sesión de 19 de decembro de 2024 e proposta de nomeamento da sesión de data 23 de decembro.

En relación a motivación da puntuación outorgada polo órgano de selección do exercicio práctico, o recorrente manifesta que non é suficiente. Que non hai unha plantilla no expediente nin criterios obxectivos e homoxeneizados a seguir previos ao exame como establecen as bases.

A motivación do órgano de selección exteriorizouse en informe de data 08/01/2025 (expte 44783-220), do cal se lle deu acceso ao recorrente. Reprodúcese a continuación:

“ASUNTO: INFORME QUE EMITEN A VOGAL 2 TITULAR, VOGAL 3 TITULAR E PRESIDENTE TITULAR DO ÓRGANO DE SELECCIÓN CORRESPONDENTE Á PUNTUACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO, SEGUNDA PARTE DE CARÁCTER PRÁCTICO, RELATIVO A DOUS SUPOSTOS PRÁCTICOS DA PRAZA DE OFICIAL DESINTECTOR, NO PROCESO SELECTIVO DA OEP-ESTABILIZACIÓN DO CONCELLO DE VIGO (PROCEDIMENTO CONCURSO-OPOSICIÓN).

INFORME:

O órgano de selección en sesión do día 19/12/2024, procedeu á elaboración, realización e puntuación do primeiro exercicio, segunda parte práctico, do proceso selectivo de oficial desintector que consistía no desenvolvemento de dous supostos prácticos relativos ás tarefas da praza de oficial desintector.

Os membros do órgano de selección presentes, con dereito a voto, outorgaron a seguinte puntuación:

OPOSITOR	EXERCICIOS	Vogal 2	Vogal 3	Presidente	Total
M. S. ARAUJO RODRIGUEZ	Caso práctico 1	13	13	13	13
	Caso práctico 2	12,5	12,5	12,5	12,5
R. NOVO GONZÁLEZ	Caso práctico 1	11	11	11	11
	Caso práctico 2	13	13	13	13
V.J. TORRES CEBALLOS	Caso práctico 1	13,5	13,5	13,5	13,5
	Caso práctico 2	9,5	9,5	9,5	9,5

Vista a petición do aspirante Sr. Torre Ceballos, en documento 240399066 de data 23/12/20024, na que solicita, entre outros, a motivación da puntuación do exercicio sobre o que alega -caso práctico 2-, o órgano de selección en sesión do día de hoxe, acorda que os membros de dito proceso selectivo procedan a exteriorizar formalmente as concretas razóns as cales, en aplicación dos criterios de avaliación previstos nas bases e no expediente, lle conduciron ás puntuacións outorgadas.

Toda vez que os membros do órgano de selección con dereito a voto deliberaron conxuntamente a valoración e puntuación de cada caso práctico outorgando a mesma puntuación por consenso, emiten este informe de forma conxunta.

A valoración dos supostos prácticos realizouse conforme ós criterios de valoración establecidos atendendo as concretas funcións que corresponden a un oficial desinfector de acordo coa formación esixida e tarefas do posto.

1.- M. S. ARAUJO RODRÍGUEZ

OPOSITOR	EXERCICIOS	Vogal 2	Vogal 3	Presidente
M. S. ARAUJO RODRIGUEZ	Caso práctico 1	13	13	13
	Caso práctico 2	12,5	12,5	12,5

- No primeiro caso práctico:

Realiza unha boa diagnose da situación inicial do albergue e concreta, cos indicios sinalados, a praga responsable das picaduras “chinchés” que é correcta.

Unha vez identificada a praga, desenvolve moi ben os métodos a seguir e produtos a utilizar, as zonas nas que deben aplicarse, así como, os equipos de seguridade que o técnico aplicar debe utilizar para garantir a súa seguridade, centrándose na praga detectada “chinche”.

Fai mención á entrega do certificado ou xustificante do tratamento realizado no albergue, pero non detalla os datos que debe conter este.

- No segundo caso práctico:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Realiza unha moi boa análise da fase de inspección das instalacións, detallando zonas pormenorizadamente estruturas, cociñas, almacéns, aseos, vestiarios, búsqueda de indicios de pragas, fontes de alimentos, de auga e de refuxio e tamén de zonas exteriores, aínda que non de forma tan pormenorizada que o aspirante, Sr. Novo González.

Realiza unha boa descrición das medidas preventivas, correctoras e a súa execución, aínda que concreta en menor detalle que o Sr. Novo González os materiais e produtos a utilizar e a forma de actuación.

Desenvolve as actuacións de seguimento e control das medidas aplicadas.

2.- R. NOVO GONZÁLEZ

OPOSITOR	EXERCICIOS	Vogal 2	Vogal 3	Presidente
R. NOVO GONZÁLEZ	Caso práctico 1	11	11	11
	Caso práctico 2	13	13	13

- No primeiro caso práctico:

Realiza unha correcta diagnose da situación inicial do albergue, pero non concreta, cos indicios sinalados, a praga responsable das picaduras, sinalando varias insectos como posibles responsables.

Desenvolve moi ben os métodos a seguir e produtos a utilizar, as zonas nas que deben aplicarse, así como, os equipos de seguridade que o técnico aplicar debe utilizar para garantir a súa seguridade, considerando varios insectos como posible causa das picaduras (pulgas, garrapatas, chinches, sarna).

- No segundo caso práctico:

Realiza unha moi boa análise da fase de inspección das instalacións, coa realización dunha inspección "in situ" do centro, valorando as posibles vías de entrada das pragas, tanto dende o interior coa análise estruturas, oquedades, zonas críticas como comedor, salas de caldeiras, como do exterior, perímetro, actividades próximas, terreos con maleza, arquetas. Sinala a necesidade de realizar un plano do centro cos puntos de control correctamente numerados, o que se considera idóneo para recoller o resultado das inspección.

Trala inspección, realiza unha boa descrición das medidas preventivas, correctoras e a súa execución, concretando os materiais e produtos a utilizar e a forma de actuación segundo a praga de que se trate: trampas adhesivas e lumínicas para insectos, portacebos de alta seguridade fixados en solo e pegados, mención a placebos lumínicos de feces, detalla tipos de trampas e a súa correcta e segura colocación (papeleiras portacebos), pulverización nebulización. Concreta medidas preventivas para impedir acceso ás pragas: burlletes, rede mecánica, chapa zinc, correcta xestión dos residuos. Fai mención á utilización de raticidas con

aditivos que faciliten a súa expulsión en caso de intoxicación accidental, o que se considera axeitado ao encontrarnos nun colexio con presenza de persoas menores de idade.

Desenvolve as actuacións de seguimento e control das medidas aplicadas.

3.- V.J. TORRES CEBALLOS

OPOSITOR	EXERCICIOS	Vogal 2	Vogal 3	Presidente
V.J. TORRES CEBALLOS	<i>Caso práctico 1</i>	13,5	13,5	13,5
	<i>Caso práctico 2</i>	9,5	9,5	9,5

- No primeiro caso práctico:

Realiza unha boa diagnose da situación inicial do albergue e concreta, cos indicios sinalados, a praga responsable das picaduras “chinchés” que é correcta.

Unha vez identificada a praga, desenvolve moi ben os métodos a seguir e produtos a utilizar, as zonas nas que deben aplicarse así como os equipos de seguridade que o técnico aplicar debe utilizar para garantir a súa seguridade, centrándose na praga detectada “chinche”.

Detalla o contido do certificado ou xustificante do tratamento realizado no albergue indicando toda a información relevante sobre este (produto utilizado e ficha técnica, dose aplicada, zonas tratadas, medidas correctoras, medidas de hixiene, prazo de seguridade, detalle do procedemento, datas de revisión, recomendacións, nome do técnico aplicar ...) que se debe entregar ó responsable do centro, o que se considerado obrigatorio como información da aplicación realizada.

- No segundo caso práctico:

Realiza unha análise regular da fase de diagnose, xa que non é tan exahústivo como os demais aspirantes os cales desenvolven unha análise máis pormenorizado das zonas a inspeccionar. Non considera a zona exterior das instalacións como posibles focos de entrada de pragas cara as instalacións do colexio.

Realiza unha descrición menos detallada que os outros aspirantes das medidas preventivas, correctoras e a súa execución.

Non desenvolve as actuacións de seguimento e control das medidas aplicadas.”

Ao respecto indicar que o nivel de exixencia da motivación dependerá do marco regulador do proceso e singularmente dos termos da convocatoria. Haberá convocatorias cuxas pautas de valoración inclúan criterios discrecionais ou conceptos xurídicos indeterminados flexibles e outras que esgoten con precisión as condicións de actuación ou valoración do órgano de selección. En todo caso, a motivación debe estar conectada co marco da convocatoria. Así o expón claramente a STS de 12/03/2015 (rec.442/2013) “Lógicamente, a la hora de valorar la suficiencia de la



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

motivación de cada concreto ejercicios de la potestad de nombramiento, han de tomarse en consideración las circunstancias casuísticas del proceso selectivo concernido, especialmente los factores concurrentes que perfilan y acotan el margen de apreciación del órgano de selección, pues partiendo de la base de que ninguna potestad administrativa es totalmente discrecional, pues en todas ellas (incluso en las más rotundamente afirmadas como discrecionales) conviven, en mayor o menor medida, los elementos discrecionales con los reglados (como, por ejemplo, los hechos determinantes, la competencia o el procedimiento)" -STS de 22 de marzo de 2012, Rec. 2260/2010-, el canon de la motivación no será el mismo si los requisitos que han de reunir los aspirantes a la plaza convocada se han determinado mayoritariamente mediante conceptos y determinaciones regladas, que si tales requisitos vienen dotados de una más o menos amplio margen de apreciación discrecional"

No presente caso, as bases da convocatoria non esixen como di o recorrente nin unha plantilla no expediente nin criterios obxectivos e homoxeneizados a seguir previos ao exame como establecen as bases. Solicitada polo Sr. Torres a motivación, a mesma foi exposta polo órgano de selección, expresando a mesma en relación coa realización de cada exercicio de cada aspirante, indicando os aspectos que cada un de eles realizaron mellor ou peor en relación aos demais. Se indica a valoración cualitativa que se seguiu para emitir o xuízo técnico e as concretas razóns polas que a aplicación de esos criterios valorativos conducen, en relación con exercicio realizado por cada aspirante, a concreta puntuación e calificación aplicada.

Polo tanto, existe unha explicación razoada, desagregada en relación aos exercicios de cada opositor, non limitándose o órgano de selección a expresar fórmulas reiteradas das bases, remisión a fórmulas baleiras ou respostas evasivas da motivación para eludir explicacións como proscribe a xurisprudencia.

TERCEIRO.- O artigo 117 da LPAC dedicado a suspensión da execución establece que: "1. La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien competa resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.

3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien competa resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. En estos casos, no será de aplicación lo establecido en el artículo 21.4 segundo párrafo, de esta Ley...."

No presente caso, a execución do acto impugnado suspendeuse en virtude do disposto no artigo 117.3 da LPAC.

Resolto o recurso, tendo en conta a prevalencia do interese público na cobertura das prazas incluídas na oferta de emprego público de estabilización, neste caso concreto dous oficiais desinfectores, sobre o interese do recorrente, levántase a suspensión da execución.

CUARTO.- O órgano competente para resolver o recurso de alzada é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 121 da LPAC en relación co artigo 127 .1.h) da LRBRL.

E por isto polo que se propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

I.- Desestimar, en base aos fundamentos de este informe o recurso de alzada interposto polo Sr. V. J. Torres Ceballos con DNI ***8497** , o día 27/12/2024 con nº doc 240400677 e rectificación con nº doc. 240400877 e ampliación do día 6/02/2025 con nº doc. 250026786.

II.- Desestimar o recurso da Sra. Araujo presentado en escrito (doc nº 250009733) no que solicita a revisión das puntuacións do concurso (valorando os servizos presentados como oficial desinfectores)

III.- Levantar expresamente a suspensión da execución do acto impugnado producida ao amparo do disposto no artigo 117.3.

IV.- Notificar o presente acordo ó Sr. Torres Ceballos, á Sra. Araujo Rodríguez e ó Sr. Novo González, indicando que pon fin á vía administrativa.

Contra este poden os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa clase dos de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa notificación (artigos 8.1, 25.1, 46.1 da Lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(121).- RESOLUCIÓN DE DOUS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA A APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN:1ª FASE DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020, 2021, E 2022. EXPTE. 45741/220.

A) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR E. MILLÁN GARCÍA.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/02/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 19/01/2024 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases xerais dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 e as bases específicas e convocatoria correspondente as prazas e postos que configurarán a 1ª fase de execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26/07/2024, foi aprobada a resolución dos recursos presentados ás bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas OEP dos anos 2020, 2021, 2022 (1ª fase da convocatoria)

II. Por Resolución de data 6/09/2024 (BOE 14/09/2024), procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas de:

- Dúas prazas de Sarxento extinción de incendios, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda de promoción interna.
- Vinte e tres prazas de Bombeira/ou, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre.
- Sete prazas de Condutora/or bombeira/ou, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre.

III.- Con data 16/01/2025 procedeuse a publicación no BOPPO nº 10 do acordo da Xunta de Goberno local de data 27/12/2024, da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas da 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022.

IV.- En data 27/01/2025 o Sr. Millán García presenta recurso de reposición contra ao acordo polo que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas. 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022.

V.- O Sr. Millán García prestou servizos para o concello de Vigo dende o 15/07/2022, data na que tomou posesión como funcionario interino con obriga de superación do curso teórico-practico. O curso foi superado o día 01/09/2022. Por resolución de 16 de xaneiro de 2025, a concelleira delegada competente acordou *“Aceptar a renuncia presentada con data 12/01/2025 por D. E. Millán García, con DNI ***8890**, nomeado funcionario interino con cargo a praza vacante como bombeiro, con efectos do día 15/01/2025, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público”*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexitimación e prazo

O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que os actos administrativos que poñan fin en vía administrativa poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houbese ditado.

O **prazo** de interposición será dun mes se o acto fora expreso, transcorrido o cal, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

No presente caso o recorrente presenta formalmente recurso de reposición contra o acordo polo que se aproba a lista provisional de admitidos, sen embargo, en realidade pretende recorrer as bases xerais e específicas da convocatoria. Así se desprende claramente do escrito presentado, no que o primeiro apartado leva por título *“de la nulidad de las bases de la convocatoria....”*, indicando expresamente que *“por ende, el recurso se dirige contra las bases...”*, e no mesmo suplico solicitando *“que se anulen las bases del concurso y la convocatoria...”*

Alega polo tanto a nulidade das bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas OEP 2020, 2021, 2022, manifestando que as mesmas son discriminatorias por non permitir a participación de funcionarios interinos ou persoal laboral non fixo nas mesmas condicións que os funcionarios de carreira, concretamente no acceso a praza de sarxento de extinción de incendios pola quenda de promoción interna. Sobre esta base, solicita: *Que se anulen as bases do concurso e a mesma convocatoria por non permitir presentarse ao persoal interino e laboral e a retroacción de actuacións para permitir tal acceso procedendo a unha nova convocatoria.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Pois ben, indicar en primeiro lugar que o recurso contra as bases estaría presentado fora do prazo establecido. Como se expuso no antecedente I este informe, a Xunta de Goberno Local aprobou en data 19/01/2024 as bases xerais dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 e as bases específicas e convocatoria correspondente ás prazas e postos que configurarán a 1ª fase de execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 en sesión ordinaria do 26/07/2024. A resolución dos recursos presentados ás devanditas bases e convocatoria xa foron resoltos por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26/07/2024.

Non obstante, aínda que o recurso está presentado fora de prazo e preciso ter en conta a circunstancia que se expón a continuación. A doutrina clásica en base á firmeza dos actos administrativos, á seguridade xurídica da administración e existencia de terceiros participantes, mantíña a imposibilidade de cuestionar a convocatoria logo do transcurso do prazo de recurso establecido legalmente; pero con posterioridade a xurisprudencia ten precisado esta afirmación. Así no caso dunha convocatoria viciada de nulidade de pleno dereito, a mesma podería ser cuestionada, incluso ao tempo de impugnar a resolución final do proceso selectivo. Dito de outro xeito, as convocatorias solo admiten impugnación indirecta no caso de concorran motivos de nulidade de pleno dereito.

O Tribunal Supremo, en procedemento de recurso de casación contencioso-administrativo, en Sentenza de data 18 de outubro de 2022 (nº rec: 2145/2021) confirma a xurisprudencia que admite a posibilidade de impugnación indirecta das bases das convocatorias de procesos selectivos a prazas de empregados públicos cuando incorren en infracción de dereitos fundamentais. Se reproduce parcial o fundamento de dereito segundo:

"... Según se ha visto en los antecedentes, el auto de la Sección Primera de 3 de marzo de 2022 que ha admitido a trámite este recurso ha apreciado interés casacional objetivo para la formación de jurisprudencia en:

"aclarar, matizar, reforzar -o, eventualmente, corregir o rectificar- la doctrina sobre la posibilidad de la impugnación indirecta de las bases de una convocatoria para cubrir determinadas plazas correspondientes a la oferta de empleo público".

En sus razonamientos explica que la de la recurribilidad de las bases de la convocatoria es una cuestión generalizable a una pluralidad de supuestos en el ámbito de la función pública. Y que las sentencias de 4 de octubre de 2021 (casación n.º 351/2020) y de 10 de junio de 2019 (casación n.º 5010/2017) señalan que la falta de impugnación de las bases no es obstáculo para combatirlas a través de los actos que las aplican cuando comportan, como en este caso se alega, la vulneración de un derecho fundamental..."

No presente caso o Sr. Millán García impugna un acto administrativo- o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/12/2024, que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas da 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022-, acto que exclúe provisionalmente ao recorrente ao aplicar as bases da convocatoria.

O recorrente alega vulneración do dereito fundamental de igualdade no acceso a función pública ao ser excluído do proceso selectivo en base ao disposto nas bases xerais e específicas do proceso selectivo que non permite o acceso pola quenda de promoción interna ao persoal funcionario interino e laboral. En aplicación da xurisprudencia anteriormente exposta e aínda que o recurso está foro da prazo de impugnación das bases, se entrará no fondo do asunto.

Respecto da **lexitimación** para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. Non ofrece dúbida que o recorrente é interesado ao ter solicitado presentarse no proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios.

II.- Motivación do recurso.-

Como se expuso o Sr. Millán impugna un acto administrativo- o acordo da Xunta de Goberno Local que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022-, acto que exclúe provisionalmente ao recorrente ao aplicar as bases da convocatoria. E o fai alegando vulneración do dereito fundamental de igualdade no acceso a función pública ao ser excluído do proceso selectivo en base ao disposto nas bases xerais e específicas que non permiten o acceso pola quenda de promoción interna ao persoal funcionario interino e laboral. Invoca a Directiva 1999/70/CE e a Sentenza nº 294/2019 de 6 de marzo de 2019 do Tribunal Supremo solicitando que se permita o acceso e a participación no proceso de funcionarios interinos e persoal laboral non fixo nas mesmas condicións que os funcionarios de carreira.

III.- Normativa e xurisprudencia de aplicación.-

A promoción interna vertical ven regulada fundamentalmente no Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

de Empregado Público que regula o concepto, principios e modalidades da carreira profesional dos funcionarios de carreira co seguinte tenor:

" 1.Los funcionarios de carrera tendrán derecho a la promoción profesional.

2.La carrera profesional es el conjunto ordenado de oportunidades de ascenso y expectativas de progreso profesional conforme a los principios de igualdad, mérito y capacidad.

A tal objeto las Administraciones Públicas promoverán la actualización y perfeccionamiento de la cualificación profesional de sus funcionarios de carrera.

3.Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto regularán la carrera profesional aplicable en cada ámbito que podrán consistir, entre otras, en la aplicación aislada o simultánea de alguna o algunas de las siguientes modalidades:

a)Carrera horizontal, que consiste en la progresión de grado, categoría, escalón u otros conceptos análogos, sin necesidad de cambiar de puesto de trabajo y de conformidad con lo establecido en la letra b) del artículo 17 y en el apartado 3 del artículo 20 de este Estatuto.

b)Carrera vertical, que consiste en el ascenso en la estructura de puestos de trabajo por los procedimientos de provisión establecidos en el capítulo III del título V de este Estatuto.

c)Promoción interna vertical, que consiste en el ascenso desde un cuerpo o escala de un Subgrupo, o Grupo de clasificación profesional en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, a otro superior, de acuerdo con lo establecido en el artículo 18.

d)Promoción interna horizontal, que consiste en el acceso a cuerpos o escalas del mismo Subgrupo profesional, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 18.

4.Los funcionarios de carrera podrán progresar simultáneamente en las modalidades de carrera horizontal y vertical cuando la Administración correspondiente las haya implantado en un mismo ámbito."

Art. 18: "1.La promoción interna se realizará mediante procesos selectivos que garanticen el cumplimiento de los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como los contemplados en el artículo 55.2 de este Estatuto.

2.Los funcionarios deberán poseer los requisitos exigidos para el ingreso, tener una antigüedad de, al menos, dos años de servicio activo en el inferior Subgrupo, o Grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo y superar las correspondientes pruebas selectivas."

En términos xerais a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia nos artigos 75 e ss.

Polo que respecta ás bases da convocatoria aprobadas en data 19/01/2024 pola Xunta de Goberno Local, indicar que concretamente para a praza de sarxento de extinción de incendios pola quenda de promoción interna, as mesmas establecen no apartado sistema de selección o seguinte: *“Establécese o de concurso-oposición, reservándose para promoción interna entre persoal funcionario de carreira do grupo C2 de titulación do servizo de Extinción de Incendios que conte cunha antigüidade de cando menos dous anos no corpo u escala de administración especial, subescala de extinción de incendios, clase servizos especiais e categorías de cabo, bombeira/o e condutor/a bombeiro/a.”*

Obsérvase que as bases da convocatoria non establecen unha regulación “ex novo” se non que indican os requisitos legalmente establecidos no ordenamento xurídico español para participar nos procesos de promoción interna, polo que en principio, as bases serían axustadas a dereito e non procede estimar a solicitude de nulidade das mesmas.

En canto á Directiva 1999/70/CE do Consello, de 28 de xuño de 1999, indícase que pola mesma se da efectividade ao Acordo Marco da Unión de Confederacións da Industria Europea, o Centro Europeo da Empresa Pública, e a Confederación europea de sindicatos. Polo que aquí interesa, o referido Acordo tivo moita incidencia sobre o traballo de duración determinada, para evitar a discriminación dos traballadores ccun contrato ou nomeamento de duración determinada. A cláusula 4ª do Acordo Marco estipula *“por lo que se refiere a las condiciones de trabajo, no podrá tratarse a los trabajadores con un contrato de duración determinada, de una manera menos favorable que a los trabajadores fijos comparables, por el mero hecho de tener un contrato de duración determinada, a menos que se justifique un trato diferente por razones objetivas”*.

No sistema español a diferenza de trato non se basa únicamente no carácter permanente ou temporal da relación de servizo coa Administración, se non que sobre todo a deferencia ven determinada polo sistema de acceso á función pública de carreira, sendo preciso superar un proceso de selección, fundado nos principios de mérito e capacidade , sendo que o proceso e menos exigente no caso do persoal temporal.

A aplicación do Acordo Marco aprobado pola Directiva 1999/70/CE ao emprego público e a interpretación extensiva de esta norma pola Tribunal de Xustiza da Unión Europa, levou a apreciar consecuencias calificadas de discriminatorias sobre a situación de empregados públicos temporais ao servizo da Administración, por entender que calquera diferenza entre os funcionarios de carreira e os funcionarios interinos carece de xustificación obxectiva e razoable.

Agora ben todos os casos non son os mesmos nin todos tiveron a mesma resposta nos tribunais, e se ben é certo que a xurisprudencia máis recente parece inclinarse en favor de recoñecer o dereito a carreira do persoal interino nos mesmos termos no que está



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

recoñecida para os funcionarios de carreira, en todos os casos este recoñecemento, o é en relación con persoal interino de longa duración. Así, a título de exemplo, a recente Sentenza do Tribunal Supremo de data 18/06/2024, que no fundamento de dereito quinto, punto 7 indica: *"Por tanto, si al funcionario interino se le reconoce en la sentencia 293/2019 -y en las que en ella se citan, en especial en la sentencia 1796/2018-, la participación en un sistema de carrera profesional, la consecuencia de ese reconocimiento es el derecho a la consolidación de grado que es presupuesto para participar en el sistema de carrera [cfr. artículo 16.3.a) del EBEP]. Ahora bien, para que la cláusula cuarta del Acuerdo Marco produzca un efecto tan contundente como es desplazar la normativa interna, es preciso que se esté ante una interinidad que se reputé abusiva, no ante llamamientos puntuales coherentes con el sentido y fin de la figura del funcionario interino..."*

IV.- Aplicación ao presente caso.

No presente caso, indicar que non se dan as circunstancias para estimar o recurso é permitir o acceso ao proceso selectivo do recorrente a praza de sarxento de extinción de incendios polos motivos seguintes.

O Sr. Millán García prestou servizos para o concello de Vigo dende o 15/07/2022, data na que tomou posesión como funcionario interino con obriga de superación do curso teórico-practico. O curso foi superado o día 01/09/2022. Por resolución de 16 de xaneiro de 2025, a concelleira delegada competente acordou *"Aceptar a renuncia presentada con data 12/01/2025 por D. E. Millán García, con DNI ***8890**, nomeado funcionario interino con cargo a praza vacante como bombeiro, con efectos do día 15/01/2025, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público"*.

Polo tanto no presente caso non estamos en modo algún ante un suposto de nomeamento fraudulento, nin un interino de longa duración. Pero además hai unha circunstancia neste caso que impediría a admisión do recorrente, como é que o Sr. Millán non é empregado de esta administración, toda vez que por resolución de 16 de xaneiro de 2025, a concelleira delegada competente acordou *"Aceptar a renuncia presentada con data 12/01/2025 por D. E. Millán García, con DNI ***8890**, nomeado funcionario interino con cargo a praza vacante como bombeiro, con efectos do día 15/01/2025, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público."*

En atención a todo o exposto procede a desestimación do recurso presentado.

V.- Competencia.-

A competencia corresponde ao mesmo órgano que ditou a resolución que se recorre en virtude do disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á vista do exposto, e coa conformidade das Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e Concellería-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Desestimar, nos termos do informe-proposta que antecede, o recurso de reposición interposto por E. Millán García contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de decembro de 2024, polo que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras proas. 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022 (publicación no BOPPO nº 10 , de data 16 de xaneiro de 2025) .

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á ao recorrente.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR R.M. RODRÍGUEZ ALVAREZ.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/02/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 19/01/2024 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases xerais dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 e as bases específicas e convocatoria



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

correspondente as prazas e postos que configurarán a 1ª fase de execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26/07/2024, foi aprobada a resolución dos recursos presentados ás bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas OEP dos anos 2020, 2021, 2022 (1ª fase da convocatoria)

II. Por Resolución de data 6/09/2024 (BOE 14/09/2024), procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas de:

- Dúas prazas de Sarxento extinción de incendios, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda de promoción interna.
- Vinte e tres prazas de Bombeira/ou, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre.
- Sete prazas de Condutora/or bombeira/ou, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre.

III.- Con data 16/01/2025 procedeuse a publicación no BOPPO nº 10 do acordo da Xunta de Goberno local de data 27/12/2024, da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas da 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022.

IV.- En data 30/01/2025 o Sr. R. M. Rodriguez Álvarez con DNI ***4726** presenta recurso de reposición (doc nº 250022003) contra ao acordo polo que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas. 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022.

V.- O Sr. R. M. Rodriguez Álvarez con DNI ***4726** prestou servizos para o concello de Vigo dende o 01/08/2022, data na que tomou posesión como funcionario interino con obriga de superación do curso teórico-practico. O curso foi superado o día 13/09/2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexitimación e prazo

O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que os actos administrativos que poñan fin en vía administrativa poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houbese ditado.

O **prazo** de interposición será dun mes se o acto fora expreso, transcorrido o cal, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

No presente caso o recorrente presenta formalmente recurso de reposición contra o acordo polo que se aproba a lista provisional de admitidos, sen embargo, en realidade pretende recorrer as bases xerais e específicas da convocatoria. Así se desprende claramente do escrito presentado, no que o primeiro apartado leva por título “*de la nulidad de las bases de la convocatoria...*”, indicando expresamente que “*por ende, el recurso se dirige contra las bases...*”, e no mesmo suplico solicitando “*que se anulen las bases del concurso y la convocatoria...*”

Alega polo tanto a nulidade das bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas OEP 2020, 2021, 2022, manifestando que as mesmas son discriminatorias por non permitir a participación de funcionarios interinos ou persoal laboral non fixo nas mesmas condicións que os funcionarios de carreira, concretamente no acceso a praza de sarxento de extinción de incendios pola quenda de promoción interna. Sobre esta base, solicita: *Que se anulen as bases do concurso e a mesma convocatoria por non permitir presentarse ao persoal interino e laboral e a retroacción de actuacións para permitir tal acceso procedendo a unha nova convocatoria.*

Pois ben, indicar en primeiro lugar que o recurso contra as bases estaría presentado fora do prazo establecido. Como se expuso no antecedente I este informe, a Xunta de Goberno Local aprobou en data 19/01/2024 as bases xerais dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 e as bases específicas e convocatoria correspondente ás prazas e postos que configurarán a 1ª fase de execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 en sesión ordinaria do 26/07/2024. A resolución dos recursos presentados ás devanditas bases e convocatoria xa foron resoltos por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26/07/2024.

Non obstante, aínda que o recurso está presentado fora de prazo e preciso ter en conta a circunstancia que se expón a continuación. A doutrina clásica en base á firmeza dos actos administrativos, á seguridade xurídica da administración e existencia de terceiros



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

participantes, mantíña a imposibilidade de cuestionar a convocatoria logo do transcurso do prazo de recurso establecido legalmente; pero con posterioridade a xurisprudencia ten precisado esta afirmación. Así no caso dunha convocatoria viciada de nulidade de pleno dereito, a mesma podería ser cuestionada, incluso ao tempo de impugnar a resolución final do proceso selectivo. Dito de outro xeito, as convocatorias solo admiten impugnación indirecta no caso de concorran motivos de nulidade de pleno dereito.

O Tribunal Supremo, en procedemento de recurso de casación contencioso-administrativo, en Sentenza de data 18 de outubro de 2022 (nº rec: 2145/2021) confirma a xurisprudencia que admite a posibilidade de impugnación indirecta das bases das convocatorias de procesos selectivos a prazas de empregados públicos cuando incorren en infracción de dereitos fundamentais. Se reproduce parcial o fundamento de dereito segundo:

"... Según se ha visto en los antecedentes, el auto de la Sección Primera de 3 de marzo de 2022 que ha admitido a trámite este recurso ha apreciado interés casacional objetivo para la formación de jurisprudencia en:

"aclarar, matizar, reforzar -o, eventualmente, corregir o rectificar- la doctrina sobre la posibilidad de la impugnación indirecta de las bases de una convocatoria para cubrir determinadas plazas correspondientes a la oferta de empleo público".

En sus razonamientos explica que la de la recurribilidad de las bases de la convocatoria es una cuestión generalizable a una pluralidad de supuestos en el ámbito de la función pública. Y que las sentencias de 4 de octubre de 2021 (casación n.º 351/2020) y de 10 de junio de 2019 (casación n.º 5010/2017) señalan que la falta de impugnación de las bases no es obstáculo para combatirlas a través de los actos que las aplican cuando comportan, como en este caso se alega, la vulneración de un derecho fundamental..."

No presente caso o Sr. Rodríguez Álvarez impugna un acto administrativo- o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/12/2024, que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas da 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022-, acto que exclúe provisionalmente ao recorrente ao aplicar as bases da convocatoria.

O recorrente alega vulneración do dereito fundamental de igualdade no acceso a función pública ao ser excluído do proceso selectivo en base ao disposto nas bases xerais e específicas do proceso selectivo que non permite o acceso pola quenda de promoción interna ao persoal funcionario interino e laboral. En aplicación da xurisprudencia anteriormente exposta e aínda que o recurso está foro da prazo de impugnación das bases, se entrará no fondo do asunto.

Respecto da **lexitimación** para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. Non ofrece dúbida que o recorrente é interesado ao ter solicitado presentarse no proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios.

II.- Motivación do recurso.-

Como se expuso o Sr. Rodriguez Álvarez impugna un acto administrativo- o acordo da Xunta de Goberno Local que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022-, acto que exclúe provisionalmente ao recorrente ao aplicar as bases da convocatoria. E o fai alegando vulneración do dereito fundamental de igualdade no acceso a función pública ao ser excluído do proceso selectivo en base ao disposto nas bases xerais e específicas que non permiten o acceso pola quenda de promoción interna ao persoal funcionario interino e laboral. Invoca a Directiva 1999/70/CE e a Sentenza nº 294/2019 de 6 de marzo de 2019 do Tribunal Supremo solicitando que se permita o acceso e a participación no proceso de funcionarios interinos e persoal laboral non fixo nas mesmas condicións que os funcionarios de carreira.

III.- Normativa e xurisprudencia de aplicación.-

A promoción interna vertical ven regulada fundamentalmente no Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público que regula o concepto, principios e modalidades da carreira profesional dos funcionarios de carreira co seguinte tenor:

" 1.Los funcionarios de carrera tendrán derecho a la promoción profesional.

2.La carrera profesional es el conjunto ordenado de oportunidades de ascenso y expectativas de progreso profesional conforme a los principios de igualdad, mérito y capacidad.

A tal objeto las Administraciones Públicas promoverán la actualización y perfeccionamiento de la cualificación profesional de sus funcionarios de carrera.

3.Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto regularán la carrera profesional aplicable en cada ámbito que podrán consistir, entre otras, en la aplicación aislada o simultánea de alguna o algunas de las siguientes modalidades:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

a) Carrera horizontal, que consiste en la progresión de grado, categoría, escalón u otros conceptos análogos, sin necesidad de cambiar de puesto de trabajo y de conformidad con lo establecido en la letra b) del artículo 17 y en el apartado 3 del artículo 20 de este Estatuto.

b) Carrera vertical, que consiste en el ascenso en la estructura de puestos de trabajo por los procedimientos de provisión establecidos en el capítulo III del título V de este Estatuto.

c) Promoción interna vertical, que consiste en el ascenso desde un cuerpo o escala de un Subgrupo, o Grupo de clasificación profesional en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, a otro superior, de acuerdo con lo establecido en el artículo 18.

d) Promoción interna horizontal, que consiste en el acceso a cuerpos o escalas del mismo Subgrupo profesional, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 18.

4. Los funcionarios de carrera podrán progresar simultáneamente en las modalidades de carrera horizontal y vertical cuando la Administración correspondiente las haya implantado en un mismo ámbito."

Art. 18: "1. La promoción interna se realizará mediante procesos selectivos que garanticen el cumplimiento de los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como los contemplados en el artículo 55.2 de este Estatuto.

2. Los funcionarios deberán poseer los requisitos exigidos para el ingreso, tener una antigüedad de, al menos, dos años de servicio activo en el inferior Subgrupo, o Grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo y superar las correspondientes pruebas selectivas."

En términos xerais a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia nos artigos 75 e ss.

Polo que respecta ás bases da convocatoria aprobadas en data 19/01/2024 pola Xunta de Goberno Local, indicar que concretamente para a praza de sarxento de extinción de incendios pola quenda de promoción interna, as mesmas establecen no apartado sistema de selección o seguinte: "Establécese o de concurso-oposición, reservándose para promoción interna entre persoal funcionario de carreira do grupo C2 de titulación do servizo de Extinción de Incendios que conte cunha antigüidade de cando menos dous anos no corpo u escala de administración especial, subescala de extinción de incendios, clase servizos especiais e categorías de cabo, bombeira/o e condutor/a bombeiro/a."

Obsérvase que as bases da convocatoria non establecen unha regulación "ex novo" se non que indican os requisitos legalmente establecidos no ordenamento xurídico español para participar nos procesos de promoción interna, polo que en principio, as bases serían axustadas a dereito e non procede estimar a solicitude de nulidade das mesmas.

En canto á Directiva 1999/70/CE do Consello, de 28 de xuño de 1999, indícase que pola mesma se da efectividade ao Acordo Marco da Unión de Confederacións da Industria Europea, o Centro Europeo da Empresa Pública, e a Confederación europea de sindicatos. Polo que aquí interesa, o referido Acordo tivo moita incidencia sobre o traballo de duración determinada, para evitar a discriminación dos traballadores cun contrato ou nomeamento de duración determinada. A cláusula 4ª do Acordo Marco estipula *“por lo que se refiere a las condiciones de trabajo, no podrá tratarse a los trabajadores con un contrato de duración determinada, de una manera menos favorable que a los trabajadores fijos comparables, por el mero hecho de tener un contrato de duración determinada, a menos que se justifique un trato diferente por razones objetivas”*.

No sistema español a diferenza de trato non se basa unicamente no carácter permanente ou temporal da relación de servizo coa Administración, se non que sobre todo a diferenza ven determinada polo sistema de acceso á función pública de carreira, sendo preciso superar un proceso de selección, fundado nos principios de mérito e capacidade, sendo que o proceso é menos exixente no caso do persoal temporal.

A aplicación do Acordo Marco aprobado pola Directiva 1999/70/CE ao emprego público e a interpretación extensiva de esta norma pola Tribunal de Xustiza da Unión Europea, levou a apreciar consecuencias calificadas de discriminatorias sobre a situación de empregados públicos temporais ao servizo da Administración, por entender que calquera diferenza entre os funcionarios de carreira e os funcionarios interinos carece de xustificación obxectiva e razoable.

Agora ben todos os casos non son os mesmos nin todos tiveron a mesma resposta nos tribunais, e se ben é certo que a xurisprudencia máis recente parece inclinarse en favor de recoñecer o dereito a carreira do persoal interino nos mesmos termos no que está recoñecida para os funcionarios de carreira, en todos os casos este recoñecemento, o é en relación con persoal interino de longa duración. Así, a título de exemplo, a recente Sentenza do Tribunal Supremo de data 18/06/2024, que no fundamento de dereito quinto, punto 7 indica: *“Por tanto, si al funcionario interino se le reconoce en la sentencia 293/2019 -y en las que en ella se citan, en especial en la sentencia 1796/2018-, la participación en un sistema de carrera profesional, la consecuencia de ese reconocimiento es el derecho a la consolidación de grado que es presupuesto para participar en el sistema de carrera [cfr. artículo 16.3.a) del EBEP]. Ahora bien, para que la cláusula cuarta del Acuerdo Marco produzca un efecto tan contundente como es desplazar la normativa interna, es preciso que se esté ante una interinidad que se repite abusiva, no ante llamamientos puntuales coherentes con el sentido y fin de la figura del funcionario interino...”*

IV.- Aplicación ao presente caso.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

No presente caso, indicar que non se dan as circunstancias para estimar o recurso é permitir o acceso ao proceso selectivo do recorrente a praza de sarxento de extinción de incendios polos motivos seguintes.

O Sr. Rodriguez Álvarez prestou servizos para o concello de Vigo dende o 01/08/2022, data na que tomou posesión como funcionario interino con obriga de superación do curso teórico-practico. O curso foi superado o día 13/09/2022.

Polo tanto no presente caso non estamos en modo algún ante un suposto de nomeamento fraudulento, nin un interino de longa duración. En atención a todo o exposto procede a desestimación do recurso presentado.

V.- Competencia.-

A competencia corresponde ao mesmo órgano que ditou a resolución que se recorre en virtude do disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á vista do exposto, e coa conformidade das Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e Concellería-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Desestimar, nos termos do informe-proposta que antecede, o recurso de reposición interposto polo Sr. Rodriguez Álvarez contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de decembro de 2024, polo que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras proas. 1ª fase da OEP 2020, 2021, e 2022 (publicación no BOPPO nº 10 , de data 16 de xaneiro de 2025) .

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á ao recorrente.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(122).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO NO CONSELLO DE NAVEGACIÓN E PORTO DO PORTO DE VIGO. EXPTE. 1850/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/02/2025, asinado pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

O artigo 29 da Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (TRLPEMM) prevé como órgano de asistencia da Autoridade Portuaria o Consello de Navegación e Porto.

Segundo o artigo 34 DA TRLPEMM o Consello de Navegación e Porto como órgano de asistencia e información da Capitanía Marítima e do Presidente de cada Autoridade Portuaria, creárase, en cada un dos portos de titularidade estatal, un Consello de Navegación e Porto, no que poderán estar representadas aquelas persoas físicas ou xurídicas que o soliciten nas que, ademais, apréciase un interese directo e relevante no bo funcionamento do porto, do comercio marítimo ou que poidan contribuír ao mesmo de forma eficaz.

Concretamente as normas de funcionamento do Consello de Navegación e Porto aprobadas por Resolución do Consejo de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo de data 25 de outubro de 2019 determina que a duración do mandato dos vogais será de cuatro (4) anos, podendo ser destituídos polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria, por iniciativa do propio Consello, o, no seu caso por proposta da entidade ou organización que houbese designado.

Actualmente, en representación do Concello de Vigo forma parte do Consello de Navegación e Porto o concelleiro Carlos López Font.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Manter a designación do concelleiro Carlos López Font, como representante do Concello de Vigo no Consello de Navegación e Porto do Porto de Vigo.

SEGUNDO.- Dar traslado da proposta á Autoridade Portuaria.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

19(123).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA COA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2025. EXPTE. 5952/330.

Visto o informe xurídico do 07/02/2025 e o informe de fiscalización do 17/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/02/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 27 de xaneiro do 2025, a “Fundación Coral Casablanca de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o programa de concertos a realizar durante a temporada 2025 (do 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025); por este motivo, por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 42.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA é unha entidade sen ánimo de lucro, dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.

RELACION DE CONCERTOS A CELEBRAR NO PERÍODO DO 15 NOVIEMBRE 2024 A NOVIEMBRE 2025

	DÍA	HORA	LUGAR	INFORMACIÓN
1	14/12/2024	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Navidad - Coral Casablanca y Orquesta
2	28/03/2025	12.00	Concatedral Vigo	Reconquista - Coral Casablanca
3	05/04/2025	20.00	Audit. Centro Cultural San Miguel de Oia Vigo	Coral Casablanca
4	24/05/2025	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Primavera - Coral Casablanca y Orquesta
5	14/06/2025	20.30	Teatro García Barbón Vigo	
6	03/08/2025	12.00	Concatedral Vigo	Misa Cristo - Coral Casablanca
7	20/09/2025	20.00	Audit. Colegio La Enseñanza Vigo	Coral Casablanca
8	18/10/2025	20.30	Salón Noble Náutico de Vigo	Componentes Honor - Coral Casablanca
9				
10				
11	Sin fecha		Sin determinar	Gala Premios Ardan Zona Franca De Vigo - Coral Casablanca

Ensayos de la Coral Nov.2024 a Nov.2025

MES / AÑO	NÚMERO
2024	
Noviembre	21
Diciembre	26
2025	
Enero	21
Febrero	21
Marzo	22
Abril	24
Mayo	26
Junio	22
Julio	14
Agosto	NADA
Septiembre	21
Octubre	22

TOTAL: 190 (Ensayos de todas las agrupaciones)

A memoria económica que se incorpora ao expediente, achegada pola ASOCIACIÓN, contén o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 88.000 € (OITENTA E OITO MIL EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 42.500 €
- Socios: 23.500 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- Donacións: 15.000 €
- Ingresos por billeteira: 7.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 5 de febreiro do 2025

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca de Vigo, para a organización do programa de concertos da temporada 2025, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca de Vigo para a organización do programa de concertos con cargo ao orzamento 2025, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Fundación Coral Casablanca de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca de Vigo” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos da temporada 2025 (do 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025), figurando na aplicación **3340.480.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 42.500 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación , por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables os realizados entre o 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025 que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas e que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e, Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 42.500 € (corenta e dous mil cincocentos euros) á Fundación Coral Casablanca, CIF. G-27753771, para o financiamento do programa de concertos da temporada 2025 (do 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025), organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 “FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Coral Casablanca que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos da temporada 2025”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO”, PARA O FINANCIAMENTO DO

PROGRAMA DE CONCERTOS DA TEMPORADA 2025 (do 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025)

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024.

Doutra, D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa condición de presidente da Fundación Coral Casablanca de Vigo (CIF: G-27753771) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Urzaiz núm 18, 5º, da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FUNDACION CORAL CASABLANCA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e co-laborar economicamente na execución da programación da "**FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA**", como medio que é de promover a música na cidade.*

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.03, como subvención nominativa, a favor de FUNDACION CORAL CASABLANCA, PROGRAMA DE CONCERTOS a cantidade de 42.500 euros.

*IV.- Que a **FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2025 (do 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do 2025), que se detalla na documentación achegada pola entidade

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 88.000 € (NOVENTA MIL NOVECIENTOS CINCUENTA EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 42.500 €
- Socios: 23.500 €
- Donacións: 15.000 €
- Ingresos por billeteira: 7.000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

RELACION DE CONCERTOS A CELEBRAR NO PERÍODO DO 15 NOVIEMBRE 2024 A NOVIEMBRE 2025

	DÍA	HORA	LUGAR	INFORMACIÓN
1	14/12/2024	20.30	Teatro García Barbón Vigo	Navidad - Coral Casablanca y Orquesta

2

20/12/2025

12.00

Teatro García Barbón Vigo

Ensayos de la Coral Nov.2024 a Nov.2025

3	C			
4	2	MES / AÑO	NÚMERO	
5	1	2024		
6	0	Noviembre	21	
7	2	Diciembre	26	
8	1	2025		
9		Enero	21	
10		Febrero	21	
11	5	Marzo	22	
		Abril	24	
		Mayo	26	
		Junio	22	
		Julio	14	
		Agosto	NADA	
		Septiembre	21	
		Octubre	22	

TOTAL: 190 (Ensayos de todas las agrupaciones)

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ignacio Pérez Amoedo, presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento anual do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (42.500 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranza a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Estipúlanse dous pagamentos según o seguinte:

a) Un **primeiro pagamento a realizar no mes de xullo** e que se tramitará previa solicitude, na que se aboarán os gastos correspondentes as actividades efectuadas e xustificadas até o 30 de xuño do 2025.

b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente as actividades realizadas e xustificadas entre o 1 de xullo e o 9 de novembro do 2025. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 11 de novembro do 2025.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2024 e o 10 de novembro do 2025, **e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas** e que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará conxuntamente aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto

presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2025

<u>INGRESOS</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>GASTOS</u>	<u>IMPORTE</u>
Remesa Socios	23.500,00 €	Pago Facturas	15.050,00 €
Donaciones	15.000,00 €	Seg. Soc. e IRPF	17.450,00 €
Org. Públicos	42.500,00 €	Nóminas	35.500,00 €
Taquilla	7.000,00 €	Convenio Náutico	20.000,00 €
TOTAL	88.000,00 €	TOTAL	88.000,00 €

DONACIÓNS

<u>EMPRESA</u>	<u>IMPORTE</u>
Armadora Pereira, S.A.	3.000,00 €
Fcc Medio Ambiente, S.A.U.	2.000,00 €
Maio Galicia, S.L.P.	1.000,00 €
Mascato, S.A.	3.000,00 €
Pescapuerta, S.A.	3.000,00 €
Suflenor, S.A.	1.000,00 €
Suflenor Aduanas, S.L.	1.000,00 €
Suflenorsa Transitarios, S.L.	1.000,00 €
TOTAL	15.000,00 €

20(124).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR, NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DE ACCESO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E A ROTONDA DE CONFLUENCIA COA RÚA RAMIRO PASCUAL”. EXPTE. 6603/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/02/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe de Área e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 10.07.2024 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil Interurban, SAU.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR, NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DE ACCESO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E A ROTONDA DE CONFLUENCIA COA RÚA RAMIRO PASCUAL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Roberto José Aya Vidal.

III.- O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 09.12.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 10.12.2024, a proposta do Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- O ámbito da actuación do presente proxecto emprazase dentro do Concello de Vigo, na estrada Clara Campoamor, no tramo comprendido entre a rotonda de acceso ao hospital Álvaro Cunqueiro e a glorieta de confluencia coa rúa Ramiro Pascual. As obras previstas recóllense nos seguintes capítulos:

- Actuacións previas: Demolicións, retirada de arborado,...
- Movimientto de terras: Desmontes, terrapléns e muros de perpiaños.
- Execución de servizos urbanos.
- Rede de drenaxe.
- Rede de saneamento (renovación).
- Rede de abastecemento de auga.
- Renovación da rede de alumeadado público (renovación).
- Rede de distribución de enerxía eléctrica.
- Pavimentado de beirarrúa.
- Renovación completa da capa de rodadura.
- Pintado das marcas viais.
- Semaforización.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CINCO) 5 meses.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Dirección de Augas de Galicia de data 11.02.2025, autorizando as obras do proxecto de “Humanización da estrada Clara Campoamor, no tramo comprendido entre a rotonda de acceso ao Hospital Álvaro Cunqueiro e a rotonda de confluencia coa rúa Ramiro Pascual”, condicionada ó cumprimento das condicións recollidas na mesma.

VI.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 17.02.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(...

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 29 de abril de 1993. A aprobación definitiva de dito PXOU de 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05//1993 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 133, o 14 de xullo de 1993.

Así mesmo, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional, redactado polos servizos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, ao amparo da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas

fiscais, administrativas e de ordenación; foi aprobado definitivamente polo pleno o 24/07/2019, publicado no DOG nº 160 do 26/08/2019 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 181 do 20 de setembro de 2019. O IOP recupera parte do solo urbano do Plan Xeral do ano 2018 que foi anulado por sentenza e trátase dunha ordenación que, tal e como o seu propio nome indica, ten unha vixencia temporal mentres se tramita un novo plan.

Segundo o PXOU de 1993 a parcela está clasificada como solo rústico e cualificado como vía pública.

Atendendo ao indicado polo Plan Básico Autonómico, non se identifican áreas de protección de elementos catalogados de especial protección de patrimonio cultural.

En data 11 de febreiro de 2025 Augas de Galicia resolve outorgar a autorización ao Concello de Vigo.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **"HUMANIZACIÓN DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR, NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DE ACCESO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E A ROTONDA DE CONFLUENCIA COA RÚA RAMIRO PASCUAL"**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Roberto José Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CINCOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.232.534,85 EUROS) e con sinatura dixital de data 9 de decembro de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(125).- APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 3 DO PEPRI DE BOUZAS. EXPTE. 5312/401.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/02/2025, asinado pola técnica xurídica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo Xerente de Urbanismo e pola concelleira delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I. En data 16.07.2024 (Doc. Núm. 240223576; Cod.Sol.: W1138199-7513) ,D. Marcos Lorenzo Gómez con DNI núm. 36085204K e/r da Xunta de Compensación do Polígono 3 do PEPRI de Bouzas, insería no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo, impreso de solicitude e documentación técnica a el xuntada consistente no Proxecto de Estatutos e Bases da «Xunta de Compensación do ámbito do Polígono 3 do PEPRI de Bouzas» adaptados a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e ao Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

I.II. En atención ao instado, en data 24.07.2024 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, ditou Resolución pola que se dispuxo o inicio do presente expediente; Da dita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU en sesión ordinaria do día 30.07.2024, no exercicio debido das labores de control que estatutariamente ten conferidas.

I.III. Á vista da documentación presentada, e trala emisión dos correspondentes informes técnicos e xurídicos que obran incorporados ao expediente electrónico de razón, o día 18.10.2024 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo: *PRIMEIRO: Prestar aprobación inicial ao proxecto de «Estatutos e Bases de actuación do polígono 3 da Xunta de Compensación do ámbito do Polígono 3 do PEPRI DE BOUZAS»- presentados no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo en data 16.07.2024 (Doc. Núm. 240223576; e Cod.Sol.: W1138199-7513) por M.L.G no seu nome e/r do resto dos propietarios que impulsan o presente procedemento, e que representan máis do 50% da superficie do polígono, en base e de conformidade co exposto no corpo da presente.SEGUNDO: Aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 302 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sométese o presente acordo así como o proxecto de «Estatutos e Bases de actuación do polígono 3 da Xunta de Compensación do ámbito do PEPRI de BOUZAS» a información pública polo prazo de (1) un mes, mediante a inserción do acordo no “Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”, así como nun dos periódicos de maior circulación da provincia, xunto co proxecto de Estatutos e Bases aprobados inicialmente, así como na sede electrónica do Concello de Vigo.TERCEIRO: Notificar o presente acordo, de xeito individualizado aos propietarios ou titulares de contido patrimonial no polígono, a fin de que, por idéntico prazo (1) mes, formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto de estatutos e bases de actuación, rexeitando calquera outra obxección ou reparo, e soliciten a súa incorporación.CUARTO: O contido íntegro do proxecto inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=cas, no apartado de Xestión/Execución do planeamento.*

I.IV. En cumprimento do dito acordado, someteuse o presente expediente ao preceptivo trámite de información pública, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios no BOPPO núm. 226 do 20.11.2024, no diario “Faro de Vigo” de data 25.10.2024, así como na web municipal do Concello de Vigo; Asemade, procedeuse a notificación individualizada aos propietarios e/ou titulares de contido patrimonial no polígono, do xeito e co resultado, que obra acreditado no expediente electrónico de razón.

I.V. En data 25.11.2024 Marcos Lorenzo Gómez (Doc. Núm. 240373184; Cod.Sol.: W1215410-29) na calidade invocada, presenta a través do rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo, escrito e plano parcelario do ámbito, no que se identifican as parcelas catastrais que o conforman.

I.VI. En data 09.01.2025 (Doc. Núm. 250005111, Doc. Núm. 250005139 e Doc. Núm. 250005157), tiña entrada no rexistro electrónico desta XMU, senllos escritos asinados dixitalmente por Juan José Fernández- Ricoy Gestoso, polo que manifesta no seu propio nome e dereito a súa incorporación a futura Xunta de Compensación, e achega escritura de poder.

I.VII. En data 04.02.2025 a xefa do rexistro da XMU estende dilixencia, na que fai constar que, “(..) aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 302 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sometéuse o “Proxecto de Bases e Estatutos de actuación do polígono 3 da Xunta de Compensación do ámbito do PEPRI de Bouzas”, inicialmente aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 18



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

de outubro de 2024, ao preceptivo trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios nun dos diarios de maior circulación na provincia (Faro de Vigo do 25 de outubro de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 226, do 20 de novembro de 2024), na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial do Estado (número 3, do 3 de xaneiro de 2025).

Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún(..)”

En base a mesma, con data 04.02.2024 o secretario da XMU co visto e prace da Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, estenden certificación de fin de exposición pública, nos mesmos termos que a antedita dilixencia.

II. FUNDAMENTOS LEGAIS/VALORACIÓN XURÍDICA

II.I. Normativa examinada

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II. Proxecto de Estatutos e de Bases de actuación: Iniciativa e contido mínimo esixido

Ao presente procedemento resúltalle de aplicación o previsto no artigo 123 da LSG, así como o establecido no Regulamento da Lei do Solo de Galicia,- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, (en diante RLSG), - no seu Título IV, Capítulo VI. Sistemas de actuación, Sección 5ª, Subsección 2ª - artigos 299 a 304.

Seguindo a narración dada polo artigo 299.1 do RLSG, “A aplicación do sistema de compensación requirirá que os propietarios presenten o proxecto de estatutos e bases de actuación e que no momento da súa aprobación definitiva superen o 50% da superficie do polígono. O proxecto indicado poderá presentarse no Concello simultaneamente co planeamento detallado ou mentres o mesmo se encontra en tramitación e, como máximo no prazo de tres meses, acontar dende a aprobación definitiva do referido planeamento”.

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación núm. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993, nomeado de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia” aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993e BOP do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas.

O Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Bouzas,(PEPRI BOUZAS) aprobado definitivamente por acordo do Pleno do Concello de Vigo, de data 30.09.2002 (BOPPO núm. 216, do 11.11.2002), delimitou varios ámbitos de solo urbano non consolidado,(polígonos), a desenvolver polo sistema de compensación, entre eles o denominado polígono 3 de Bouzas (Exp. 5826/411); Na Memoria xustificativa do PEPRI de Bouzas, reflíctese que a execución do presente ámbito de actuación, efectuarase polo sistema de compensación.

Pola súa banda, compre indicar que, o documento da “Revisión do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, na súa versión para aprobación provisional”, tramitado baixo o expediente núm.5313/411, foi aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar o día 28.12.2023. Neste documento, pendente de aprobación definitiva, o polígono 3 está dentro do denominado API-201. Na normativa deste planeamento xeral, establecece na súa Disposición final cuarta que: “Plan Especial de Protección e Reforma Interior de Bouzas. Aprobado definitivamente o 30.09.2002 (DOG 21.11.2002), API- 201, incluso o seu planeamento de desenvolvemento ou modificacións aprobados, seguirá desenvolvéndose conforme ás súas determinacións. Teñen a cualificación de solo urbano non consolidado os polígonos que se identifican como tal no instrumento. Conforme ao establecido na Disposición Transitoria Primeira da LSG nestes polígonos estarase ás determinacións que se establecen na mesma, para o seu desenvolvemento e a súa xestión.

Neste senso, os promotores da presente iniciativa, acreditan documentalmente a propiedade dunha superficie rexistral de 6.484,40 m², que representa unha porcentaxe do 55,76% da superficie do ámbito, superior ao 50% esixido pola lexislación de aplicación.

Pola súa banda, e no que respecta ao contido dos proxectos e bases de actuación presentados, estes adecúanse na súa integridade, ao contido mínimo esixido polos artigos 300 e 301 do RLSG.

II.III. Procedemento de aprobación

O artigo 302 do RLSG, establece que, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación inicial, publicando dito acordo de aprobación no *Boletín oficial da Provincia* e nun dos periódicos de maior difusión, e o someterá a información pública polo prazo de (1) un mes. De xeito simultáneo, notificarase individualmente aos propietarios ou titulares de dereitos patrimoniais no polígono, a fin de que, por idéntico prazo, formulen as alegación pertinentes sobre o proxecto das bases de actuación e estatutos e soliciten a súa incorporación.

Tal e como se indicou no relato de feitos, no preceptivo trámite de información pública, non se presentou escrito de alegación algún.

Dado o que antecede, e de conformidade co previsto no artigo 303.2 do RLSG, concluída a fase de información pública, o órgano municipal competente deberá outorgar a aprobación definitiva no prazo máximo dun mes.

II.IV. Órgano competente

En virtude do disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

«ACORDO:

PRIMEIRO: Prestar aprobación definitiva ao proxecto de «Estatutos e Bases de actuación da Xunta de Compensación do ámbito do Polígono 3 do PEPRÍ de Bouzas» a instancia da súa Xunta de Compensación, solicitude e documentación presentada no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo en data 16.07.2024 (Doc. Núm. 240223576; e Cod.Sol.: W1138199-7513) por M.L.G no seu nome e/r do resto dos propietarios que impulsan o presente procedemento, e que representan máis do 50% da superficie do polígono, en base e de conformidade co exposto no corpo da presente.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo a Xunta de Compensación aos efectos previstos no artigo 303.4 a) do RLSG, requiríndolles para que se constitúan en Xunta de compensación mediante escritura pública ou documento protocolizado notarialmente, no prazo máximo de tres meses dende a adopción do presente acordo,- co contido establecido no artigo 305.5 do RLSG, da que deberán achegar copia autorizada a esta Xerencia municipal de urbanismo, o que determinará a adquisición da súa personalidade xurídica e plena capacidade de obrar.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo, ao resto de propietarios do polígono e dos sistemas xerais afectados, indicándolles que poderán igualmente adherirse a Xunta de compensación, nun prazo máximo de tres (3) meses, a contar dende a adopción do presente acordo, en igualdade de dereitos e obrigacións que os propietarios promotores do proxecto, advertíndolles que, segundo o establecido no artigo 303.4.b) do RLSG, de non ser así, a falta de incorporación a Xunta de compensación, poderá comportar a expropiación u ocupación das súas fincas pola administración actuante a favor da Xunta de Compensación, de conformidade co previsto no artigo 306 do RLSG.

CUARTO: Nomear como representante municipal no órgano reitor da Xunta de Compensación a arquitecta municipal xefa do servizo de planeamento e xestión desta XMU.

QUINTO: Publicar o presente acordo de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como na sede electrónica municipal no seguinte enderezo https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=cas, no apartado de Xestión/Execución do planeamento, e proceder a súa notificación individualizada a todos os propietarios e titulares de dereitos reais no polígono así como a quen comparecese no expediente, coa indicación de que perante o mesmo cabe interpor, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante esta administración municipal no prazo dun (1) mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses.

Non obstante, a presente proposta non ten carácter vinculante e o órgano competente, decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 11/02/2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(126).- CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA. EXPTE. 1107/400.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/02/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal, Xefa da Área Técnica da XMU deste Concello con data do 16/01/2025 sobre a necesidade de proceder á modificación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa e consonte o establecido no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, cabe emitir informe xurídico sobre o procedemento a seguir con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

1º) O Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2013 aprobou definitivamente o texto da ordenanza reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 235 do 09 de decembro de 2013.

2º.-) Dita Ordenanza foi modificada en canto ós seus anexos por resolucións da Vicepresidenta da XMU de datas 20.01.2014 (BOP n.º 53, do 18.03.2014), para adaptala á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, de 06.03.2014 (BOP n.º 103, do 30.05.2014), 12.11.2015 (BOP n.º 2, do 05.01.2015), 15 de marzo de 2019 (BOP n.º 101, do 29 de maio de 2019), 14.07.2020 (BOP n.º 142, do 27 de xullo de 2020), 18.11.2022 (BOP n.º 242, de 21 de decembro de 2022), 17 de xaneiro de 2023 (BOP n.º 29 de 10 de febreiro de 2023) e 29 de maio de 2024 (BOP n.º 111, de 07 de xuño de 2024) para adaptala a Lei 11/2022 de 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións.

3º.-) O Plan Normativo anual do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025 aprobado polo Pleno do Concello na sesión de data 25.11.2024 inclúe a modificación da devandita Ordenanza motivo polo cal con data 29/01/2025 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu, mediante Decreto, incoar o expediente administrativo para a tramitación e aprobación da modificación da “Ordenanza reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa”, nomeando instructor a este informante.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

4º.-) Con data 29/01/2025 se formulou por este informante proposta do inicio do expediente para abrir o trámite de consulta pública da modificación da Ordenanza ao Consello da Xerencia, o cal tomou coñecemento da mesma en sesión celebrada o 5 de febreiro do 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: arts. 129 e 133.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local: arts 4.1 a), 22.1 d) (municipios de réxime común) e 127.1 (municipios de gran poboación).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 7.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

II. CONCEPTO E CONTIDO

O artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local atribúe aos municipios na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentaria e de auto-organización.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPAC), no seu Título VI, dedicado á iniciativa lexislativa e a potestade de pronunciar regulamentos, recolle unha nova regulación respecto á normativa anterior, facendo referencia aos principios de boa regulación aos que as Administracións Públicas han de axustar o exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria. Así, no seu artigo 129 establece que as Administracións Públicas actuarán consonte os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Neste sentido, en aras a incrementar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, o artigo 133 impón a obrigação de substanciar unha consulta pública con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento, ordenanza ou disposición xeral que se prevea a través do portal web da Administración Pública competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados acerca dos problemas que se pretende solucionar coa iniciativa; a necesidade e oportunidade da

súa aprobación; os obxectivos da norma e, por último, as posibles alternativas regulatorias e non regulatorias. O informe emitido pola arquitecta municipal, Xefa da Área Técnica da XMU deste Concello con data do 16/01/2025 sobre a necesidade de proceder á modificación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa contén os aspectos que pretende solucionar a modificación da ordenanza a tramitar.

III. CARACTERÍSTICAS

Como características da consulta previa podemos sinalar as seguintes:

- é un trámite de carácter obrigatorio, agás as excepcións sinaladas no apartado 4 do artigo 133.
 - realízase con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento, ordenanza ou outra disposición xeral.
 - deberá poñerse ao dispor dos potenciais destinatarios da norma e de quen pretenda realizar achegas, para que teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, os documentos necesarios que serán claros e concisos e reúnan toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia (apartado 3 do artigo 133). É obvio que no momento en que se produce a consulta previa aínda non existe o proxecto da ordenanza, regulamento ou disposición xeral que se pretende elaborar, de modo que os documentos para expoñer (que non se mencionan no precepto citado) deberán conter simplemente información expresiva e suficiente sobre os extremos anteriormente indicados que se relacionan no apartado 1 do artigo 133 da LPAC.
 - a consulta previa substanciarase a través do portal web da Entidade Local correspondente.
 - . os destinatarios serán os suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola nova norma.
 - a participación cidadá na consulta pública previa o será sen prexuízo dos trámites de audiencia pública que procedan legalmente.
 - prazo: o artigo 133 da LPAC non o sinala expresamente, pero o seu apartado terceiro establece que a consulta deberá realizarse de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que poidan poñerse ao seu dispor os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.
- Por analoxía co efectuado noutros expedientes de tramitación de Ordenanzas, establécese un prazo de vinte días para a consulta previa pública.
- efectos: o resultado da participación só ten efectos administrativos internos preparatorios da redacción do proxecto de modificación de ordenanza; en consecuencia, non é vinculante para a Entidade Local que os elabora. Non se trata dunha negociación entre cidadáns e Administración. Con todo, resultará útil tomar en conta o manifestado, en canto resulte preciso, con iso



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

lograrase previsiblemente a mellor aceptación da futura norma polos seus destinatarios e unha menor litixiosidade contra a mesma.

IV. EXCEPCIÓNS

Só pode prescindirse deste trámite, segundo o apartado 4 do artigo 133 da LPAC, no caso da elaboración de:

- Normas orzamentarias
- Normas organizativas
- Cando concorran razóns graves de interese público, (na tramitación das normas), que así o determinen.
- Proposta normativa que non teñan un impacto significativo na actividade económica.
- Proposta normativa que non imponha obrigacións relevantes aos destinatarios.
- Proposta normativa que regule aspectos parciais dunha materia.
- Proposta normativa para as que se acorde a súa tramitación urxente.

V. PROCEDEMENTO E ÓRGANO COMPETENTE

O trámite de consulta previa substanciase con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da ordenanza, polo que nesta fase do procedemento o texto íntegro da norma modificada non se coñece.

En relación co órgano competente para ordenar ao trámite de consulta previa habemos de considerar ante o silencio da norma reguladora que corresponderá a Xunta de Goberno Local, mediante Providencia ou Proposta, xa que o artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón que “corresponde á Xunta de Goberno Local: a) A aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e as súas comisións”.

Deberase elaborar e poñer ao dispor da cidadanía unha descrición clara e concisa dos extremos da consulta, xunto con todos os documentos necesarios, os cales serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia, tal e como sinala o artigo 133.3 da LPAC.

VI. INFORME DE EVALUACIÓN

O departamento competente en materia de participación cidadá poderá elaborar un informe de participación e colaboración, no que se recolla o resultado do proceso participativo, os medios empregados e a avaliación de como esa participación condicionou ou influíu na actuación administrativa.

O Concello de Vigo, facilitará a máis ampla información sobre a consulta previa e a participación dos cidadáns nela, por así dispoñelo o artigo 251.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

De feito, en cumprimento das obrigacións de transparencia da información de relevancia xurídica, consonte o establecido no artigo 7 a), d) e e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberanse publicar as respostas á consulta exposta na medida que supoñan unha interpretación do Dereito ou teñan efectos xurídicos, así como as memorias e informes que conformen os expedientes de elaboración dos textos normativos e os documentos que conforme a lexislación vixente, deban ser sometidos a un período de información pública.

A citada publicación realizarase na sede electrónica, portal ou páxina web do Concello de Vigo, e non estaría de máis avisar mediante correo electrónico dirixido aos Colexios profesionais de Arquitectos, Arquitectos técnicos e Enxeñeiros de toda clase, así como a Asociación de promotores da existencia de dito trámite de consulta previa.

Con data 29/01/2025 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo resolveu, mediante Decreto, incoar o expediente administrativas para a tramitación e aprobación da modificación da “Ordenanza Reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.”

De acordo coa normativa de aplicación (artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), previa toma de coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da modificación da “Ordenanza Municipal Reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2013”, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do presente acordo.

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo ao Servizo de Administración Electrónica para apertura do trámite de consulta na sede electrónica e no portal da transparencia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo á Concellería delegada de Urbanismo e publicar o presente acordo na intranet municipal, sede electrónica e no portal da transparencia e envialo por correo electrónico aos distintos Colexios profesionais implicados (Arquitectos, Arquitectos técnicos e Enxeñeiros de toda clase, e Avogados), e á Asociación de promotores inmobiliarios.

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e o órgano competente poderá decidir, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 04/02/2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

ELABORACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENAZA URBANÍSTICA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO

TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA AO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DA NORMA

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dos proxectos ou anteprojectos da lei e regulamentos, substanciarase unha consulta pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, lévase a cabo a consulta previa no procedemento para a modificación da Ordenanza reguladora tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.

A) Antecedentes da norma	En data 28.10.2013, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo
--------------------------	--

	aprobou definitivamente a Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, que foi publicada no BOP n.º 235, do 09.12.2013 e modificados os seus anexos por resolucións da Vicepresidenta da XMU de datas 20.01.2014 (BOP n.º 53, do 18.03.2014), 06.03.2014 (BOP n.º 103, do 30.05.2014), 12.11.2015 (BOP n.º 2, do 05.01.2015), 15 de marzo de 2019 (BOP n.º 101, do 29 de maio de 2019), 14.07.2020 (BOP n.º 142, do 27 de xullo de 2020), 18.11.2022 (BOP n.º 242, de 21 de decembro de 2022), 17 de xaneiro de 2023 (BOP n.º 29 de 10 de febreiro de 2023) e 29 de maio de 2024 (BOP n.º 111, de 07 de xuño de 2024). A nomeada Ordenanza municipal ten por obxecto a regulación dos procedementos de intervención e control do Concello de Vigo nos casos de obras e actividades que pola súa entidade, incidencia no contorno urbanístico ou no ambiente, teñan que someterse ao réxime de licenza, declaración responsable ou comunicación previa, segundo o caso. Mediante a aprobación desta Ordenanza, o Concello de Vigo facilitou e facultou a posta en marcha de actividades económicas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio e a Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, así como doutras non incluídas de menor impacto ambiental e obras ligadas ao acondicionamento de locais que non requiriran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación, co fin de estender a eliminación de trabas e axilización administrativa a outras actividades. Sen embargo, dende a súa entrada en vigor téñense sucedido diversas modificacións normativas con incidencia directa nas previsións da vixente Ordenanza municipal A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no que se establece un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia, eliminando de xeito pleno e efectivo a licenza de apertura previa á instalación e ao inicio da actividade, establecendo a comunicación previa como réxime xeral de intervención administrativa no exercicio das actividades económicas. Posteriormente a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de
--	--



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

	espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia introduce unha serie de modificacións na antedita Lei no que atinxe ao réxime de intervención administrativa nas actividades recreativas e nos espectáculos públicos, substituíndo, para a apertura dos establecementos abertos ao público nos que desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas, o réxime de comunicación previa polo de declaración responsable e regulando o procedemento de tramitación nos supostos nos que, por razóns de interese xeral vinculadas á orde, seguridade e saúde públicas e protección do medio ambiente, se esixe licenza previa. Cómpre tamén salientar as modificacións operadas na normativa urbanística pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e que consolidan a comunicación previa como réxime xeral de intervención administrativa, mantendo a existencia de licenza urbanística para os actos que expresamente relaciónanse na referida Lei 2/2016. Varias das modificacións posteriores, tanto da Lei como do seu regulamento, incidiron na regulación dos títulos habilitantes de natureza urbanística (licenzas e comunicacións previas), a última na recente Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Este novo marco normativo completouse co Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e que afecta tanto ás actividades inocuas como ás obxecto avaliación da incidencia ambiental e aos espectáculos públicos e actividades recreativas. O seu artigo 4 prevé a aprobación polos Concellos dunha ordenanza única que estableza a regulación integrada do exercicio das actividades e a apertura dos establecementos incluídos no seu ámbito de aplicación e, en tanto, para a plena eficacia do Decreto, resultarán de aplicación as normas subsidiarias contidas no seu Título V. Establecíase un prazo máximo de nove meses dende a publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia, para que os concellos aprobaran a Ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e apertura de establecementos públicos prevista
--	--

	seu artigo 4. Ademais da necesidade de axustar a ordenanza a este novo marco normativo, a experiencia, tras a aplicación durante mais de 10 anos da ordenanza, indícanos a necesidade mellorar algúns aspectos desta, como a regulación do control posterior das comunicacións previas e das declaracións responsables, a supresión do procedemento simplificado de licenza previa, innecesario ao converterse as comunicacións no réxime xeral de intervención administrativa ou incluír a regulación do procedemento de declaración da concreta situación urbanística no caso de obras terminadas sen título habilitante, das cales transcorre o prazo para que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística. A modificación da ordenanza inclúese no Plan Normativo anual do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025 aprobado polo Pleno do Concello na sesión de data 25.11.2024.
B) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	A adaptación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa ao actual marco normativo, e singularmente ao Decreto 44/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, permitirá a adecuación da normativa municipal á lexislación vixente, evitando os problemas interpretativos e de xerarquía normativa que poderán derivarse desa falta de adaptación. Trátase, desta forma, de avanzar na actualización da normativa municipal, contribuíndo a súa claridade e simplificación e reforzando a seguridade xurídica. Tamén busca a súa adaptación as recentes modificacións da Lei do Solo introducidas pola LEi 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais y administrativas, así como tamén á Lei Xeral de Telecomunicacións.
C) Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A iniciativa proposta trata de dar cumprimento ao preceptuado na disposición final primeira do Decreto 44/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, en virtude da que deberá o Concello de Vigo aprobar a ordenanza única de regulación integrada do exercicio de actividades económicas e a apertura de establecementos públicos prevista no apartado primeiro seu artigo 4. Ademais, esta



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

	adaptación ofrece a oportunidade de actualizar as súas determinacións á normativa actualmente en vigor. Dada a data de publicación do referido Regulamento (DOG n.º 213, do 09.11.2016) resulta oportuno atender o devandito mandato regulamentario contido na referida disposición final primeira para o mellor cumprimento dos prazos establecidos.
D) Obxectivos da norma	A modificación normativa a iniciar terá por obxecto a adaptación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa a novo contexto normativo, nomeadamente definido pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, establece un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia, polo Decreto 44/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e mesmo pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e demais de aplicación con incidencia na materia.
E) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	A opción non regulatoria conlevaría a convivencia da Ordenanza actualmente aprobada dentro dun contexto normativo que ten mudado dende a súa entrada en vigor e que obrigaría a realizar unha lectura e interpretación das disposicións municipais á luz daquel, por tratarse dunha ordenanza desactualizada e parte de cuxas determinacións deberán entenderse derogadas ou superadas por aquel. Tal como se expón, a opción regulatoria, ademais de ser a máis garante para a seguridade xurídica, ofrece tamén a oportunidade de actualizar as disposicións da referida Ordenanza municipal ao novo marco normativo vixente en materia urbanística conformado por una nova lexislación autonómica sobre o solo e unha nova lexislación autonómica en materia de actividades.

23(127).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO. EXPTE. 675/403.

Sométese a aprobación o informe proposta de data 13/02/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, a xefa do

Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. Antecedentes e Feitos

I.I. O presente expediente trae causa da sentenza núm.109/2022 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, en data 19.05.2022 recaída no P.O 118/2021, pola que, declara perante o debido notorio incumprimento da xunta de compensación dos seus deberes de urbanización, esta administración debe proceder a execución subsidiaria das obras de urbanización pendentes de execución na UA 1 do PERI II-03 Castro Castriño, e aquelas necesarias para a súa recepción total, con cargo a xunta de compensación e no caso da súa insolvencia, con fondos propios.

I.II. En cumprimento do fallo de dita sentenza, constan realizadas no expediente as seguintes actuacións/e ou trámites:

- Por parte do departamento de servizos centrais desta XMU, previos os trámites oportunos en dereito, procedeuse a contratación do servizo de redacción do proxecto de execución de execución subsidiaria das obras de urbanización no PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO, de acordo co presuposto achegado, por importe de seis mil catrocentos euros (6.400,00€) máis mil trescentos corenta e catro euros (1.344,00€) en concepto de IVE, adxudicándoa á IRIA URDAMPILLETA PÉREZ con con CIF 39.452.599D

- En cumprimento do dito contrato, con data do 08.06.2023 tiña entrada no Rexistro electrónico desta XMU, baixo o COD.SOL.: W925257-9356, impreso de solicitude asinado pola adxudicataria do dito contrato ao que xunta o “Proxecto de execución subsidiaria das obras de urbanización no PERI II-03, Castro Castriño” documentación asinada dixitalmente, e que debido ao peso dos arquivos, achega un enlace Wetransfer para a súa descarga <https://we.tl/t-owv39WxdAA>; Documentación toda ela unida ao expediente electrónico 675/403, instruído polo servizo de urbanización e infraestruturas adscrito ao Departamento de Desenvolvemento Urbanístico.

- Trala achega de diferentes entregas da documentación técnica, derivadas e dando resposta as observacións efectuadas nos informes técnicos municipais que obran incorporados ao expediente, finalmente con data 20.12.2023 (Doc. Núm 230414365) a adxudicataria do contrato, presentaba no rexistro electrónico desta XMU, a documentación final que integra o “Proxecto de execución subsidiaria de terminación das obras de urbanización do PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO”, elaborado pola arquitecta Iria Urdampilleta Pérez, colexiada núm. 4587.

- En data 09.04.2024 a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, resolveu autorizar as obras de urbanización nas rúas Tomas Alonso e Benedicto Conde, non obstante cómpre realizar unhas sondaxes arqueolóxicas mecánicas valorativas, polo que, antes da concesión da licenza municipal, o promotor deberá presentar o correspondente proxecto arqueolóxico, asinado por técnico competente, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio.

- Pois ben, dado que a intervención a efectuar, se encontra no ámbito de protección arqueolóxico de “Castro Castriño de Coia” co código GA36057009, ben incluído no inventario de xacementos arqueolóxicos do concello de Vigo e no planeamento vixente, procedeuse con data do 22.10.2024 a solicitar perante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidades, a preceptiva autorización previa, en cumprimento do disposto no artigo 3.3.3.1 do PXOU/1993 vixente do Concello de Vigo, e de conformidade co pautado nos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- Deste xeito, en data 23.10.2024,- previa contratación efectuada pola XMU- presentouse no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo, documentación técnica consistente no “*Proxecto de intervención arqueolóxica*” redactado pola entidade “Tempos Arqueólogos, SL”, dito proxecto foi presentado perante a Dirección xeral de patrimonio cultural de Pontevedra para a súa autorización.
- Finalmente, mediante oficio do Xerente de Urbanismo de data 25.10.2024, notificouse a demandante todo o ata aquí tramitado, dado que a intervención arqueolóxica a efectuar- pasa por terreos da súa titularidade. A dita notificación foi debidamente recibida pola interesada con data do 01.11.2024.

I.III. Informes municipais

Obran incorporados ao expediente, a emisión dos seguintes informes técnicos

- Informe da arquitecta do departamento de planeamento e xestión de data 09.08.2023,
- informe da arqueóloga municipal de data 25.01.2024,
- informes do enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas de datas 11.11.2024 e 02.01.2025
- informe dos arquitectos da oficina de proxectos e obras municipais de data 23.01.2025

I.IV. Informes e/ou autorizacións sectoriais

- Resolución de data 09.04.2024, da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se autoriza o proxecto de execución subsidiaria das obras de terminación do PERI II-03 Castro Castriño
- Oficio da Agencia Estatal de Seguridade Aérea, de data 07.11.2024 , polo que se comunica a esta administración da non necesariedade da autorización en materia de servidumes aeronáuticas, dado que consideran que a presente actuación se axusta ao criterio de obras mentores en materia de servidumes aeronáuticas establecido por AESA dentro das súas competencias.

II. Fundamentos de Dereito/Valoración Xurídica

II.I. Normativa examinada

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Lei 29/1988, do 13 de abril, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000,
- O resto da disposicións que poidan afectar,

II.II. Cumprimento das sentenzas nos seus puros e debidos termos

De acordo co disposto no artigo 103 da LXCA, a potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso administrativa e o seu exercicio compete ao que coñecera do asunto en primeira ou única instancia. Ademais, o precepto impón ás partes, no seu apartado segundo, a obriga de cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignent, mentres que seu apartado terceiro establece que todas as persoas e entidades públicas e privadas están obrigadas a prestar a colaboración requirida polos Xuíces e Tribunais do Contencioso-administrativo para a debida e completa execución do resolto.

Pola súa banda, o artigo 104 da LXCA dispón que, logo que sexa firme unha sentenza, o Secretario xudicial o comunicará no prazo de dez días ao órgano que realizase a actividade obxecto do recurso, a fin de que, recibida a comunicación, a leve a puro e debido efecto e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no faio e, no mesmo prazo sinala o órgano responsable do cumprimento daquel.

Pois ben, no asunto que nos ocupa, corresponde á Administración condenada levar a puro e debido efecto a sentenza ditada o día 19.05.2022 polo XCA número 2 de Vigo . Trátase dunha sentenza que deveu firme.

II.III. Alcance e contido do proxecto

O Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLSCG) recolle no artigo 225 o contido mínimo esixible aos proxectos de urbanización. Así:

1. Os proxectos de urbanización comprenderán os seguintes documentos:

- a) Memoria descritiva das características das obras
- b) Planos de información e de situación debidamente referenciados
- c) Planos de proxecto e de detalle que definan, sobre unha base cartográfica idónea e coa precisión e escala adecuadas para a súa correcta interpretación, os contidos técnicos das obras
- d) Pregos de prescricións técnicas das obras
- e) Medicións
- f) Cadro de prezos descompostos
- g) Orzamento
- h) estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan

Sobre a suficiencia e alcance da documentación técnica presentada en data 20.12.2023 (Doc. Núm. 230414365), en data 11.11.2024 o enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas emite informe técnico favorable, do seguinte teor literal:

"(..) Después de examinar el documento Doc 230414365 de 20/12/23 aportado, en el que se incluye el Proyecto de ejecución subsidiaria de terminación de las obras de urbanización del PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO redactado por la arquitecto Iria Urdampilleta Pérez, colegiada n.º 4587 cabe informar lo siguiente:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

El proyecto de ejecución subsidiaria de terminación de las obras de urbanización del PERI II-03 CASTRO CASTRIÑO presentado, está completo y es suficiente para definir las obras necesarias para terminar la urbanización; que consisten en:

- *Delimitar las parcelas privadas resultantes del PERI.*
- *Ejecutar el vial en fondo de saco que da acceso y servicios a las parcelas privadas resultantes.*
- *Ejecutar el sendero que comunica el parque de Castro Castriño con el parque público de "Tomás A. Alonso.*
- *Abrir y acondicionar para el uso público, el parque de Tomás A. Alonso.(..)".*

Por lo tanto; una vez que la administración competente, interprete los sondeos arqueológicos previos y autorice las obras, podrán licitarse estas obras para ser ejecutadas.(..)".

II.IV. Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar posteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdiccional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

Conclusión.: Cumprimentados os trámites sinalados, e tralo análise técnico e xurídico co contido e alcance de avaliar a integridade documental do proxecto, as actuacións administrativas realizadas e a súa adecuación e conformidade coa lexislación vixente que resulta de aplicación, o expediente está completo e procede propor ao órgano competente a súa aprobación

II.V. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico de data 11.11.2024 que se incorpora e forma parte da presente proposta de acordo, e lle serve de motivación consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter inicial ao «Proxecto de execución subsidiaria das obras de terminación do PERI II- 03 Castro Castriño», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 20.12.2023 (Doc. Núm. 230414365), redactado pola arquitecta I.U.P, colexiada núm.4587 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

SEGUNDO.: Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun

dos xornais de maior difusión da provincia-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada aos interesados no presente procedemento, así como as empresas operadoras de telefonía, e as prestadoras de servizos- Aqualia, Unión Fenosa e Gas Galicia.

TERCEIRO.: Notificar o presente acordo a Asesoría xurídica muniucipal, así como ao Xulgado do contencioso administrativo núm. 2 dos de Vigo, en cumprimento da obrigaón de informar dos avances acaídos nas actuación executórias.

Non obstante, a presente proposta non ten carácter vinculante e o órgano competente para a adopción do acordo, decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 18/02/2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Solicitude de subvención á Consellería de Política Social e Igualdade en base ao disposto nas bases reguladoras das subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, no marco do programa FSE+ Galicia 2021–2027. Expte. 13604/224.
- .- Adxudicación da contratación de servizos de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito. Expte. 3891/321.
- .- Subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e da Federación Viguesa de Peñas recreativas “El Olivo” para a organización dos actos do Entroido 2025. Expte. 10377/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

24(128).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE EN BASE AO DISPOSTO NAS AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE, NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021–2027. EXPTE. 13604/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o Informe de fiscalización de data 18/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/02/2025, asinado pola xefa de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que diga o seguinte:

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Orde do 3 de xaneiro de 2025, establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 25 do 6 de febreiro de 2025).

O obxecto da convocatoria é a concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopen nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade a convocatoria establece os seguintes programas:

- a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A).
- b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A).
- c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B).

Atendendo ás bases da convocatoria, cada entidade só poderá presentar unha solicitude de axuda para cada un dos programas previstos na orde.

O Concello de Vigo, a través do Servizo de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar a prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres, polo que ao longo dos últimos anos se foron consolidando distintos programas e servizos dirixidos a este fin.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.

No uso das competencias que atribúe en materia de igualdade e promoción das mulleres a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril) e por Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 19/06/23 (BOPPO núm. 123 do 27 de xuño de 2023), modificada polas Resolucións do 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024); Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023); Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024); Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e nas/os concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023), modificado polos Acordos do 28/07/2023 (BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023) e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024)].



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Vistos os requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria os programas que de seguido se indican:

a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A). Bolsas de coidado para desenvolver no domicilio (artigo 6º.2.1.a):

“Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia” (SADI)

Orzamento estimado de gastos de persoal para bolsas de coidado no domicilio no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 55.000,00 €.

Axuda solicitada: 55.000,00 € (contía máxima da axuda para este programa para solicitudes individuais, conforme establece o punto 10 do artigo 6º da Orde).

b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A). Intervención integral coas vítimas de violencia de xénero (artigo 7º.1):

“Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 13.640,00€.

Axuda solicitada: 15.000,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 9º.2 da Orde da convocatoria, corresponde a gastos indirectos, co límite da contía máxima da axuda establecida no artigo 7º.5 da Orde da convocatoria para solicitudes individuais).

c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B). Artigo 8º:

“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 105.000,00 €.

Axuda solicitada: 52.000,00 €. (Contía máxima establecida conforme co punto 5 do artigo 8º da Orde da convocatoria).

O importe total da axuda solicitada para os tres programas ascende a 122.000,00 €.

Seguindo instrucións da Secretaría Xeral, envíase o expediente á Intervención Xeral para a súa fiscalización.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta o Servizo de Igualdade por un importe total de 122.000,00 €, en base ao disposto na Orde do 3 de xaneiro de 2025 da Consellería de Política Social e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 25 do 6 de febreiro de 2025), distribuída do seguinte xeito:

a) Programa do Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A). Bolsas de coidado para desenvolver no domicilio (artigo 6º.2.1.a):

“Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia” (SADI)

Orzamento estimado de gastos de persoal para bolsas de coidado no domicilio no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 55.000,00 €.

Axuda solicitada: 55.000,00 € (contía máxima establecida no artigo 6º.10 da Orde da convocatoria).

b) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A). Intervención integral coas vítimas de violencia de xénero (artigo 7º.1):

“Programa de asistencia psicolóxica ás fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria (gastos directos): 13.640,00 €.

Axuda solicitada: 15.000,00 € (contía dos gastos directos de persoal máis un incremento do 10% sobre eses gastos que, conforme co artigo 9º.2 da Orde da convocatoria, corresponde a gastos indirectos, co límite da contía máxima da axuda establecida na Orde da convocatoria).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

c) Programa de apoio aos centros de información á muller (SI427B). Artigo 8º:

“Programa de apoio ao Centro Municipal de información dos dereitos da muller”

Orzamento estimado no período subvencionable segundo as bases da convocatoria: 105.000,00 €.

Axuda solicitada: 52.000,00 €. (Contía máxima establecida conforme co artigo 8º.5 da Orde da convocatoria).

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Consellería de Política Social de Igualdade para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

3º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Consellería de Política Social e Igualdade para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(129).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3891/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 20/02/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321) (emenda de documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de setembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación (3891/321) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do “SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 6 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas de 4 de setembro de 2024, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 447.636,04 € para a contratación do “SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904 “AT. O PUBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS ” do orzamento do concello de Vigo, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, distribuídos do xeito seguinte:

Parte fixa: 418.581,52 €

Anualidades	Importe
Ano 2024	17.440,90 €
Ano 2025	209.290,76 €
Ano 2026	191.849,86 €
total	418.581,52 €

Parte variable 29.054,52 €

Anualidades	Importe
Ano 2024	1.210,61 €
Ano 2025	14.527,26 €
Ano 2026	13.316,66 €
total	29.054,52 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 23 de xaneiro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de decembro de 2024, das licitadoras ANDANZA EMPLEA, S.L. e INTEGRACIÓN SOCIAL DE MINUSVÁLIDOS, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.-Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 23 de xaneiro de 2025 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por COMBINA SOCIAL, SL neste procedemento.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321) na seguinte orde descendente:

	EMPRESA	TOTAL PUNTOS
1	COMBINA SOCIAL, SL	90,00
2	OSGA, SL	75,78
3	NORINTEGRA	73,03
4	ILUNION CEE OUTSOURCING, SA	65,63

Cuarto.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, COMBINA SOCIAL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COMBINA SOCIAL, SL, o día 23 de xaneiro de 2025, que presenta a documentación requirida o 5 de febreiro de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de 13 de febreiro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a COMBINA SOCIAL, SL para que poida emendar a documentación relativa aos anexos IV e V do PCAP e ao apoderamento da súa representante. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación requirida.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e a certificación positiva da AEAT, ATRIGA e TXSS.
- A escritura de apoderamento e o DNI da súa apoderada.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo L, Subgrupo 6, Categoría 2) presentan a clasificación L-6-2.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo L, Subgrupo 6, Categoría 2) presentan a clasificación L-6-2.
- Certificación da inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 20 de febreiro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COMBINA SOCIAL, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COMBINA SOCIAL, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 19 de decembro de 2024 e 20 de xaneiro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de decembro de 2024, das licitadoras ANDANZA EMPLEA, S.L. e INTEGRACIÓN SOCIAL DE MINUSVÁLIDOS, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Adxudicar a COMBINA SOCIAL, SL o procedemento aberto para a contratación de servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321) por un prezo total do contrato de 341.548,24 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 59.276,97 euros e coas seguintes condicións:

- a) O prezo da parte fixa do contrato é de 312.493,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 54.234,45 euros.*
- b) A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da parte variable do apartado 3.G da FEC é do 27%.*
- c) Comprométese a realizar campañas de difusión e fomento da participación cidadá activa:*
 - Campañas en medios offline (radio, televisión ou prensa local) para dar a coñecer as instalacións dos CMD e as actividades que desenvolven, atendendo á súa periodicidade:*
 - Mensuais.*
 - Campañas en medios online (Facebook ADS, Twitter ou YouTube...) para dar a coñecer as instalacións dos CMD e as actividades que desenvolven, atendendo á súa periodicidade:*
 - Semanais.*
 - Catro (4) xornadas informativas organizadas anualmente de xeito presencial dirixidas aos colectivos e asociacións da cidade para dar a*

coñecer e fomentar a participación activa nos Centros Municipais de Distrito.

- *Catro (4) xornadas informativas organizadas anualmente de xeito presencial dirixidas aos centros educativos da cidade para dar a coñecer e fomentar a participación activa nos Centros Municipais de Distrito.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(130).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E DA FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2025. Expte. 10377/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de xurídico do 19/02/2025 e o informe de fiscalización do 20/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/02/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Servizo de Festas da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal está a traballar na organización do **Entroido 2025**, que terá lugar na nosa cidade entre os días 28 de febreiro e 5 de marzo en distintos puntos da cidade, segundo a programación que consta neste expediente.

Por este motivo, con data 6 de febreiro de 2025, a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu que se iniciase un expediente necesario para a concesión da subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e da Federación Viguesa de Peñas recreativas “El Olivo” por importe de 87.000 € (oitenta e sete mil euros)” para a organización do ENTROIDO 2025, rectificada con data 17/02/2025.

Dende o ano 1996, véñense realizando con ambas as dúas entidades convenios para o mesmo fin, así como similares, cun resultados moi satisfactorios para ambas as partes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

No vixente programa orzamentario na aplicación 3380.480.0002 (convenio organización entroido) se prevé a concesión nominativa e directa dunha subvención por importe de 87.000 €, para organización do Entroido 2025, que será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

- a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF G-36.791.291 a cantidade de 43.570,00 € (corenta e tres mil cincocentos setenta euros)
- b) A Federación Viguesa de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666 a cantidade de 43.430,00 € (corenta e tres mil catrocentos trinta euros)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A xustificación desta subvención nominativa vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais. As dúas entidades asociativas propostas aglutinan a maior parte do movemento asociativo da nosa cidade nos ámbitos sectoriais da cultura e das peñas recreativas.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais.

O expediente de referencia ten por obxecto a concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo que se formalizará a través dun convenio.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar a subvención que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O réxime xurídico de aplicación da presente subvención de carácter nominativa atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007.

O presuposto total, incluído no expediente, da achega ascende, segundo o detalle presentado pola comisión organizadora a 123.000 euros, que incluírá todos os gastos que se xeren como

consecuencia da programación e premios dos concursos recollidos nas bases deste expediente.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A proposta do texto do convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público e que permiten regular os termos da concesión.

A Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo” e Agrupación de Centros Deportivos e Culturais presentan declaración responsable de non estar incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia.

Consultadas os certificados de débedas obrantes no expediente compróbase que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo.

En relación aos seguros de RC esixidos pola cláusula décimo segunda, os mesmos deben ser verificados pola mediadora de seguros municipal unha vez presentados polas organizadoras do evento no momento da solicitude da autorización ou permiso municipal do evento obxecto desta subvención.

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da concesión da subvención nominativa, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do que antecede, e coa conformidade da Concelleira Delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, e tras os informes favorables Xurídico e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención nominativa a favor das entidades Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 e Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF- G-36.704.666, para a organización dos actos do Entroido 2025 e aprobar o texto do convenio que a regula.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto total de 87.000,00 euros a favor das entidades Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, (CIF G-36.791.291) con enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 baixo e da Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo”, (CIF- G-36.704.666) con enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº5, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 10377-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4800002 do vixente orzamento. A subvención municipal será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

- a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF G-36.791.291 a cantidade de **43.570,00 €** (corenta e tres mil cincocentos setenta euros).
- b) A Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade de **43.430,00 €** (corenta e tres mil catrocentos trinta euros).

TERCEIRO: Notificar a presente resolución ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

TEXTO DE CONVENIO PARA REGULAR OS TERMOS DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2025

Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona Patricia Rodríguez Calviño, na súa calidade de concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en

virtude do decreto da Alcaldía de data 20 e 28 de xuño de 2023 e modificación de data 28 de xuño de 2024.

E doutra

Don EDUARDO ALONSO ROMÁN presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

D. CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, estas dúas últimas denominaranse "COMISIÓN ORGANIZADORA".

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

1. Que o **Entroido** é un dos eventos festivos populares máis participativos e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista e a rúa como espazo privilexiado das festas.
2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, tales coma concursos de comparsas de carrozas e disfraces, carreira popular do Entroido, etc. e cun amplo programa de actuacións musicais, animación infantil, pregón, queima do meco, etc.
3. Que no **Entroido** participan activamente e de forma intensa diversas entidades de carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do **Entroido** na cidade de Vigo.
5. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.480.0002 (convenio Entroido), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 87.000,00 (oitenta e sete mil) euros para a organización do Entroido 2025.
6. Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Administración concedente. Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a **programación, organización e execución do Entroido 2025**, que se desenvolverá entre os días 28 de febreiro ao 5 de marzo en diversos puntos da cidade.

7. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

8. Que a Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666) e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo (CIF G-36.791.291) non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente de referencia.

Polo que, en consideración ao antes exposto, o Concello de Vigo e a COMISIÓN ORGANIZADORA establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto a organización da programación do “**ENTROIDO 2025**” que se oferta á cidade de Vigo, segundo programa das actividades e bases dos diferentes concursos que forman parte do expediente nº 10377-335.

Segunda.- Lugar e data

A programación do ENTROIDO 2025 levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación: do venres, 28 de febreiro ao mércores 5 de marzo de 2025.

A tal fin a produción destas actividades deberá suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e nas bases dos concursos, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrência.

Terceira.- Características da subvención

1º.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666) e á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo (CIF G-36.791.291), unha subvención por importe de **87.000,00 euros** para o desenvolvemento das actividades do ENTROIDO 2025, que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, na aplicación 3380.480.0002 (convenio entroido), do exercicio económico do 2025. A desagregación deste orzamento figura no expediente deste convenio (10377-335), segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

2º.- O CONCELLO DE VIGO abonará a cantidade de 87.000 €, co fin de fomentar as actividades e espectáculos que desenvolven as entidades asinantes no período do entroido nesta cidade.

O outorgamento desta subvención realizarase consonte ao procedemento legalmente establecido que esixe, unha vez executada a actividade prevista para o Entroido 2025:

- a) A presentación por rexistro de entrada do Concello de Vigo da correspondente solicitude da subvención, xunto coa memoria final das actividades realizadas, debidamente asinadas por ámbalas dúas entidades, así como o certificado de número de conta de titularidade e os certificados de débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda (ATRIGA), coa Axencia Tributaria do Estado e co Concello de Vigo (este último poder ser obtido de oficio por este Concello).
- b) Certificado de conformidade do cumprimento do programa previsto neste convenio asinado polo personal técnico da Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

A subvención municipal será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

- a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF G-36.791.291 a cantidade de 43.570,00 € (corenta e tres mil cincocentos setenta euros)
- b) A Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade de 43.430,00 € (corenta e tres mil catrocentos trinta euros)

3º.- A beneficiaria pode solicitar un pago anticipado, de ata un máximo do 40% da cantidade estipulada, na data da sinatura do presente convenio, no momento de xustificación procederase á tramitación do pagamento final pola cantidade restante. Este anticipo é necesario para poder levar a cabo as actuacións anteditas e queda condicionado á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade, tal e como se recolle no artigo 34.4. da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e na base 38.7 das de execución do orzamento xeral.

Cuarta.- Xustificación

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a COMISIÓN ORGANIZADORA está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do **1 de novembro de 2025**, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o nome de empresa, o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

No caso de que a Comisión organizadora se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se as Entidades se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinta.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e que se atopan recollidos no programa do Entroido 2025 e se realicen no exercicio económico do convenio.

Sexta.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Sétima.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitava.- A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ao público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

Novena.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Décima.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo primeira.- Establécese a seguinte composición da comisión ORGANIZADORA, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal:

- Pola Agrupación de Centros deportivos e Culturais de Vigo (CIF G-36.791.291): O interlocutor titular Don Eduardo Alonso Román e o interlocutor suplente: Don Raúl Fontán Villanueva
- Pola Federación Viguesa de Peñas Recreativas “El Olivo” (CIF.- G-36.704.666): O interlocutor titular Don Camilo País Martínez e o interlocutor suplente: Don Raul Vila Caride.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión ORGANIZADORA estará en permanente contacto co responsable da empresa contratada para a realización e coordinación do Plan de Autoprotección e medidas de Emerxencia para as actividades do Entroido 2025, así como con todo o persoal despregado, membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes.

Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal. Para facer posible este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez intercomunicadores ao seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

Décimo segunda.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.
2. Achegar a información sobre os tipos de espectáculos e actividades previstos e realizar unha previsión aproximada de asistencia do público.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. En canto á instalación e montaxe das infraestruturas necesarias para a produción, deberán contar coas certificacións técnicas esixibles e, no caso de tratarse de maquinaria e/ou vehículos, contar coa declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente a escenarios móbiles ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do mesmo (asinado polo técnico competente).
5. Boletíns eléctricos de instalación (asinados polo técnico competente).
6. Deberá presentar neste concello, con carácter previo á celebración dos actos previstos no seu programa de actividades do Entroido, o correspondente Plan de Autoprotección e de Medidas de emerxencias para o desenvolvemento da programación do Entroido 2025, con indicación expresa do seu responsable.
7. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios. Así mesmo terán que nomear os/as "Xefes/as de Equipo" encargados da coordinación das persoas voluntarias, (ata oito xefes de

equipo por entidade). Con respecto ás persoas voluntarias levarán durante o desenvolvemento das actividades nas que participen, en concreto durante o concurso de comparsas e carrozas do día 1 de marzo, o chaleco identificativo de Voluntario. Tanto o persoal contratado polas entidades, como as persoas voluntarias terán prohibido o consumo de alcohol e tabaco durante o desenvolvemento das actividades recollidas no programa.

8. Comprobar o día anterior e o mesmo día do desfile do concurso de comparsas e carrozas que a altura da iluminación do Entroido 2025, permite o paso das carrozas e máis de calquera elemento de animación inscritos nas comparsas.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento dos eventos; a comisión ORGANIZADORA entregará ao Concello copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa. O importe da póliza cumprirá o establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
10. Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente cumprir os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
11. Cumprimento do establecido no Plan de Autoprotección para os actos do Entroido 2025 ao amparo do previsto no Decreto 171/2010 e RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección que esixe o Plan de Autoprotección cando o evento popular supere o aforo de 20.000 persoas.
12. En cumprimento coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a “festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas” que establece que:

As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizar e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.
13. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable o a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.
14. Realizar as contratacións necesarias para o desenvolvemento do programa de acordo cos límites establecidos polos arts. 29 da LXS e 27 da LSG:
 - a) Animacións de rúas (murgas, charangas e grupos de animación)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

- b) Contratación da sinalización e valados de seguridade, cortes de tráfico, estrutura para persoas con mobilidade reducida, punto de encontro de nenos perdidos, megafonía, luces e son, intercomunicadores, plataforma- escenario de 8 x 6 metros como mínimo e calquera outra necesaria para o desenvolvemento do programa.
 - c) Deseño, realización e instalación do Meco.
 - d) Iluminación ornamental para os espazos adicados ao Entroido 2025.
 - e) Escenografía do pregón, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Meco.
 - g) Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil.
 - h) Decoración do espazo para o desenvolvemento dos concursos.
 - i) Servizos de cruz vermella.
 - j) Megafonía e iluminación.
 - k) Elaboración do Plan de Autoprotección, inscrición do REGAPE e coordinación de seguridade nos eventos programados.
 - l) Calquera outro gasto necesario para o bo desenvolvemento do programa.
15. Devolver os equipamentos cedidos polo Concello e os lugares onde se desenvolvan as actividades nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión ORGANIZADORA, dentro do período de vixencia do presente convenio.
16. Comunicar os posíbeis cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para acadar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posíbel, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).
17. Asumir todos os seguros relativos ás infraestruturas, actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.
18. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.
19. Presentar na Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).

20. Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
21. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.
22. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen o desfile-concurso de comparsas, concursos de disfraces infantil e adultos e enterro do Meco nos lugares de concentración e percorrido establecidos.
23. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces previstos, conforme as bases e que se achega ao expediente e no orzamento.
24. A comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, material gráfico, animación infantil e material estenográfico.

Décimo terceira.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

- O Concello de Vigo comprométese a achegar as cantidades mencionadas na cláusula terceira puntos 1, 2 e 3, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2025, segundo o orzamento que figura no expediente.
- O servizo de Festas da Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias.
- O Servizo de Festas facilitará na medida do posible a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2025 recollidas na programación.

Décimo cuarta.- A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido 2025 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ao aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

Décimo quinta.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora.

Décimo sexta.- A Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo sétima.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer as entidades beneficiarias da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1851/1102

ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo oitava. – Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto de presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo novena.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Viséxima.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei

de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

27(131).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez